4 P HDFYIUVBNOBC

4.1. Saúde

4.2. Pobreza e cohesiónn social

4.3. Cobertura social

4.4. Medio ambiente e desenvolvemento sostible

4.5. Ocio e cultura



4.1. Contexto econ

O estudo da sanidade, como principal marcador da calidade de vida e do benestar social da poboación, parte, dende un punto de vista cuantitativo e estatístico, cunha breve referencia ao peso da sanidade nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2024. A continuación, analizaranse os indicadores de saúde propiamente ditos, pasando posteriormente a analizar os indicadores de centros sanitarios, as doazóns e transplantes, e, por último a evolución de indicadores de gasto sanitario público.

A análise orzamentaria do gasto sanitario para o ano 2024 está vinculada ao Plan Estratéxico de Galicia 2023-2030 aprobado en setembro de 2022. En concreto dentro do eixe 1 do devandito Plan: "Reto demográfico" se recolle o obxectivo de "Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade (IV.1.4.), con máis de 5 mil millóns de euros previstos, sendo o programa de gasto más importante en termos cuantitativos o 412A- Atención hospitalaria con 3.312,7 millóns de euros (**cadro 4.1.2.**).

Os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia nas partidas de produción de bens públicos de carácter social, dedica, para o exercicio 2024, á sanidade 4.936,1 millóns de euros, importe un 4,1% superior ao orzamento homoxeneizado do ano anterior. Tendo en conta a clasificación funcional do gasto orzamentario e considerando ademais un horizonte temporal máis amplo, o **cadro 4.1.2.** mostra como o descenso dos recursos orzamentarios dedicados á sanidade (función 41) como consecuencia do impacto da crise económica (-1,1% de media anual acumulativa entre os anos 2008 e 2014) é superado polo incremento experimentado a partir de 2014, de tal xeito que o orzamento inicial dedicado en 2024 é un 41,9% superior ao dedicado en 2008.

Dentro da clasificación de bens públicos de carácter social (**cadro 4.1.1.**) a importancia relativa da sanidade aumenta unha décima no último exercicio ata o 59,9% dos créditos totais. No que atinxe á distribución do gasto nos cinco programas integrados dentro da función 41.- Sanidade, o **cadro 4.1.2.** mostra que o orzamento para os programas de Atención hospitalaria e atención primaria, programas 412A e 412B, acenden a 3.312,7 e 1.583 millóns de euros, respectivamente, o que implica incrementos interanuais do 3,4% e 3,7%

Orzamento de gastos da Administración Xeral 2023-24.
Produción de bens públicos de carácter social

	2024	2023	24/23
		(en miles de €)	*(%)*
Total	**8.237.259**	**7.927.673**	**3,9**
4.1 Sanidade	4.936.119	4.742.190	4,1
4.2 Educación	2.847.410	2.783.587	2,3
4.3 Cultura	105.435	104.459	0,9
4.4 Deportes	56.226	44.072	27,6
4.5 Vivenda	160.699	125.627	27,9
4.6 Outros servizos comunitarios e sociais	131.371	127.739	2,8

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

4.1.1.

Orzamento consolidado dentro da función 41.- Sanidade. Distribución por programas (1)

	2019	2020	2021	2022	2023	2024	24/23
			(en miles de euros)				
41.- Sanidade	**3.985.498**	**4.107.324**	**4.582.606**	**4.584.079**	**4.967.186**	**5.165.220**	**4,0**
411A.- Dirección e servizos xerais de sanidade	56.757	62.306	75.240	68.202	60.556	72.765	20,2
412A.- Atención hospitalaria	2.551.665	2.616.408	2.959.909	2.973.481	3.204.635	3.312.683	3,4
412B.- Atención primaria	1.248.465	1.294.801	1.391.315	1.389.097	1.526.606	1.582.967	3,7
413A.- Protección e promoción da saúde pública	75.954	78.569	96.720	90.798	106.368	117.912	10,9
414A.- Formación de graduados e postgraduados	52.657	55.240	59.422	62.501	69.021	78.893	14,3

(1) Datos extraidos dos orzamentos do ano de referencia

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

Distribución do orzamento 2024 do PA.1.4. por programas de gasto

	Importe	
	(en euros)	*(% / total)*
PA.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e	**5.247.100.792**	**100**
212A - Protección civil e seguridade da comunidade autónoma	42.000	0,001
411A - Dirección e servizos xerais de Sanidade	72.373.219	1,38
412A - Atención hospitalaria	3.312.424.256	63,13
412B - Atención primaria	1.582.967.105	30,17
413A - Protección e promoción da saúde pública	117.911.925	2,25
414A - Formación de graduados e posgraduados	78.893.478	1,50
441A - Promoción da actividade deportiva	56.225.913	1,07
561C - Investigación sanitaria	26.262.896	0,50

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

4.1.2.

respectivamente, representando conxuntamente estes dous programas o 94,8% do orzamento consolidado inicial para sanidade.

En base aos créditos recoñecidos no orzamento inicial de gasto, a atención hospitalaria é o programa que dispón dun maior volume de recursos, concentrando o 64,1% dos recursos da sanidade no orzamento inicial, catro décimas menos que no orzamento de 2023, pero 7,8 puntos porcentuais máis que o presupostado en 2008. Así mesmo, os recursos para a atención primaria teñen un peso relativo en 2023 unha décima por debaixo do ano anterior, acadando o 30,6% do orzamento consolidado para sanidade no ano 2024 (37,8% no ano 2008, ano a partir do que comeza a descender).

O programa de gasto de protección e promoción da saúde (413A), destinado a acadar un envellecemento activo e saudable, incrementa a súa partida económica un ano máis, cun 10,9% máis, para situarse nos 117,9 millóns de euros, o importe máis elevado rexistrado por este programa na serie analizada, incluso por riba do orzamentado para o ano 2021 no que se incluía o gasto de vacinación para a covid-19. A importancia relativa deste programa dentro da función 41.- Sanidade é do 2,3% do total.

Atendendo á súa evolución dende o ano 2008, o programa que presentou o maior incremento tanto en termos relativos como absolutos é o da atención hospitalaria, cunha medra do 61,5% (1.262 millóns de euros), incremento moito menor é o experimentado polo gasto dirixido á atención primaria, cunha medra do 15% entre os dous exercicios considerados (206 millóns de euros entre os orzamentos iniciais de 2008 e 2024).

Indicadores de saúde

Segundo datos da Enquisa europea de ingresos e condicións de vida elaborada polo Eurostat, a porcentaxe de persoas maiores de 16 que declaran non ter accedido a coidados médicos téndoo necesitado é en España do 2,3% (ano 2022 último dispoñible) fronte ao 4% da media da UE. Galicia cun 1,4% da súa poboación nesa situación se sitúa por debaixo da media estatal.

Cubrir as necesidades sanitarias obriga a unha cada vez maior dotación de recursos, fundamentalmente nos territorios con elevados niveis de envellecemento da poboación e por tanto cun maior gasto sanitario per cápita; polo que os indicadores demográficos básicos recollidos no **cadro 4.1.3.** aportan un punto de partida para a análise. Estes indicadores están calculados, tanto para Galicia como para España, con datos proporcionados pola Estatística continua de poboación elaborada polo INE.

Dunha banda, o 26,6% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2023 tiña 65 anos ou máis, sendo esta porcentaxe seis puntos superior á rexistrada no conxunto do Estado (20,4%). O índice de envellecemento, definido como a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos, mostra que en 2023 residen en Galicia en torno a 173 persoas maiores de 64 anos por cada 100 menores de 20, fronte ás 109 de media en España.

No que respecta a este índice en función das zonas de poboación, a zona máis envellecida é a Zona Pouco Poboada (ZPP), na que por cada 100 menores de 20 anos hai preto de 267 de 65 e máis anos e, pola contra, a Zona Intermedia de Poboación (ZIP), cun índice de envellecemento máis próximo a 100, é a zona máis nova de Galicia.

O índice de envellecemento presenta diferenzas significativas por sexo nas catro provincias galegas en todas as zonas de urbanización e toma sempre para as mulleres valores superiores aos dos homes.

Outro indicador relevante é a taxa de dependencia, que expresa a relación existente entre a chamada poboación dependente (menores de 16 e maiores de 64 anos) e a poboación produtiva (de 16 a 64 anos). A devandita taxa permite aproximar as necesidades futuras, para estimar o orzamento que deberá dedicarse a gasto en sanidade, pensións ou atención á dependencia. A medida que a taxa de dependencia se incrementa, aumenta a carga

Indicadores demográficos básicos de Galicia e España 2023

		Galicia	España
Poboación		**2.705.877**	**48.592.909**
menor de 15 anos	[2]	295.149	6.419.823
menor de 20 anos	[3]	416.172	9.064.255
entre 15 e 64 anos	[4]	1.690.539	32.247.446
65 e máis anos	[5]	720.189	9.925.640
85 e máis anos	[6]	137.273	1.599.404
Índices (1)		*(%)*	
vellez	[5] / [1]	26,6	20,4
envellecemento	[5] / [3]	173,1	109,5
sobreenvellecemento	[6] / [5]	19,1	16,1
dependencia xeral	([2]+[5]) / [4]	60,1	50,7
dependencia xuvenil	[3] / [4]	17,5	19,9
dependencia senil	[5] / [4]	42,6	30,8
de recambio	[2] / [5]	1,6	1,2

(1) notas sobre os índices

Vellez: relación entre a poboación maior de 65 anos e a poboación total;

Envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos;

Sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos;

maiores de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

Dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (menores de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

Dependencia senil: relación entre a poboación maior (maiores de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

De recambio: relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos; , mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubilando

Fonte: INE, *Estadística contínua de población*

4.1.3.

que supón para a parte produtiva da poboación soster á parte economicamente dependente. A taxa de dependencia xeral en Galicia é dez puntos superior á rexistrada no conxunto do Estado, acadando en España un valor de 50,7% fronte ao 60,1% en Galicia.

Os niveis elevados de envellecemento veñen determinados en gran medida polo saldo vexetativo negativo. No ano 2022 (último dato anual dispoñible), rexistráronse en Galicia un total de 14.495 nacementos, 292 menos que no ano anterior, e 34.996 falecementos (datos IGE: Movemento natural da poboación), o que supón un 6,5% máis que no ano anterior. Tras esta evolución, Galicia mantense cun saldo vexetativo negativo de -20.501 fronte aos -18.066 do ano anterior. Galicia rexistra no último un saldo vexetativo negativo por cada 1.000 habitantes de -7,6 situándose como a segunda Comunidade con peor indicador, só por diante de Asturias (-9,1), e seguida de cerca por Castela e León (-7,5).

O número de defuncións por cada 1.000 habitantes, isto é a taxa bruta de mortalidade, situouse en Galicia nas 12,98 defuncións por cada 1.000 habitantes, o que, igual que no ano anterior, sitúaa como a terceira Comunidade Autónoma coa taxa máis elevada, tras Asturias (13,86) e Castela e León (13,03), moi lonxe das 9,67 defuncións por cada 1.000 habitantes de media no conxunto do Estado.

Segundo datos proporcionados pola estatística de Defuncións segundo causa da morte do INE (**cadro 4.1.4.**), entre as causas de morte destacan as relacionadas co sistema circulatorio, provocando o 27,1% das defuncións, seguidas dos tumores, que causan o 24,2% das mortes. En termos relativos, Galicia presenta unha taxa de mortalidade de 314 falecidos a causa de tumores por 100.000 habitantes, o que a sitúa por riba da media nacional (241,8 falecidos x cen mil hb.) e no terceiro posto entre as comunidades con maiores taxas. No que respecta ás enfermidades dos sistema circulatorio, a

Defuncións en Galicia e España 2021-22: distribución segundo causa

	Total	Infecciosas e parasitarias	Covid-19 Virus identificado	Covid-19 Virus sospeitoso (1)	Tumores	Sistema circulatorio	Sistema Respiratorio	Sistema dixestivo	Outras causas
2022									
Galicia	**34.996**	**2.322**	**1.848**	**-**	**8.469**	**9.497**	**3.568**	**1.626**	**7.666**
A Coruña	13.980	914	733	-	3.441	3.934	1.455	616	2.887
Lugo	5.406	327	254	-	1.234	1.546	572	238	1.235
Ourense	5.005	341	279	-	1.088	1.426	491	235	1.145
Pontevedra	10.605	740	582	-	2.706	2.591	1.050	537	2.399
España	**464.417**	**38.589**	**31.606**	**66**	**114.828**	**121.341**	**43.024**	**23.266**	**91.697**
2021									
Galicia	**32.853**	**1.954**	**1.529**	**28**	**8.464**	**9.581**	**2.885**	**1.589**	**6.823**
A Coruña	13.283	883	716	17	3.354	3.947	1.254	623	2.489
Lugo	5.019	211	138	1	1.188	1.582	425	248	1.226
Ourense	4.695	241	186	4	1.171	1.428	406	253	1.006
Pontevedra	9.856	619	489	6	2.751	2.624	800	465	2.102
España	**450.744**	**46.001**	**39.444**	**595**	**113.662**	**119.196**	**35.543**	**22.563**	**73.740**

(1) Síntomas compatibles ca enfermidade (COVID19 virus non identificado)
Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

4.1.4.

taxa de mortalidade en Galicia é de 352,7 falecidos por cen mil habitantes, por riba novamente da media estatal (255,5), a segunda taxa máis elevada das dezasete Comunidades Autónomas.

No ano 2022, as enfermidades infecciosas e parasitarias, entre as que se atopa a covid, constitúen a terceira causa de morte en España, ao representar o 15,1% dos falecementos (6,8% por COVID identificado). En Galicia, as enfermidades infecciosas e parasitarias son a cuarta causa de falecemento, 11,9% do total, correspondendo un 5,3% á covid.

O **cadro 4.1.5.** presenta datos das denominadas causas externas de morte, entendidas como aquelas que teñen a súa orixe en accidentes, violencia, acontecementos ambientais ou envelenamento, entre outras. Por número de decesos, en Galicia destacan os afogamentos, submersións e sufocación accidentais, con 459 defuncións en 2022, o 28,5% do total de 1.613 falecidos en Galicia por causas externas, en Galicia rexístranse o 11,2% do total de decesos por esta causa de todo o territorio nacional. As caídas accidentais e os suicidios e lesións autoinflixidas, con 352 e 328 defuncións respectivamente, son a segunda e terceira causa externa de morte en Galicia. No ano 2022 rexistráronse en Galicia o 9,3% das caídas accidentais e o 7,8% dos suicidios totais do Estado.

Galicia é a quinta CC.AA con máis suicidios en 2022, por detrás de Andalucía, Cataluña, C. Valenciana e Madrid, todas comunidades con niveis moito máis elevados de poboación. Dos 328 suicidios contabilizados en Galicia, 236 foron homes e 92 mulleres, o que supón que 2,8 de cada dez persoas que se suicidan en Galicia son mulleres, cifra que se aproxima ás 2,6 de media no Estado.

Afortunadamente, en 2022 baixa levemente o número de suicidios en Galicia, non así no conxunto de España. En Galicia rexístranse 9 suicidios menos que en 2021 (2,7% menos), 8 homes máis e 17 mulleres menos. En termos relativos o descenso no número de suicidios en Galicia e o incremento medio estatal produce que Galicia pase de representar o 8,4% en 2021 ao 7,8% no ano 2022 do total de suicidios no Estado.

Sete de cada dez suicidios que se producen en Galicia en 2022 son de homes, e atendendo á desagregación segundo os distintos grupos de idade, o grupo quinquenal de idade que rexistra un maior número de suicidios

Defuncións segundo a causa da morte 2022

	Galicia		Galicia/España
		(%)	(%)
Causas externas de mortalidade	**1.613**	**100**	**8,7**
Accidentes de tráfico	124	7,7	6,8
Outros accidentes de transporte	22	1,4	9,7
Caídas accidentais	352	21,8	9,3
Afogamento, submersión e sufocación accidentais	459	28,5	11,2
Accidentes por lume, fume e sustancias quentes	21	1,3	7,5
Envenenamento accidental por psicofármacos e drogas de abuso	89	5,5	8,3
Outros envenenamentos accidentais	10	0,6	4,3
Outros accidentes	166	10,3	7,6
Suicidio e lesións autoinflixidas	328	20,3	7,8
Agresións (Homicidio)	7	0,4	2,3
Eventos de intención non determinada	7	0,4	8,9
Complicacións da atención médica e cirúrxica	15	0,9	7,9
Outras causas externas e os seus efectos tardíos	13	0,8	16,0

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

4.1.5.

Suicidios segundo sexo e Comunidade Autónoma de residencia 2021-22

	2022			2021		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Andalucía	651	179	830	661	188	849
Aragón	86	28	114	87	27	114
Asturias	91	35	126	90	40	130
Baleares	75	34	109	67	22	89
Canarias	180	53	233	169	61	230
Cantabria	39	20	59	40	8	48
Castela e León	179	63	242	168	68	236
Castela-A Mancha	147	37	184	137	32	169
Cataluña	440	174	614	435	141	576
C. Valenciana	328	117	445	299	104	403
Estremadura	74	21	95	63	18	81
Galicia	236	92	328	228	109	337
Madrid	270	133	403	253	95	348
Murcia	107	30	137	94	29	123
Navarra	38	19	57	38	22	60
País Vasco	124	50	174	106	41	147
A Rioxa	22	8	30	18	6	24
Ceuta e Melilla	2	1	3	5	3	8
Estranxeiro	37	7	44	24	7	31
Total	3.126	1.101	4.227	2.982	1.021	4.003
Galicia / España (%)	7,5	8,4	7,8	7,6	10,7	8,4

Fonte: INE, *Estadísticas de defunciones según la causa de muerte*

4.1.6.

en Galicia, corresponde con persoas cunha idade comprendida entre 50 e 54 anos, con 41 suicidios (12,5% do total galego).

No que respecta á saúde materno-infantil, no ano 2022 descende a taxa de mortalidade infantil ata as 1,9 defuncións por cada mil nacidos vivos (2,3 no ano anterior), sendo inferior á taxa media estatal que no ano 2022 foi de 2,6 defuncións por cada mil nacidos vivos. Galicia sitúase xunto a Illas Baleares como a Comunidade coas taxas de mortalidade infantil máis reducidas do conxunto do Estado.

En relación á taxa de interrupción voluntaria do emba-

Centros sanitarios 2024: distribución provincial e segundo Estruturas de Xestión Integrada

Áreas Sanitarias	Atención primaria			Atención Especializada	
	Zonas básicas	Centros de saúde	Consultorios locais	Número total de hospitais	Hospitais dependencia funcional Sergas
A Coruña	93	133	27	12	5
Área Sanitaria Coruña-Cee	36	59	12		
Área Sanitaria Ferrol	20	25	3		
Área Sanitaria Santiago-Barbanza	37	49	12		
Lugo	67	74	11	5	3
Área Sanitaria Lugo-A Mariña-Monforte	67	74	11		
Ourense	92	99	7	5	3
Área Ourense-Verín-O Barco	92	99	7		
Pontevedra	62	93	18	11	3
Adscritos Área de Santiago	9	12	2		
Área Sanitaria Pontevedra-Salnés	27	36	8		
Área Sanitaria Vigo	26	45	8		
Total	314	399	63	33	14

(actualización a 31/12/2023)
Fonte: Ministerio de Sanidad

4.1.7.

razo (IVE), no ano 2022 (último dato dispoñible) aumenta en Galicia o número de interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos. No último ano rexistráronse en Galicia un total de 7,09 interrupcións fronte ás 5,37 interrupcións do ano anterior. A pesar do sinalado aumento, Galicia continúa a ser, un ano máis, a Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida, moi por baixo da taxa media no conxunto do Estado que aumenta levemente ata as 11,7 interrupcións no último ano (10,7 interrupcións en 2021).

Finalmente, os datos proporcionados polo Rexistro Nacional de Casos de SIDA reflicten que, segundo as notificacións recibidas no ano 2022, diagnosticáronse en Galicia 64 novos casos de SIDA (129 no ano anterior), o que representa o 3,9% do total estatal, sete décimas menos que en 2021.

Indicadores de centros sanitarios


Os indicadores que analizan os centros sanitarios, tanto desde un punto de vista cuantitativo de recursos materiais e humanos, como cualitativo en canto á evolución das listas de agarda, son básicos para atender a maior ou menor eficiencia do sistema.

O sistema galego de saúde estrutúrase en áreas de xestión integradas, que á súa vez se subdividen en zonas básicas de saúde, que son o marco territorial da atención primaria. Como se reflicte no **cadro 4.1.7.**, Galicia conta con sete áreas sanitarias. No que respecta aos distintos niveis de atención, o nivel asistencial que representa a entrada ao sistema sanitario é a atención primaria, sendo os centros de saúde os dispositivos asistenciais principais. Segundo os datos publicados polo Ministerio de Sanidade, Galicia conta con 399 centros de saúde e 63 consultorios locais. En canto á atención especializada, que se presta en centros de especialidade e en hospitais, Galicia dispón de 33 hospitais, dos que 14 dependen funcionalmente do Servizo Galego de Saúde.

Tal como se observa no **gráfico 4.1.8.**, en 2022 aumenta lixeiramente o número de camas instaladas nos hospitais galegos, con 9.818 camas instaladas, 51 máis que no ano anterior, o que representa 3,65 camas por cada mil habitantes.

PTE DATOS MAIO Xunto cos indicadores de número de centros e camas instaladas, dentro dos indicadores que permiten valorar o funcionamento do sistema sanita-

Camas nos hospitais galegos 2008-22 (1)




(1) os datos de camas corresponden a 31 de decembro do ano anterior

Fonte: IGE, *Sanidade*

4.1.8.

Persoal sanitario 2008-22 (1)



(1) datos a 31 de decembro de cada ano.

(2) Non existen datos de número de pediatras nin de profesionais de atención primaria para os anos 2009 e 2011. Co obxecto de non distorsionar o gráfico e dada a estabilidade da serie tomamos para os anos 2009 e 2011 os datos rexistrados no ano anterior

Fonte: IGE, *Sanidade*

4.1.9.

Persoal sanitario colexiado (non xubilado) nas CC.AA. 2023

	Médicos	Enfermeiros	Enfermeiros-especialidade matrona	Dentistas	Farmaceúticos
	(colexiados por 100.000 habitantes)		*(colexiados por 100.000 mulleres entre 15 e 49 anos)*	*(colexiados por 100.000 habitantes)*	
Andalucía	449,7	491,5	60,7	76,8	148,4
Aragón	557,0	727,0	103,2	70,2	126,4
Asturias	556,2	727,8	49,5	87,4	130,1
Baleares	477,3	596,5	85,9	71,2	106,5
Canarias	516,7	728,4	74,4	67,7	145,1
Cantabria	566,2	661,9	101,5	72,2	130,9
Castela e León	532,1	735,2	123,2	65,9	162,9
Castela-A Mancha	402,0	630,8	80,5	46,0	132,1
Cataluña	492,6	644,3	54,8	78,5	132,1
C. Valenciana	467,1	549,9	68,6	84,6	147,2
Estremadura	506,4	707,5	87,9	62,4	146,9
Galicia	**478,0**	**513,3**	**91,9**	**87,3**	**184,2**
Madrid	624,2	658,7	84,8	133,6	198,9
Murcia	493,1	480,6	79,0	84,3	121,3
Navarra	562,5	886,7	109,5	56,8	214,9
País Vasco	566,0	800,6	130,1	86,1	150,1
A Rioxa	472,5	637,8	94,7	76,8	131,7
Ceuta	386,6	701,2	99,6	51,6	108,1
Melilla	291,7	733,2	149,9	58,1	115,0
Total	**507,1**	**619,3**	**77,3**	**84,2**	**152,3**

Fonte: INE, *Estadística de Profesionales Sanitarios Colegiados*

4.1.10.

rio, é fundamental ter en conta o concernente aos recursos humanos. Segundo os datos publicados polo IGE, o número de profesionais integrados no modelo de atención primaria do Sergas a 31 de decembro de 2022 ascendía a 7.594 persoas, das que 2.665 son médicos e 2.316 ATS-DUE. En termos relativos, tal como se mostra no gráfico 4.1.9., Galicia conta con 2,7 profesionais de atención primaria por casa 1.000 habitantes, e un pediatra por cada 1.000 nenos menores de 14 anos.

No ano 2023 exerceron en Galicia 478 médicos e 513,3 profesionais de enfermería por cada 100.000 habitantes, **cadro 4.1.10.**, por debaixo en ambos casos da media estatal, que se sitúa en 507,1 médicos e 619,3 enfermeiros/as por cada 100.000 habitantes.

A distribución do persoal sanitario en función da súa categoría profesional na atención primaria e secundaria, queda reflectida nos **cadros 4.1.11.** e **4.1.12.** Os datos presentados nos ditos cadros, están representados en termos de medias diarias, o que permite evitar o nesgo provocado pola estacionalidade das contratacións en períodos onde se incrementan as patoloxías ou en períodos vacacionais. En Galicia no ano 2023, exercen de media diariamente 2.467 médicos de familia e 2.939 enfermeiros/as. No que respecta ao número de médicos de familia, este é un 1,8% inferior ao número medio rexistrado no ano anterior (2.512 de media diaria); pola contra o número medio de enfermeiras/os é un 2,8% superior ao do ano 2022.

No que respecta á atención especializada (**cadro 4.1.12.**), continúa o incremento do persoal facultativo, exercendo diariamente unha media de 5.408 persoas (5.298 en 2022), e outros 1.867 facultativos en formación (1.751 no ano anterior).

A medida de calidade do sistema sanitario máis estendida e utilizada é a dimensión da súa lista de espera, tanto no que respecta ao seu volume como á espera media dos pacientes integrados na mesma. Nos últimos dous anos, 2022 e 2023, prodúcese un descenso no tempo de espera media para que unha paciente saia

Recursos humanos en atención primaria 2022-23: distribución por categoría profesional (1)

	2023	2022
Enfermeiro/a	2.939	2.860
Medico de familia	2.467	2.512
Persoal servizos xerais	1.616	1.502
Grupo auxiliar funcion admva.	332	333
Tec. coidados aux. enfermaria	316	320
Pediatra a.p.	290	295
Celador/a	276	312
Fisioterapeuta	229	215
Matron/a	188	182
Odontologo/a a.p.	125	122
Farmaceutico/a a.p.	120	101
Tecnico superior especialista	119	113
Traballador/a social	109	106
Dietista-nutricionista	95	95
Total	**9.370**	**9.219**

(1) medias diarias
Fonte: SERGAS

4.1.11.

Atención especializada 2014-23 (1): evolución do persoal facultativo e do persoal en formación

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Persoal facultativo	4.617	4.653	4.757	4.835	4.901	5.002	5.149	5.245	5.298	5.408
Persoal en formación (2)(3)	1.064	1.048	1.029	1.371	1.399	1.430	1.357	1.552	1.751	1.867

(1) Medias diarias
(2) Inclúe a licenciados e diplomados sanitarios en AE e AP
(3) A baixada en 2020 débese á toma de posesión extemporánea por causa da COVID.
Fonte: SERGAS

4.1.12.

da lista de espera estrutural cirúrxica, de xeito que a 31 de decembro de 2023 o tempo medio de agarda para o conxunto dos centros sanitarios ascende a 67,5 días, 7,3 días menos que no ano anterior. No H. Povisa, o tempo de espera aumenta redúcese ata os 60,9 días (64,7 días na mesma data de 2022).


No ano 2023, a sinalada redución do tempo de agarda, ven acompañada por unha redución paralela do número de persoas afectadas, así o número de persoas en lista de espera cirúrxica estrutural no Servizo Galego de Saúde (incluído H. Povisa) ascende no último ano ata as 45.027 persoas, **cadro 4.1.14.**, o que supón un descenso de 1.134 persoas respecto ao ano anterior (2,5%).

O tempo de agarda é unha variable fundamental, xa que a maior tempo de agarda menor valoración do servizo e maior posibilidade de empeoramento do paciente. A medición do tempo de agarda tamén é obxecto de debate sobre a utilización do tempo que os pacientes levan esperando unha intervención ou ben asimilar a espera media ao tempo ata que os pacientes abandonan a lista de agarda.

Lista de espera estrutural cirúrxica 2023 (1)

	Total	0-3 meses	3-6 meses	6-12 meses	máis 12 meses	Tempo medio de espera (en días)
Total centros Sergas	**42.167**	**31.483**	**9.483**	**1.201**	**-**	**67,9**
A.S. A Coruña - Cee	10.312	6.632	3.149	531	-	81,0
A.S. Santiago - Barbanza	7.633	5.550	1.861	222	-	69,1
A.S. Ferrol	2.846	2.337	509	-	-	56,9
A.s. Lugo - A Mariña - Monforte	4.452	4.000	452	-	-	50,3
A.S. Ourense - Verín - O Barco	4.899	3.786	719	394	-	70,1
A.S. Pontevedra - Salnés	4.377	3.272	1.105	-	-	63,6
A. S. Vigo	7.648	5.906	1.688	54	-	64,4
Hospital Povisa	**2.860**	**2.207**	**652**	**-**	**1**	**60,9**

Tempo medio de espera 2011-23 (2)



(1) a lista de espera estrutural cirúrxica inclúe a todos os pacientes que nun momento dado están en espera da realización dunha intervención cirúrxica en quirófano, tanto con ingreso como ambulatoria, e así a espera é atribuíble á organización dos recursos dispoñibles.
(2) calculado como o cociente do total de días en espera estrutural entre a data de inclusión e a data de análise e o total de pacientes pendentes en espera estrutural na data de análise.
Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.1.13.

En Galicia no ano 2023, 7,5 de cada dez persoas en lista de espera estrutural cirúrxica teñen que agardar menos de tres meses para operarse (74,7%), fronte ao 22,5% correspondente a un tempo de tres a seis meses, porcentaxes que non se alteran significativamente en relación ás rexistradas no ano anterior.

Por tipo de especialidade médica, o 26,2% do total de doentes inscritos na lista estrutural cirúrxica dos hospitais propios do Sergas son da especialidade de oftalmoloxía, reducíndose en cerca dun día a súa espera media ata os 65,7 días. A seguinte especialidade en número de pacientes en lista de agarda é a traumatoloxía (23,5% dos pacientes), cuxa espera media cae ata os 74,3 días (90,4 días en 2022), e a cirurxía xeral e dixestiva (17,4% das persoas en lista de agarda), que presenta unha espera media de 61,4 días (65,8 días no ano anterior).

No caso das patoloxías máis graves (prioridade 1), no ano 2023 en Galicia rexistráronse 1.565 persoas dentro desta categoría e o tempo medio de espera nos hospitais do Sergas, a 31 de decembro de 2023, diminúe levemente ata os 21 días fronte aos 21,4 días do ano

Lista de espera cirúrxica a 31 de decembro de 2023: distribución por servizos

	SERGAS			POVISA		
	pacientes en lista de espera estrutural		tempo medio de espera	pacientes en lista de espera estrutural		tempo medio de espera
	total	0-3 meses	(en días)	total	0-3 meses	(en días)
Total especialidades	**42.167**	**31.483**	**67,9**	**2.860**	**2.207**	**60,9**
Anxioloxía / Cir. Vascular	1.459	1.282	51,2	96	92	46,1
Cirurxía cardíaca	197	164	52,6	-	-	-
Cirurxía cardíaca infantil	2	2	48,5	-	-	-
Cirurxía maxilofacial	378	257	71,5	116	107	45,2
Cirurxía pediátrica	939	651	69,5	-	-	-
Cirurxía plástica e reparadora	1.249	815	76,4	180	149	55,6
Cirurxía torácica	134	109	47,2	-	-	-
Cirurxía xeral e dixestiva	7.329	5.755	61,4	524	398	61,4
Dermatoloxía	789	734	45,0	-	-	-
Neurocirurxía	725	401	99,4	32	29	43,8
Oftalmoloxía	11.054	8.388	65,7	858	602	66,9
Otorrinolaringoloxía	2.780	1.795	76,3	86	81	42,7
Traumatoloxía	9.923	7.298	74,3	698	522	65,0
Uroloxía	3.560	2.499	71,6	155	134	52,4
Xinecoloxía	1.649	1.333	58,1	115	93	56,1

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.1.14.

anterior, a pesar do que sigue a cumprir o obxectivo inicial que estaba fixado en 30 días. Pola contra, por terceiro ano consecutivo incúmprese o obxectivo de 60 días de tempo de espera medio no caso das patoloxías de prioridade 2, a pesar de que diminúe o tempo de agarda ata os 66,8 días cando no ano anterior o tempo medio de agarda era de 76,3 días.

As consultas externas tamén están sometidas á listas de agarda, en concreto nos hospitais do Sergas, **cadro 4.1.15.**, no ano 2023 prodúcese, unha leve caída no número das persoas en lista de espera, pero un incremento significativo do tempo medio de agarda. A 31 de decembro de 2023 había un total de 212.281 persoas en lista de espera, o que supón unha redución do 1,5% respecto á mesma data do ano anterior (3.339 persoas menos). Pola contra, o tempo medio de espera aumenta no último ano ata os 73,4 días, 7,4 días superior ao do ano anterior (66 días). As especialidades con maior número de persoas en lista de espera seguen a ser as de traumatoloxía e oftalmoloxía, con 38.269 e 32.895 persoas cada unha, aumentando considerablemente a espera media ata os 76,1 días para unha consulta oftalmolóxica e ata os 70,6 días para traumatoloxía, 70,6 días e 68,4 días de agarda respectivamente no ano anterior. As especialidades con maior tempo medio de espera para unha consulta externa son as de rehabilitación, con 169 días, medicina interna con 77,6 días, anestesioloxía con 76,1 días e oftalmoloxía con 76,1 días.

Respecto ás listas de agarda de probas diagnósticas (**cadro 4.1.16.**), a radioloxía é a que presenta o maior número de persoas en lista de agarda, con 84.437 persoas, o que supón un 7,5% de persoas menos que no ano anterior (6.827 menos que en 2022); a continuación sitúanse as endoscopias, cuxa lista de espera aumenta ata as 10.695 persoas, 1.431 persoas máis que no ano precedente. O tempo medio de agarda baixa 5 días no caso das probas radiolóxicas, pasando de 91,3 días de espera en 2022 a 86,3 días en 2023; no mesmo senso cae o tempo medio de agarda para unha endoscopia que se reduce en 19,4 días, pasando de 146,6 días en 2022 a 127,2 días en 2023.

Finalmente, no que respecta ás doazóns e transplantes, no ano 2023 en Galicia, a diferenza do acontecido na media estatal, cae de xeito notable o número de doan-

Lista de espera de consultas externas nos hospitais do Sergas 2023

	0 - 3 m	3 - 6 m	6 - 12 m	TOTAL	Tempo medio de espera
Alergoloxia	5.556	254	-	5.810	43,9
Anestesioloxia E Reanimacion	750	196	69	1.036	76,1
Anxioloxia E Cirurxia Vascular	1.784	517	48	2.356	65,4
Cardioloxia	3.728	844	265	4.881	67,0
Cirurxia Cardiaca	17	-	-	17	16,2
Cirurxia Maxilofacial	829	-	-	829	31,7
Cirurxia Pediatrica	857	-	-	857	33,8
Cirurxia Plastica E Reparadora	644	-	-	644	35,8
Cirurxia Toracica	89	-	-	89	12,6
Cirurxia Xeral E Dixestiva	8.368	1.037	-	9.405	45,7
Dermatoloxia	10.174	2.017	585	12.776	64,4
Dixestivo	5.807	1.376	134	7.317	60,7
Endocrinoloxia	2.678	163	-	2.841	41,3
Hematoloxia Clinica	488	-	-	488	26,5
Medicina Interna	1.444	205	287	1.936	77,6
Medicina nuclear	13	-	-	13	14,1
Nefroloxía	456	-	-	456	31,7
Neumoloxía	2.812	339	1	3.152	42,1
Neurocirurxía	1.201	201	5	1.407	45,8
Neuroloxía	8.404	3.045	746	12.195	75,5
Obstetricia	312	-	-	312	10,3
Oftalmoloxía	23.571	6.266	3.058	32.895	76,1
Oncoloxía médica	84	-	-	84	6,4
Otorrinolaringoloxía	12.603	2.519	1.278	16.400	67,9
Pediatría	4.179	110	125	4.414	45,4
Psiquiatría	7.317	2.278	836	10.431	73,2
Radioterapia	95	-	-	95	8,2
Rehabilitación	9.872	3.828	3.721	20.427	169,0
Reumatoloxía	1.892	80	-	1.972	38,4
Traumatoloxía	26.771	9.960	1.538	38.269	70,6
Uroloxía	7.945	603	-	8.548	40,6
Xeriatría	266	-	-	266	33,6
Xinecoloxía	9.331	305	27	9.663	41,1
Total	**160.337**	**36.143**	**12.723**	**212.281**	**73,4**

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.1.15.


Lista de espera de probas diagnósticas nos hospitais do Sergas 2023

	0 - 3 m	3 - 6 m	6 - 12 m	máis 12 m	TOTAL	Tempo medio de espera
Radioloxía	56.722	16.104	10.351	1.260	84.437	86,3
Medicina nuclear	256	2	-	-	258	21,7
Endoscopias	5.605	2.376	2.257	457	10.695	127,2
Electrofisioloxía	4.990	1.694	1.569	19	8.272	98,2
Estudos	6.306	2.465	1.675	524	10.970	113,7

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.1.16.

Doantes por cada millón de habitantes en Galicia e España 2008-2023



Fonte: Organización Nacional de Trasplantes

4.1.17.

tes por cada millón de habitantes. No último ano o número de doantes en Galicia ascende a 109, 19 menos que no ano anterior, o que representa o 4,6% do total estatal (2.349 doantes a nivel nacional). Galicia en 2023 rexistra 40,5 doantes por millóns de habitantes, (47,6 doantes pmp no ano anterior), e se sitúa, despois de catro anos, por debaixo do valor deste índice en España (48,9 doantes pmp). O nomeado éxito do programa de doazóns español obsérvase no feito de que este índice sitúase significativamente por riba dos principais países desenvolvidos, acadando os 20,9 doantes pmp no conxunto dos países da UE, ou os 10,4 pmp en Alemaña, os 21,4 doantes pmp en Canadá, e os 44,5 doantes nos Estados Unidos.


Indicadores de gasto sanitario público

No ano 2024, tendo en conta o orzamento inicial de gasto, Galicia presenta un novo incremento do seu gasto sanitario, que se sitúa en 5.191,5 millóns de euros, o quinto máis elevado de todo o Estado. Este importe representa o 6,2% do total estatal, o peso relativo máis elevado dende o ano 2008, e unha porcentaxe moi superior ao peso relativo da poboación galega (5,5% datos definitivos a 1 de xaneiro de 2023). En relación ao ano anterior, este incremento foi do 4,4%, por debaixo da media española (5,2%).

O aumento do gasto sanitario unido ao estancamento da poboación, produce unha nova medra do gasto sanitario medio por habitante. O gasto per cápita total ascendeu en Galicia a 1.847,1 euros, importe superior ao gasto medio a nivel estatal que se sitúa en 1.665,7 euros. Como mostra o **cadro 4.1.18.**, o gasto sanitario per cápita en Galicia sitúase por riba da media española ao longo de todo o período analizado, rexistrando un diferencial no último ano de 181,47 euros, o que supón 35 euros máis que o diferencial do ano anterior, sendo o segundo valor máis elevado de toda a serie considerada, só por detrás do diferencial rexistrado no ano 2021 (206,3 euros).

Finalmente no ano 2023, o gasto público en farmacia a través de receitas oficiais facturadas aumenta en Galicia un 2,4% ata situarse en 832 millóns de euros, asociado a un incremento do 2,8% no número de receitas

Gasto sanitario en euros por habitante en Galicia e España 2008-23(1)



(1) Ano 2023 datos provisionais
Fonte: Ministerio de Sanidad, *Recursos económicos del Sistema Nacional de Salud*

4.1.18.

Prestación farmacéutica a través de receita nas CC.AA. 2023

	Galicia			España		
	2023	23/22	23/11 (1)	2023	23/22	23/11 (1)
	(en millóns de euros)	*(%)*	*(%)*	*(en millóns de euros)*	*(%)*	*(%)*
Gasto farmacéutico	831,9	2,4	0,3	12.725,9	3,2	14,3
	(nº)	*(%)*	*(%)*	*(nº)*	*(%)*	*(%)*
Receitas facturadas	72.451.199	2,8	8,7	1.120.001.718	3,1	15,1
	(en euros)					
Gasto medio por receita facturada	11,48	- 0,4		11,36	0,1	

(1) variación antes/despois da reforma do modelo de prestación farmacéutica
Fonte: Ministerio de Sanidad, *Facturación de recetas médicas*

4.1.19.

respecto ao ano precedente. Tras esta evolución o importe medio por receita descende lixeiramente a 11,48 euros, un 0,4% menos que no ano anterior (aumenta un 0,1% en España) (**cadro 4.1.19.**). ❑

4.2. Pobreza e cohesión social

A esperada recuperación económica despois da pandemia da covid veuse afectada en 2023 pola guerra da Ucraína que mantén un elevado nivel de prezos dos recursos básicos, enerxía, alimentos e materias primas que afectan a un incrementos de custos en todas as cadeas de valor. O intenso incremento da inflación afecta ás capas sociais economicamente máis desfavorecidas e incrementa as desigualdades e a pobreza.

Resulta necesario a implantación de medidas dirixidas a eliminación da pobreza e á redución das desigualdades, xa que altos niveis de crecemento non levan aparellados, por si mesmos, reducións dos niveis de desigualdade social.

A análise da evolución da pobreza e a cohesión social en Galicia, parte, en primeiro lugar do estudo da estrutura dos fogares atendendo fundamentalmente ao número de perceptores, así como dos gastos vinculados á vivenda. Neste senso, cómpre salientar que no ano 2023 a pesar da positiva evolución do mercado laboral e da recuperación da actividade económica, en Galicia aumenta o número de fogares sen perceptores de ingresos.

A taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) descende levemente en Galicia en 2022, para situarse no 18,14%, por debaixo da taxa rexistrada no ano 2019. Así os datos da taxa de pobreza e desigualdade social mostran unha melloría, con taxas de pobreza máis reducidas e menores índices de desigualdade.

O terceiro apartado está dedicado á análise da dependencia, rexistrándose no último ano un incremento dos beneficiarios con prestacións así como un descenso do número daquelas persoas beneficiarias con dereito pero sen estaren atendidas. Asemade faise mención a dous recursos fundamentais para o coidado de maiores como son as residencias e os centros de día.

Finalmente complétase a análise cos principais datos correspondentes á familia e a infancia; á violencia de xénero e violencia doméstica; e, en último lugar, faise referencia á atención a menores.

Estrutura dos fogares

Dentro dos indicadores de carácter demográfico que, xunto cos económicos e os sociais, determinan aos ni-

Indicadores de pobreza en Galicia 2020-22

		2020	2021	2022
Taxa de risco de pobreza (1)	*(%)*	16,11	15,12	14,54
Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) (2)	*(%)*	19,51	18,47	18,14
Limiar monetario de pobreza segundo a composición do fogar (3)				
Fogar composto por unha persoa	*(euros)*	743,91	796,97	840,00
Fogar composto por dous adultos	*(euros)*	1.115,87	1.195,45	1.260,00
Fogar composto por dous adultos e dous menores de 14 anos	*(euros)*	1.562,21	1.673,63	1.764,00
Distribución entorno da renda baixa mediana (4)				
Taxa de risco de pobreza (40% da mediana)	*(%)*	6,24	5,30	4,96
Taxa de risco de pobreza (50% da mediana)	*(%)*	10,79	9,11	9,13
Taxa de risco de pobreza (70% da mediana)	*(%)*	23,50	23,04	21,80

(1) A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes

(2) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situacións:
- En risco de pobreza (o 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo)
- En carencia material severa
- Persoas de 0 a 59 anos en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo.

(3) o limiar monetario de risco de pobreza é o produto do limiar de risco de pobreza de Galicia polas unidades de consumo de cada fogar.
As unidades de consumo de cada fogar constrúense asignando 1 ao primeiro adulto (persoa de 14 ou máis anos), 0,5 ao resto de adultos dese fogar e 0,3 a cada neno (persoa de menos de 14 anos).

(4) a distribución entorno ao limiar da renda baixa é a porcentaxe de persoas que teñen uns ingresos equivalentes inferiores ao 40%, 50% e 70% da mediana de ingresos equivalentes
Data de consulta: 8/03/2024

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE. *Enquisa estrutural a fogares* .

4.2.1.

veis de pobreza, desigualdade ou benestar, destacan os indicadores asociados á estrutura dos fogares, en base ao número de persoas que perciben ingresos dentro da vivenda familiar, así como ao tipo de ingreso, ao número de membros, ou á intensidade de traballo, entre outros.

No ano 2023, a pesar do bo funcionamento do mercado laboral e da recuperación da actividade económica, en Galicia aumenta o número de fogares sen perceptores de ingresos. En Galicia rexístranse 28.500 fogares nos que non existen ningunha persoa perceptora dun ingreso salarial ou dalgún tipo de pensión ou prestación por desemprego, 1.300 fogares máis que no ano 2022. A porcentaxe de fogares sen ingresos en Galicia é do 2,5% do total de vivendas, unha décima máis que no ano anterior; nesta porcentaxe hai que ter en conta que, para que as persoas que residan nunha vivenda formen parte do mesmo fogar deben compartir gastos e orzamento, por tanto nunha mesma vivenda poden residir máis dun fogar.

Pola contra, o número de fogares cunha soa persoa perceptora dalgún ingreso económico diminúe no último ano ata os 474.100, un 0,2% menos que no ano anterior (900 fogares menos), o que representa o 42% dos fogares galegos.

O cadro **4.2.2**. presenta datos da estrutura dos fogares a nivel provincial. O citado aumento no número de fogares sen perceptores de ingresos rexístrase en todas as provincias agás na Coruña. A provincia da Coruña rexistra en 2023 1.600 fogares sen perceptores de ingresos menos que no ano anterior (15% menos que no ano 2022). Nas tres provincias restantes rexístranse incrementos no numero de fogares sen perceptores de ingresos, en concreto a provincia de Pontevedra rexistra 1.500 máis (13,4%), Ourense 800 máis (28,6% máis) e Lugo 600 fogares sen ingresos máis que no ano anterior (24% de incremento interanual).

No ano 2023 Pontevedra continúa sendo a provincia galega con maior número de fogares nesta situación, con 12.700 fogares sen perceptores de ingresos, por diante da Coruña, con 9.100 fogares; estas dúas provincias concentran o 76,5% dos fogares sen ingresos e o 75,8 % do total de fogares rexistrados no conxunto da Comunidade.

Vivendas familiares 2010-23 (1)

	2010	2020	2021	2022	2023
			(miles de vivendas)		
			Total fogares		
Galicia	**1.038,3**	**1.103,0**	**1.110,4**	**1.120,9**	**1.130,0**
A Coruña	433,3	459,2	462,4	465,9	470,3
Lugo	132,0	135,6	134,6	132,5	135,0
Ourense	131,6	135,1	137,0	139,0	138,8
Pontevedra	341,4	373,1	376,4	383,5	385,9
			Fogares sen perceptores de ingresos		
Galicia	**19,6**	**34,1**	**30,8**	**27,2**	**28,5**
A Coruña	9,9	15,0	13,2	10,7	9,1
Lugo	1,9	2,6	2,2	2,5	3,1
Ourense	2,3	3,7	3,5	2,8	3,6
Pontevedra	5,5	12,8	11,9	11,2	12,7
			Fogares cun só perceptor de ingresos		
Galicia	**394,6**	**460,6**	**463,4**	**475,0**	**474,1**
A Coruña	168,4	191,9	194,4	200,0	201,6
Lugo	47,4	52,8	52,5	52,4	52,4
Ourense	48,9	58,0	59,0	61,1	60,9
Pontevedra	129,9	158,0	157,5	161,4	159,3

(1) A partir de 2021, para que as persoas que residan nunha vivenda formen parte do mesmo fogar deben compartir gastos e orzamento. É dicir, a partir do primeiro trimestre de 2021 nunha mesma vivenda poden residir máis dun fogar

Fonte: IGE, *EPA*

4.2.2.

No que respecta aos fogares cun só perceptor, igual que acontecía no caso dos fogares sen perceptores, a provincia da Coruña é a excepción na tendencia de estancamento e caída deste tipo de fogares nas restantes tres provincias galegas. No ano 2023 na provincia da Coruña aumentan en 1.600 os fogares cun só perceptor de ingresos (0,8% máis que no ano anterior). Pola contra, Pontevedra diminúe en 2.100 os fogares cun só perceptor ou perceptora de ingresos (1,3% menos), Ourense perde 200 fogares (0,3% menos), e Lugo mantén o mesmo rexistro que no ano 2022.


Tras esta evolución, o 38,8% dos fogares de Lugo (52.400 fogares) teñen un só perceptor, fronte ao 43,9% de Ourense (60.900 fogares). Este peso relativo ascende ata o 42,9% na Coruña e 41,3% en Pontevedra (201.600 e 159.300 respectivamente). No conxunto da Comunidade Autónoma case corenta e dous de cada cen fogares está composto por unha única persoa perceptora de ingresos.

Segundo datos da Enquisa de Poboación Activa, en 2023 hai en Galicia un total de 360.700 vivendas nas que ningún dos seus membros ten a condición de activo, o que representa o 31,9% do total das vivendas familiares en Galicia, porcentaxe unha décima inferior á do ano anterior. Atendendo á evolución ao longo dos últimos anos, rómpese a tendencia dos dous últimos anos e increméntase o número de fogares nos que non hai ningún activo, cun aumento interanual de 1.700 fogares (0,5%).

O número de vivendas con polo menos un activo, no último ano sitúase en 769.300 fogares (7.400 máis que no ano anterior; 1% máis); rexistrándose un incremento importante no caso dos fogares onde todos os membros activos están ocupados, que en 2023 se sitúa en 655.800 fogares, 18.700 máis que no ano precedente (2,9%). Finalmente destacar que no último ano se reducen o número de fogares onde todos os seus membros activos son parados ata os 50.200 fogares, 1.400 menos que no ano anterior.

Xunto coa capacidade de ingreso, os gastos, e en con-

Prezos da electricidade e gas natural para consumidores domésticos en España e UE-27 2009-22 (1)



(1) prezo base 2009=100
Fonte: EUROSTAT

4.2.3.

creto o gasto en insumos básicos, inflúe tamén na existencia de situacións de carencia material. Neste senso, no ano 2022 a crise de prezos enerxéticos derivada da guerra de Ucraína provoca un incremento acusado no prezo da enerxía eléctrica para os consumidores domésticos en España (**cadro 4.2.3.**), sendo esta medra superior ao que se produce na UE.

A Enquisa de Presupostos Familiares publicada polo INE, con datos correspondentes ao ano 2022 (último dato dispoñible no momento de elaboración desta Memoria), está deseñada para recoller o gasto dos diferentes bens e servizos de consumo. Debido á crise sanitaria consecuencia da civid-19 os fogares modificaron os seus hábitos de consumo ao longo do ano 2020, o que provocou unha diminución do gasto, que se recuperou en 2021. Esta recuperación xa foi completa en 2022, no que o gasto medio por fogar foi 4.269 euros superior ao de 2019 (un 15,9% máis). Esta tendencia debeuse fundamentalmente aos grupos Alimentos e bebidas non alcohólicas (1.088 euros máis que en 2019), Transporte e Vivenda (1.019 e 956 euros mais respectivamente. Porén, os grupos de Vestido e calzado, Bebidas alcohólicas e tabaco e Comunicacións, aínda non recuperaron os niveis de 2019.

Dentro da distribución do gasto dos fogares no ano 2022, a maior parte concéntrase fundamentalmente no grupo de vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles. O gasto medio en consumo final dos fogares neste grupo ascende no último ano en Galicia a 8.941,5 euros, o que representa o 28,7% do gasto medio por fogar (32,4% no conxunto de España). O gasto medio por fogar en aluguer real da vivenda principal aumenta en Galicia no ano 2022 un 6,1% respecto ao ano anterior para situarse nos 535 euros, mentres que en España este aumento foi do 8,9% acadando os 1.035 euros. O gasto medio por fogar do aluguer impu-

Gastos medios por fogar e distribución porcentual en Galicia e España 2019-22

	Galicia						España					
	2022		2021		2019		2022		2021		2019	
	(€)	(%)	(€)	(%)	(€)	(%)	(€)	(%)	(€)	(%)	(€)	(%)
Alugueres imputados de vivenda	5.856,98	18,8	5.587,75	19,7	5.257,50	19,6	6.562,95	20,8	6.516,39	22,3	6.038,61	20,0
Alimentos	4.955,51	15,9	4.933,47	17,4	3.958,14	14,7	4.689,98	14,9	4.475,99	15,3	3.991,67	13,2
Restauración e comedores	2.357,20	7,6	1.680,02	5,9	2.024,26	7,5	2.568,00	8,1	1.995,50	6,8	2.589,63	8,6
Utilización de vehículos personais	3.102,14	10,0	2.411,88	8,5	2.277,45	8,5	2.344,67	7,4	1.928,13	6,6	2.125,99	7,0
Electricidade, gas e outros combustibles	1.555,28	5,0	1.217,98	4,3	1.174,86	4,4	1.411,52	4,5	1.191,83	4,1	1.177,96	3,9
Alugueres reais de vivenda	650,13	2,1	619,96	2,2	679,03	2,5	1.166,05	3,7	1.063,04	3,6	1.129,56	3,7
Adquisición de vehículos	1.316,86	4,2	1.033,65	3,6	1.083,12	4,0	1.133,62	3,6	1.070,61	3,7	1.322,44	4,4
Seguros	1.051,00	3,4	1.042,29	3,7	978,85	3,6	1.132,40	3,6	1.099,01	3,8	1.055,47	3,5
Vestido	987,37	3,2	978,67	3,4	1.175,94	4,4	936,13	3,0	864,82	3,0	1.068,84	3,5
Subministro de auga e outros servizos relacionados coa vivenda	597,08	1,9	678,68	2,4	592,05	2,2	875,11	2,8	851,25	2,9	820,27	2,7
Servizos postais, de telefonía e fax	796,46	2,6	822,47	2,9	813,74	3,0	826,04	2,6	848,64	2,9	851,02	2,8
Coidado persoal	851,92	2,7	754,74	2,7	704,02	2,6	802,57	2,5	731,25	2,5	780,26	2,6
Produtos, aparellos e equipos médicos	765,78	2,5	731,01	2,6	684,93	2,6	746,02	2,4	745,92	2,6	656,02	2,2
Bens e servizos para o mantemento corrente do fogar	533,12	1,7	490,26	1,7	445,38	1,7	568,53	1,8	535,72	1,8	584,88	1,9
Servizos médicos, ambulatorios e hospitalarios	508,89	1,6	481,75	1,7	414,09	1,5	482,25	1,5	457,79	1,6	391,69	1,3
Total	31.115,19	100	28.429,63	100	26.846,48	100	31.567,71	100	29.243,61	100	30.242,76	100

Fonte: INE, *Encuesta de presupuestos familiares.*

4.2.4.

Vivendas con execucións hipotecarias iniciadas 2022-23

	2023		2022	
	Galicia	España	Galicia	España
Nº total de fincas	522	19.270	771	26.306
Vivendas	289	13.053	465	17.132
Vivenda nova	19	1.164	46	2.103
Vivenda segunda man	270	11.889	419	15.029
Persoas físicas	263	11.285	334	14.343
Persoas xurídicas	26	1.768	131	2.789


Fonte: INE, *Estadísticas sobre ejecuciones hipotecarias*

4.2.5.

tado á vivenda principal en propiedade foi no ano 2022 en Galicia de 4.776 euros, un 1,9% máis que no ano anterior; ascendendo o gasto medio por fogar neste concepto a nivel nacional a 5.366 euros, o que supón o mesmo gasto medio que no ano 2021.

Asociado aos gastos de vivenda, están os gastos hipotecarios e as execucións hipotecarias derivadas das dificultades de pago. Os datos do INE sobre vivendas con execucións hipotecarias que se inician e inscriben nos rexistros da propiedade, mostran unha caída significativa, tanto no caso das vivendas novas, como no caso das vivendas de segunda man. Ao longo do ano 2023 iniciáronse en Galicia un total de 289 execucións hipotecarias de vivendas (un 37% menos que no ano anterior), das que 19 corresponden a execucións sobre vivendas novas (58% menos) e 270 a vivendas de segunda man (35% menos). Neste último ano, o peso relativo das execucións hipotecarias iniciadas na Comunidade Autónoma no total estatal descende ata

Lanzamentos practicados como consecuencia de procedementos derivados da Lei de Arrendamentos Urbanos 2013-2023



Fonte: Consejo General del Poder Judicial

4.2.6.

o 2,2%, cinco décimas por baixo do rexistrado no ano anterior, situándose esta porcentaxe no 1,6% no caso das vivendas novas e no 2,3% no das execucións en vivendas de segunda man.

A estatística sobre execucións hipotecarias, **cadro 4.2.5.**, mostra como nove de cada dez vivendas con execución hipotecaria en Galicia no ano 2023 o seu titular é unha persoa física, sendo esta relación de 8,6 de cada dez de media no Estado.

Comparado co ano anterior, cae nun 21% o número de execucións hipotecarias de persoas físicas en Galicia, semellante á redución rexistrada no conxunto do Estado. Así mesmo, as execucións de persoas xurídicas redúcense un 80% en Galicia e un 37% en España.

Segundo os datos do Consejo General del Poder Judicial (CGPJ), **cadro 4.2.6.**, o número de desafiuzamentos practicados polo non pagamento de aluguer redúcese un 22,3% en 2023 para situarse nos 963 desafiuzamentos, 277 menos que no ano anterior (1800 desafiuzamentos no ano 2019). Tras a caída do 28,5% no conxunto do Estado, Galicia concentra o 4,9% dos desafiuzamentos practicados en España, catro décimas máis que no ano anterior.

Niveis de pobreza e desigualdade de renda

A Enquisa Estrutural a Fogares elaborada polo IGE correspondente ao ano 2022 (último dato dispoñible) ten por obxecto obter información sobre as características socioeconómicas dos fogares galegos.

O indicador de pobreza utilizado é o definido na Estratexia Europa 2020, que abarca máis variables ademais da desigualdade monetaria e incorpora aspectos como a situación laboral ou a escaseza de recursos materiais. Este índice, denominado AROPE (*At Risk Of Poverty and/or Exclusion*), inclúe tanto as persoas que se atopan en risco de pobreza monetaria como os fogares con moi baixa intensidade de traballo –están nesta situación as persoas con menos de 59 anos que viven en fogares cuxos membros adultos traballaron menos do 20% do seu potencial laboral total durante o ano anterior– e a privación material

Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2019-22 (1)

	2019	2020	2021	2022
		(%)		
Total	**18,83**	**19,51**	**18,47**	**18,14**
A Coruña	18,22	18,85	17,67	17,25
Lugo	18,24	15,80	17,24	15,16
Ourense	21,51	22,08	19,93	22,14
Pontevedra	18,91	20,74	19,38	18,93
Nacionalidade				
Española	17,68	18,08	17,17	16,37
Estranxeira	54,94	59,52	54,47	54,26
Fogares con ou sen nenos e mozos a cargo				
Fogares con nenos e mozos a cargo	20,61	22,60	21,21	21,75
Un adulto con nenos e mozos a cargo	46,41	54,41	50,66	53,26
Dous adultos con nenos e mozos a cargo	19,48	21,68	19,49	19,84
Dous adultos cun neno e mozo a cargo	14,88	18,84	14,71	16,69
Dous adultos con dous ou máis nenos e mozos a cargo	23,11	23,90	22,91	22,30
Tres ou máis adultos con nenos e mozos a cargo	17,61	17,53	18,49	18,64
Fogares sen nenos e mozos a cargo	17,41	17,03	16,36	15,43
Un adulto sen nenos e mozos a cargo	28,22	25,37	28,34	27,67
Dous adultos sen nenos e mozos a cargo	15,81	17,74	15,49	15,64
Tres ou máis adultos sen nenos e mozos a cargo	14,80	12,53	12,28	10,20
Fogares segundo tipoloxías				
Unipersoal	28,22	25,37	28,34	27,67
Sen núcleo	20,01	29,81	22,52	28,11
Parella con fillos	17,40	18,39	16,81	16,43
Parella sen fillos	13,03	14,91	13,72	12,37
Monoparental	30,52	35,02	30,25	34,42
Un núcleo e outros	17,81	14,91	17,75	13,70
Varios núcleos	15,69	14,17	13,11	14,65

(1) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situación: 1) risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana; 2) en carencia material severa; 3) Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo, é dicir, onde o número de días que os adultos de 18 a 59 anos dese fogar tiveron ingresos por traballo supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano natural anterior á realización da enquisa

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.7.

severa –porcentaxe de persoas que viven con escaseza de recursos ao non ter acceso, ao menos, a 4 dos seguintes 9 ítems: gastos imprevistos; unha semana de vacacións fóra da casa; pago da hipoteca ou das facturas de luz, auga, gas...; una comida de carne, polo, peixe ou proteína equivalente ao menos cada dous días; manter a vivenda a unha temperatura axeitada os meses de inverno; lavadora; televisión en cor; teléfono; e coche.

Na taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) (**cadro 4.2.7.**) entendemos que a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situacións:

– En risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo.
– En carencia material severa.
– Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares con baixa intensidade laboral, é dicir, onde o número de días que os adultos de 18 a 59 anos dese fogar tiveron ingresos por traballo, prestacións por ERTE ou prestacións por cese de actividade debidas á pandemia supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano natural anterior á realización da enquisa.

A taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estrate-

Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2019-22: distribución segundo sexo e grupos de idade(1)

	2019			2020			2021			2022		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
						(%)						
Total	18,83	18,84	18,83	19,51	18,92	20,05	18,47	18,04	18,88	18,14	17,32	18,91
Menos de 16 anos	21,52	22,22	20,77	24,40	23,74	25,09	22,74	22,89	22,59	23,68	22,51	24,90
De 16 a 24 anos	25,46	25,44	25,47	27,07	25,33	28,95	25,60	24,88	26,35	25,45	26,07	24,78
De 25 a 49 anos	18,51	17,85	19,18	21,48	20,15	22,79	18,64	18,34	18,93	18,71	17,26	20,16
De 50 a 64 anos	21,64	22,19	21,13	20,44	20,95	19,95	20,30	19,72	20,85	19,62	18,67	20,52
De 65 ou máis anos	13,46	12,68	14,05	11,55	10,03	12,71	12,52	10,78	13,84	11,38	10,07	12,39

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.8.

xia Europa 2020) descende levemente en Galicia en 2022, para situarse no 18,14%, por debaixo da taxa rexistrada no ano 2019.

Tal como se observa en anos anteriores, a distribución provincial da pobreza non é homoxénea, presentando novamente as provincias do norte de Galicia as taxas de risco de pobreza ou exclusión social máis reducidas, con taxas inferiores á media galega. Lugo presenta a taxa de pobreza ou exclusión social máis reducida, con 17,25%, situándose esta porcentaxe en 17,25% na Coruña; no extremo oposto Ourense rexistra a taxa de pobreza ou exclusión social máis elevada, con 22,14% , sendo do 18,93% en Pontevedra.

Todas as provincias, agás Ourense, presentan unha menor taxa de pobreza que no anterior; unha mellora que está en torno ao medio punto porcentual fronte ao incremento de mais de dous puntos porcentuais rexistrado na taxa de pobreza da provincia de Ourense.

A análise da taxa de risco de pobreza a nivel de áreas xeográficas reflicte un incremento na taxa de pobreza de todas as áreas nas que se divide a provincia de Ourense (O Carballiño- O Ribeiro, Ourense central, Ourense sur e Área de Ourense), destacando a área de Ourense sur a que no ano 2022 cunha taxa de 26,66 , como a que rexistra a maior incidencia de pobreza e exclusión social de Galicia.

Xunto coas áreas xeográficas, o tamaño dos municipios tamén supón diferencias entre as taxas de pobreza; neste senso, as porcentaxes máis reducidas da taxa de pobreza ou exclusión social en 2022 corresponden aos concellos de menos de dez mil habitantes, cunha taxa do 12,3%, que son os únicos que se sitúan por debaixo da media galega. A taxa máis elevada rexístrase nos concellos cunha poboación entre 20.000 e 50.000 habitantes, co 16,2%.

O xénero e a idade tamén determinan a existencia de diferenzas no risco de pobreza. No que se refire á franxa de idade, o **cadro 4.2.8.** mostra como en Galicia a poboación entre 16 e 24 anos é a que rexistra unha maior incidencia, de xeito que o 25,4% destas persoas estarían en risco de pobreza ou exclusión social situándose no 19,6% para as persoas de entre 50 e 64 anos e no 23,7% para os menores de 16 anos.

Entre o 31 de decembro de 2019 e de 2022, a taxa de risco de pobreza e exclusión social redúcese entre os homes en 1,5 puntos porcentuais, mentres que entre as mulleres aumenta nunha décima. Xunto coas persoas maiores de 65 anos, o grupo de idade de 50 a 64 anos rexistra unha redución da taxa de pobreza no citado período de 3,5 puntos porcentuais para os homes e de 0,6 puntos para as mulleres na dita franxa de idade.

As persoas con nacionalidade estranxeira presentan un risco de pobreza e exclusión moi superior ao rexistrado para as persoas con nacionalidade española. A taxa de pobreza para as persoas de nacionalidade estranxeira

Desigualdade en Galicia e España 2019-22: Índice de Gini e distribución da renda S80/S20 (1)

Índice de Gini (2)

	2019	2020	2021	2022
Galicia	**0,261**	**0,266**	**0,257**	**0,252**
A Coruña	0,268	0,272	0,261	0,255
Lugo	0,241	0,249	0,251	0,242
Ourense	0,256	0,262	0,251	0,255
Pontevedra	0,257	0,264	0,252	0,247
España (4)	**0,321**	**0,330**	**0,320**	**0,315**

Distribución da renda S80/S20 (3)

	2019	2020	2021	2022
Galicia	**3,95**	**4,15**	**3,86**	**3,78**
A Coruña	4,08	4,35	3,96	3,82
Lugo	3,63	3,80	3,85	3,56
Ourense	4,03	4,11	3,70	4,02
Pontevedra	3,83	4,04	3,77	3,73
España (4)	**5,8**	**6,2**	**5,6**	**5,5**

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) o índice de Gini mide a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun colectivo a partir do ingreso equivalente por persoa sendo éste o ingreso equivalente do fogar ao que pertence.

(3) distribución da renda S80/S20: cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre.

(4) datos extraídos da Encuesta de condiciones de vida do INE. Os datos do INE fan referencia á renda do ano anterior á entrevista. Na taboa están integrados no ano que corresponden.

Fonte: IGE e INE

4.2.9.

sitúase no 54,3%, o que supón só dúas décimas menos que no ano anterior, a taxa de risco entre as persoas con nacionalidade española pasa do 17,2% en 2021 ata o 16,4% a 31 de decembro de 2022.

Outros dos condicionantes dun maior ou menor risco de pobreza e exclusión social son as cargas familiares ou a tipoloxía dos fogares. Como ven sendo habitual, o maior risco de pobreza con gran diferenza segue a rexistrarse nos fogares compostos por só un adulto con nenos e mozos a cargo, acadando o 53,3%, case tres puntos porcentuais máis que no ano anterior. Por tanto, por tipoloxías de fogares, os monoparentais son os que rexistran unha maior taxa de pobreza, co 34,4% dos mesmos en situación de risco de pobreza ou exclusión (30,2% no ano anterior), por diante dos fogares sen núcleo e unipersoais, cunha taxa do 28,1% e 27,7%, respectivamente.

- **Desigualdade**

No que respecta á redución das desigualdades sociais, a adaptación da Axenda 2030 á realidade galega, o ODS 10, dedicado á redución das desigualdades, recolle unha serie de metas que afectan a retos presentes na sociedade da nosa Comunidade. Entre estas cabe referirse ás de promover o crecemento dos ingresos do 40% máis pobre da poboación a unha taxa maior que a do conxunto da sociedade galega; promover a inclusión social, económica e política, ou a igualdade de oportunidades e a desigualdade de resultado que, no caso galego, ademais, vincúlase estreitamente co reto da cohesión territorial; ou a dedicada a adoptar políticas fiscais, salariais e de protección social orientadas a unha maior igualdade.

Os indicadores máis utilizados na medición da desigualdade de ingresos, e que permiten unha aproximación á situación e evolución recente da desigualdade son o coeficiente de Gini e a distribución da renda (rateo S80/S20). Como reflicte o **cadro 4.2.9.**, no ano 2022 os indicadores parecen mostrar que no último ano continúa a tendencia á redución lenta das desigualdades,

mantendo así mesmo, valores inferiores á media estatal.

Dunha banda, o coeficiente de Gini é un número entre 0 e 1, onde 0 correspóndese coa perfecta igualdade (todos teñen os mesmos ingresos) e o valor 1 coa perfecta desigualdade (unha persoa ten todos os ingresos e os demais ningún). Ao longo de toda a serie analizada, o valor do índice de Gini nas catro provincias galegas é inferior ao rexistrado no conxunto do Estado, acadando en Galicia no ano 2022, último dato dispoñible, un valor de 0,252. As provincias da Coruña e Ourense presentan valores superiores á media galega, co 0,255 en ámbolos dous casos. Ourense é a única das catro provincias galegas na que, no ano 2022, aumenta o nivel de desigualdade medido polo índice de Gini, isto é, aumenta a concentración de rendas.

Doutra banda, o indicador da distribución da renda S80/S20 calcúlase como o cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre. Este indicador mostra que no ano 2022 os ingresos medios do quintil máis rico da poboación superan en 3,78 veces aos ingresos medios do quintil de poboación máis pobre. No conxunto do Estado o quintil máis rico da poboación ten, de media, un ingreso medio 5,5 veces superiores ao quintil de poboación máis pobre.

Ao igual que no índice de Gini, a provincia da Ourense é a única que no ano 2022 presenta incremento no valor da distribución, acadando os valeres máis elevados das catro provincias galegas. O indicador S80/S20 ascende a 4,02 en Ourense, en tanto que os ingresos do quintil máis rico da poboación de A Coruña supera en 3,82 veces aos ingresos medios do quintil máis pobre. Este indicador é do 3,73 na provincia de Pontevedra e do 3,56 en Lugo.

Dependencia e discapacidade

As situacións de dependencia dificultan o acceso a un nivel de ingresos suficiente para cubrir as necesidades, ao mesmo tempo que estas persoas incorren en maiores gastos derivados das súas maiores necesidades, polo que afecta ao benestar das persoas dende un punto de vista económico. De xeito que as persoas que viven en fogares con algún membro con discapacidade ou dependencia presentan menores niveis de renda e unha maior incidencia da pobreza que o resto da poboación; polo que as prestacións, tanto monetarias como de servizos, permiten a estes fogares aliviar a súa situación de vulnerabilidade económica e de risco de pobreza.

Os datos do IMSERSO facilitados polo Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) (**cadro 4.2.10.**) reflicten que en 2023 formalizáronse en Galicia un total de 83.919 solicitudes para acceder ás prestacións do SAAD, o que representa o 4,1% do total estatal. Comparado co ano anterior, o número de solicitudes medra en Galicia un 5,1% (4.286 solicitudes máis), incremento moi inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (3,8%).

En relación á poboación empadroada en Galicia, as solicitudes rexistradas representan o 3,1% da poboación da Comunidade Autónoma, fronte ao 4,2% de media no conxunto de España. Esta porcentaxe coloca a Galicia como a segunda Comunidade Autónoma con menor peso relativo tras Canarias (2,8%).

O incremento no número de resolucións é levemente superior ao incremento do número de solicitudes, polo que no ano 2023 se reduce lixeiramente o número de solicitudes pendentes de valoración, que pasa das 618 solicitudes en 2022 ás 533 solicitudes en lista de agarda de valoración no ano 2023.

O **cadro 4.2.10.** mostra como o 9,4% das resolucións emitidas foron negativas, resultando o 90,6% dos ditames positivos e por tanto cun recoñecemento de grao de dependencia (75.584 ditames). Galicia, a gran distancia do resto de territorios, é a Comunidade Autónoma coa maior porcentaxe de solicitudes favorables sobre ditaminadas, moi por encima da media do Estado que se sitúa nun 76%. Asemade, cómpre mencionar que tanto na Comunidade Autónoma de Galicia como no conxunto do Estado diminúe o tempo medio transcorrido dende a solicitude da dependencia ata a reso-

Dependencia en Galicia e España 2022-23: principais indicadores (1)

	2023			2022		
	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)
Solicitudes	83.919	2.061.372	4,1	79.633	1.982.018	4,0
Resolucións	83.386	1.944.185	4,3	79.015	1.850.208	4,3
Beneficiarios con dereito a prestación	75.584	1.567.107	4,8	71.374	1.490.860	4,8
Grado III	26.416	431.679	6,1	23.912	414.651	5,8
Grado II	25.890	592.130	4,4	24.528	560.619	4,4
Grado I	23.278	543.298	4,3	22.934	515.590	4,4
Beneficiarios con prestación	73.691	1.411.866	5,2	68.103	1.313.437	5,2
Prestacións	89.704	1.906.051	4,7	82.694	1.727.429	4,8
Prevención dependencia e Promoción A. Persoal	5.977	69.697	8,6	5.520	65.642	8,4
Teleasistencia	9.655	427.677	2,3	8.897	351.993	2,5
Axuda a domicilio	25.476	343.152	7,4	26.693	322.595	8,3
Centros de día/noite	8.818	104.917	8,4	8.312	97.929	8,5
Atención residencial	7.048	181.817	3,9	6.711	175.956	3,8
P. Económica vinculada servizo	14.942	210.403	7,1	10.604	187.214	5,7
P. Económica coidados familiares	17.655	558.234	3,2	15.849	517.053	3,1
P. Económica Asist. persoal	133	10.154	1,3	108	9.047	1,2
Rateo prestacións por persoa beneficiaria	1,22	1,35		1,21	1,32	

Grao III.- Gran dependencia: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisa o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.

Grao II.- Dependencia grave: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.

Grao I.- Dependencia moderada: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: IMSERSO, *Sistema para la autonomía y atención a la dependencia*

4.2.10.

lución da prestación, ascendendo o tempo medio no ano 2023 a 362 días en Galicia fronte aos 364 días do ano anterior (324 días de media en España). Galicia é a cuarta Comunidade Autónoma con maior tempo medio de espera, por detrás de Canarias (647), Andalucía (557) e Murcia (509).

No ano 2023 aumenta tanto en Galicia como no conxunto do Estado, o número de persoas recoñecidas como grandes dependentes (grado III), que se sitúa en Galicia nas 24.616 persoas, 2.500 máis que no ano anterior, o que supón un 9,5% de incremento, fronte ao 3,9% rexistrado de media no Estado. Increméntase tamén en 2023 o número de beneficiarios con prestacións de grao II ou dependencia grave, acadando as 25.890 persoas (1.362 máis que en 2022). Tamén se rexistra un aumento no caso dos beneficiarios de grao I, afectación moderada, cun aumento do 1,5% (344 beneficiarios máis), para situarse en 23.278 beneficiarios rexistrados no último ano.

A asignación da prestación realízase mediante resolución administrativa, do Programa Individual de Atención (PIA), onde se determina a prestación ou servizo que lle corresponde a cada persoa dependente en función, entre outros aspectos, do seu grao de discapacidade e da súa capacidade económica. O número de persoas atendidas polo sistema de dependencia ascende no último ano ata as 73.691 beneficiarias e beneficiarios, un 7,6% máis que no ano anterior, o que representa o 5,2% do total estatal. Atendendo ao peso relativo na poboación total de Galicia, os beneficiarios con prestacións representan o 2,7%, (2,9% en España).

No ano 2023 descende de xeito moi significativo o número de persoas beneficiarias con dereito pero sen estaren atendidas; neste senso o sistema continúa sen atender en Galicia a 1.893 persoas cunha valoración positiva para acceder ás prestacións e que non están a ser atendidas, o que supón 1.378 persoas beneficiarias con dereito pero sen prestación menos que no ano anterior. Por tanto o 2,5% das persoas dependentes con dereito a prestación non están sendo atendidas (4,6% no ano anterior), sendo esta porcentaxe máis de sete puntos inferior á do conxunto do Estado (9,9%).

Segundo o tipo de prestación proporcionada, estas poderán ser, ou ben prestacións económicas para coidados familiares e vinculadas a servizos concretos, ou ben ter a natureza de servizos. A Lei de dependencia determina o catálogo de servizos sociais, que comprenden os servizos de prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal, teleasistencia, o servizo de axuda a domicilio, os centros de día e de noite, e os servizos de atención residencial.

O recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ao acceso aos servizos ou prestacións económicas corresponde á Administración autonómica; mestres que as Administracións locais participan na xestión dos servizos de atención. O número de prestacións concedidas ás persoas beneficiarias en 2023 increméntase un ano máis, acadando as 89.704 prestacións, un 7,8% máis que no ano anterior. Como consecuencia do maior incremento rexistrado no conxunto do Estado (9,4%), o seu peso relativo redúcese unha décima en relación ao ano anterior ata o 4,7% das prestacións en España. O número total de prestacións por persoa beneficiaria sitúase en 1,22 en Galicia, fronte á media estatal que é de 1,35 prestacións por beneficiario.

Desagregando as prestacións en función do seu carácter, o 36,5% das prestacións en Galicia son de tipo económico, 4,4 puntos porcentuais máis que no ano anterior, fronte ao 63,5% das prestacións por servizos. No conxunto de España as prestacións económicas representan o 40,1% das prestacións fronte ao 59,9% das prestacións por servizos. Entre as prestacións económicas o 19,7% das prestacións totais galegas son prestacións para coidados no entorno familiar (29,3% no Estado).

Dentro das prestacións por servizos destacan polo seu número e elevado peso relativo, as prestacións de axuda a domicilio, que representa o 28,4% do total en Galicia fronte ao 18% de media no Estado; pola contra, servizos como a teleasistencia só representan o 10,7% das prestacións en Galicia fronte ao 22,4% de media no Estado.

A única prestación que se reduce no último ano en relación ao ano anterior é Axuda a domicilio, que cae nun 4,8%, cunha redución en termos absolutos de 1.217 prestacións. Pola contra, as prestacións que máis se incrementan, en termos absolutos, son as prestacións económicas vinculadas ao servizo (29% máis), as prestacións económicas de asistencia persoal (18,8%) e as prestacións económicas para coidados familiares (10,2%)

Segundo os datos do Observatorio da Dependencia, da asociación de directoras e xerentes de servizos sociais, o SAAD xera en Galicia case 20.000 postos de traballo directos. O gasto público neste servizo xera en Galicia 52,7 postos de traballo por millón de euros invertido, fronte aos 40,9 que xera de media no resto do Estado.

O promedio de gasto público por persoa dependente en 2023 en Galicia (4.856,6 €), o que implica una maior diferencial coa media nacional (6.131,6€), coa que existe unha diferenza de -1.278,8€ dependente/ano e un diferencial do -20,8%.

Do mesmo xeito, o gasto público por habitante (119,4€) sitúase por debaixo da media nacional en 43,8€/habitante. Este diferencial ven como consecuencia do menor gasto en servizos e da inferior taxa de cobertura de 25,62 PIAS/1.000 hab., fronte á media nacional situada en 27,72 PIAS/1.000 hab.

O Sistema de atención á dependencia, ademais de repercutir na creación de emprego tamén xera retornos económicos medidos a través da taxa de recuperación do gasto público, que permite medir o retorno esti-

Residencias e Centros de Día destinados a persoas maiores en Galicia 2023 (1)

Residenciais

	Privadas		Iniciativa pública		Iniciativa social		Total	
	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas
Galicia	**217**	**10.747**	**92**	**5.362**	**107**	**7.536**	**416**	**23.645**
A Coruña	65	3.860	22	1.869	23	1.843	110	7.572
Lugo	27	1.715	31	1.261	23	1.416	81	4.392
Ourense	75	1.807	27	1.168	44	3.111	146	6.086
Pontevedra	50	3.365	12	1.064	17	1.166	79	5.595

Centros de día

	Privadas		Iniciativa pública		Iniciativa social		Total	
	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas
Galicia	**124**	**5.076**	**108**	**3.874**	**21**	**794**	**253**	**9.744**
A Coruña	39	1.720	33	1.418	11	424	83	3.562
Lugo	10	533	33	969	4	114	47	1.616
Ourense	9	292	19	612	3	150	31	1.054
Pontevedra	66	2.531	23	875	3	106	92	3.512

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: Consellería de Política Social

4.2.11.

mado do investimento en dependencia, esta taxa no último ano en España presenta un valor do 41,4% fronte aos 46,6% acadado en Galicia. O Sistema xera en Galicia 172,5 millóns de euros derivados das cotizacións á Seguridade Social, IRPF das persoas traballadoras ou recadación de IVE polos servizos prestados.

Dentro da atención ás persoas maiores en situación de dependencia e discapacidade un servizo de gran impacto son os centros de día e á atención residencial (**cadro 4.2.11.**). Neste ámbito, Galicia presenta no último ano un crecemento de intensidade similar, tanto no número de residencias como de prazas. En 2023 Galicia conta cun total de 416 residencias, un 1,7% máis que no ano anterior (7 residencias máis, das que 4 son privadas, 2 de iniciativa pública e 1 de iniciativa social), das que máis da metade son residencias privadas (217 residencias; 52%) e 107 son de iniciativa social (25,7%), sendo o 22% restante, residencias públicas (92 centros). No que ao número de prazas se refire, as 416 residencias ofertan un total de 23.645 prazas, o que supón un incremento do 1,9% respecto ao ano anterior (450 prazas máis).

Atendendo á desagregación segundo titularidade da residencia, o 45,4% das prazas ofertadas corresponden a residencias privadas (10.747 prazas), o 31,9% a residencias de iniciativa social (7.536), ofertando os centros públicos o 22,7%, o que supón 5.362 prazas.

O 60% e o 51% das prazas residenciais ofertadas nas provincias de Pontevedra e A Coruña están en centros privados, o que contrasta coa provincia de Ourense onde o só o 29,7% das prazas corresponden a centros privados, e o 51% a centros de iniciativa social como fundacións, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro, rexistrándose nesta provincia o 19,2% das prazas públicas. A provincia de Lugo rexistra o maior peso relativo das prazas en residencias públicas co 28,7% do total, seguida da provincia de A Coruña, cun 24,4% das súas prazas residenciais, de Ourense co 19,2% e finalmente Pontevedra onde só o 19% do total das súas pazas residencias son de titularidade pública.

Outro recurso básico no coidado de maiores son os centros de día. Tras un aumento en torno ao 2% tanto no número de centros como de prazas, Galicia conta en 2023 con 253 centros de día que ofertan un total de 9.744 prazas. Ao igual que acontece no caso das residencias, predominan os centros privados, que representan en torno á metade dos centros e prazas (124 centros e 5.076 prazas ofertadas).

Centros prestadores de servizos sociais 2023 (1)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Outra (2)	Pontevedra	TOTAL
Iniciativa privada con ánimo de lucro	179	58	108	-	186	531
Discapacidade		1			3	4
Infancia	75	20	24		66	185
Maiores	104	37	84		116	341
Menores					1	1
Iniciativa pública	241	143	111	7	175	677
Comunidade	22	15	13		23	73
Discapacidade	13	5			5	23
Familia	4	1	2		3	10
Igualdade				7		7
Inclusión	2	1	1		4	8
Infancia	133	55	44		95	327
Maiores	62	65	46		38	211
Menores	5	1	5		7	18
Iniciativa social	235	93	114	1	193	636
Comunidade	1				2	3
Discapacidade	98	32	32		73	235
Igualdade		3	1	1		5
Inclusión	52	8	18		39	117
Infancia	25	3	2		31	61
Maiores	40	30	50		21	141
Menores	19	17	11		27	74
Total	**655**	**294**	**333**	**8**	**554**	**1.844**

(1) datos a 31 decembro

(2) fai referencia a entidades que teñen o seu domicilio social fora de Galicia

Fonte: Consellería de Política Social

4.2.12.

Coidadores non profesionais: afiliados en alta na Seguridade Social 2019-23 (1)

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia / España (%)
2019	2.976	1.237	363	294	1.082	55.051	5,4
2020	3.576	1.464	435	315	1.362	60.293	5,9
2021	4.296	1.810	492	327	1.667	67.225	6,4
2022	4.687	1.915	518	365	1.889	69.605	6,7
2023	5.328	2.152	568	459	2.149	77.231	6,9

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

A Disposición Transitoria decimoterceira do Real Decreto-Lei 20/2012 establece que os convenios especiais no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais extinguiranse o día 31 de agosto de 2012, agás que o subscritor solicite expresamente o mantemento do mesmo; neste caso, dende o día 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2012 a cotización terá unha redución do 10%, estando o 5% restante da cota a cargo da Administración e o 85% a cargo do coidador. A partir do día 1 de xaneiro de 2013, o convenio especial será a cargo exclusivamente do coidador profesional.

Fonte: Seguridad Social, *Series de Cuidadores No Profesionales*

4.2.13.

Finalmente, resulta necesario ter en conta os servizos prestados polo chamados coidadores non profesionais, isto é, coidadores das persoas en situación de dependencia que sexan perceptores da prestación económica correspondente (RD 615/2007), que poden subscribir o convenio especial de coidadores non profesionais da SS cando non se atopen en situación de alta en calquera outro réxime da SS a tempo completo, desemprego ou sexa perceptor de determinada prestacións. A modificación do devandito RD a partir do 1 de abril de 2019, que establece que as cotas correspondentes aos convenios especiais da SS dos coidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia, serán aboadas pola Administración Xeral do Estado, explica o notable incremento no número de afiliados ao convenio de coidadores non profesionais en Galicia dende ese momento. Como se aprecia no **cadro 4.2.13.**, no último ano Galicia conta con 5.328 persoas coidadoras nesta situación, 641 persoas máis que no ano anterior, concentrándose en Galicia o 6,9% de coidadores non profesionais do Estado, dúas décimas porcentuais máis que no ano anterior.

No que respecta ás persoas con discapacidade, estas afrontan unha situación de vulnerabilidade económica e de risco de pobreza que as prestacións monetarias e de servizos permiten paliar en parte. Neste senso os centros de atención ás persoas discapacitadas son un recurso fundamental.

No ano 2023 (**cadro 4.2.12.**), o número de centros de atención a persoas discapacitadas en Galicia é de 262, tres máis que no ano precedente, dos que 23 son de titularidade pública e 4 corresponden a centros de iniciativa privada con ánimo de lucro, a gran maioría de centros (235) son centros de iniciativa social.

Familia e infancia

A Enquisa Estrutural de Fogares publicada polo IGE con datos para 2022 reflicte que a tipoloxía de fogar máis recorrente en Galicia corresponde aos compostos por unha parella con fillos, cun 30,7% do total, por diante dos fogares compostos por parellas sen fillos, co 24,7%, e dos fogares unipersoais, co 22,3%, sendo estes últimos os que máis se reducen en relación ao ano anterior. Como reflicte o **cadro 4.2.14.**, se se toma como referencia o ano 2019 cómpre resaltar que a única tipoloxía de fogar que medra son os compostos por unha parella sen fillos, que pasan de representar o 23,1% do total de fogares no ano 2019 ao citado 24,7% en 2022.

O crecemento vexetativo e o envellecemento da poboación, xunto con motivos económicos e de acceso á vivenda determinan a tipoloxía dos fogares dun territorio. No que respecta ao crecemento vexetativo, resulta destacable o aumento no número de fogares que rexistran altas, pasando de 23.604 fogares en 2021 a 24.301 no ano seguinte, sendo consecuencia de nacementos, adopcións ou acollementos o 51,4% das altas rexistradas.

No que respecta á composición dos fogares en función da idade dos membros do mesmos, en 79 de cada cen fogares galegos non reside ningún menor de 16 anos, acadando esta porcentaxe o 83,5% na provincia de Ourense.

A cada vez menor taxa de natalidade é un problema xeneralizado en todos os países desenvolvidos. Unha das medidas máis acaídas á hora de tratar de favorecer a conciliación familiar é a creación de prazas en escolas infantís. En Galicia en 2023 (**cadro 4.2.15.**), o número de escolas infantís aumentou ata as 498, dúas máis que no ano anterior, situándose o número de prazas ofertadas nas 30.376, 136 máis que en 2022. Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos continúa coa súa tendencia descendente, acadando 60.326 nenos e nenas en 2023 (-3%), a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 50,4, 2,6 puntos por riba do rexistrado no ano anterior. A Coruña sitúase como a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 214 centros existentes ofrecen unha rateo de 52,7 prazas, séguelle Pontevedra, con 51,5 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e Ourense e Lugo, con 45 e 42,4 prazas por cada 100 nenos menores de 3 anos.

No que respecta aos datos relativos á titularidade dos centros, no ano 2023 a metade dos centros infantís ga-

Fogares 2019-22: tipoloxías segundo o tamaño do concello (1)

	< 10.000 hb.	Entre 10.000 e 20.000 hb	Entre 20.000 e 50.000 hb.	>50.000 hb	Total
			(%)		
Unipersoal					
2019	23,9	20,7	20,7	22,5	22,3
2020	23,2	19,5	20,2	24,0	22,4
2021	22,9	21,3	21,6	24,6	23,1
2022	22,6	20,3	19,4	24,3	22,3
Sen núcleo					
2019	2,6	1,4	1,9	2,2	2,1
2020	2,2	1,7	2,8	2,5	2,3
2021	2,5	1,9	1,6	2,5	2,2
2022	2,8	1,5	1,4	2,3	2,1
Parella con fillos					
2019	25,8	33,9	34,6	31,6	30,8
2020	25,6	33,4	35,2	30,5	30,3
2021	25,5	33,6	34,7	31,0	30,4
2022	26,2	33,2	35,6	30,7	30,7
Parella sen fillos					
2019	23,3	21,6	23,4	23,6	23,1
2020	25,3	25,6	21,3	24,4	24,4
2021	25,0	24,4	23,6	23,1	24,0
2022	25,1	24,3	23,0	25,3	24,7
Monoparental					
2019	9,7	10,4	10,7	12,5	11,1
2020	8,8	9,1	10,8	12,2	10,4
2021	8,4	9,3	9,2	11,9	10,0
2022	8,8	10,6	10,9	10,8	10,2
Un núcleo e outros					
2019	9,7	7,8	5,8	5,5	7,1
2020	9,8	5,8	6,6	4,9	6,8
2021	10,5	6,1	6,8	4,7	7,0
2022	8,9	6,4	6,9	5,1	6,7
Varios núcleos					
2019	5,0	4,3	2,9	2,2	3,5
2020	5,0	4,9	3,2	1,6	3,4
2021	5,3	3,5	2,5	2,2	3,4
2022	5,6	3,7	2,9	1,7	3,4
Total	100	100	100	100	100

(1) Datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.14.

legos son de iniciativa pública (261; 52,4%) e concentran o 55,9% das prazas (16.996 prazas), de xeito que o número de prazas públicas por cada cen nenos de 0-3 anos é de 28,2 prazas. A nivel provincial o 60,7% das escolas infantís de Lugo son de iniciativa pública, porcentaxe que se sitúa no 66,7% no caso das prazas ofertadas, sendo a porcentaxe máis reducida a que corresponde á provincia de Ourense co 44,7% das escolas infantís de iniciativa pública e o 53,3% das prazas. En termos relativos, en Ourense e Pontevedra o número de prazas públicas por cada cen nenos de 0-3 anos é de 24 e 25,6 prazas, presentando A Coruña a taxa máis elevada, con 31,3 prazas, seguida de Lugo con 28,3.

Violencia de xénero e violencia doméstica

Na Lei 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, defínese a violencia de xénero como a manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, que se exerce

Escolas infantís 2023: distribución segundo tipo de iniciativa e provincia

	Centros	Prazas		
			poboación 0-3 anos	prazas / poboación *(prazas / 100 habs.)*
Iniciativa pública	261	16.996	60.326	28,2
A Coruña	118	8.068	25.798	31,3
Lugo	34	1.955	6.912	28,3
Ourense	21	1.379	5.744	24,0
Pontevedra	88	5.594	21.872	25,6
Iniciativa privada con ánimo de lucro	177	9.731	60.326	16,1
A Coruña	71	4.080	25.798	15,8
Lugo	19	876	6.912	12,7
Ourense	24	1.137	5.744	19,8
Pontevedra	63	3.638	21.872	16,6
Iniciativa social	60	3.649	60.326	6,0
A Coruña	25	1.454	25.798	5,6
Lugo	3	101	6.912	1,5
Ourense	2	71	5.744	1,2
Pontevedra	30	2.023	21.872	9,2
Total	**498**	**30.376**	**60.326**	**50,4**
A Coruña	214	13.602	25.798	52,7
Lugo	56	2.932	6.912	42,4
Ourense	47	2.587	5.744	45,0
Pontevedra	181	11.255	21.872	51,5

Fonte: Consellería de Política Social

4.2.15.

sobre estas por parte de quen sexan ou teñan sido os seus cónxuxes, ou de quen están ou teñan estado ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia, e comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade.

Para tratar de medir a incidencia da violencia de xénero nunha sociedade pode utilizarse a evolución das chamadas ao teléfono de atención 016, o número de denuncias e, por suposto, o número de asasinadas vítimas de violencia de xénero.

No que respecta ao número de chamadas pertinentes ao Servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psicosocial inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia contra as mulleres (016), en Galicia en 2023 rexistráronse un total de 5.446 consultas pertinentes ao servizo 016, 861 máis que no ano precedente, das que 3.970 foron realizadas pola propia "usuaria" (73%) e 1.207 por familiares ou persoas achegadas (22% do total). O número de chamadas a este servizo incrementouse no último ano un 18,8% en Galicia fronte ao 17,3% de incremento medio no Estado.

Un segundo indicador da evolución da violencia de xénero sería o número de denuncias presentadas. En 2023, rompendo coa tendencia rexistrada nos dous anos anteriores, se incrementa o número de denuncias por violencia de xénero en Galicia, presentándose un total de 6.543 denuncias (**cadro 4.2.16.**), o que supón un incremento interanual do 13% (753 denuncias máis).

Os datos da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero reflicten o importante incremento do nú-

Denuncias por violencia de xénero 2022-23

	2023	2022	2023/22	(%)
Presentada directamente pola victima	52	154	- 102	- 66,2
Presentada directamente por familiares	3	5	- 2	- 40,0
Atestados policiais - con denuncia victima	5.356	4.120	1.236	30,0
Atestados policiais - con denuncia familiar	105	67	38	56,7
Atestados policiais - por intervención directa policial	781	1.104	- 323	- 29,3
Parte de lesións	191	232	- 41	- 17,7
Servicios asistencia-Terceiros en xeral	58	111	- 53	- 47,7
TOTAL	6.546	5.793	753	13,0

Fonte: Ministerio de Igualdad, Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género

4.2.16.

mero de denuncias presentadas a través de atestados policiais con denuncia da vítima, que no ano 2023 medraron nun 30% acadando as 5.356 denuncias, o 82% do total,

Finalmente, segundo os datos da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero no ano 2023 lamentáronse tres mulleres vítimas mortais en Galicia por mor de violencia de xénero (ningunha no ano anterior).

No ano 2023 incoáronse un total de 1.493 ordes de protección, 389 menos que no ano anterior, descendendo o número de ordes resoltas favorablemente ata as 1.029 (237 ordes menos); tamén descende o número de ordes denegadas, que se sitúa en 462 (147 menos que en 2022). Nove de cada dez ordes de protección incoadas en Galicia no ano 2023 son a instancia da vítima.

A Estatística de violencia doméstica e violencia de xénero do INE mostra datos segundo grupos de idade, que reflicten que o 1,5% das vítimas de violencia de xénero con ordes de protección ou medidas cautelares en Galicia en 2023 son persoas menores de 18 anos (22 persoas). Así mesmo en 2023 rexistráronse 114 menores (fillos, en garda ou custodia ou que conviven) vítimas de violencia de xénero correspondentes a os asuntos dos que se tiñan ditado medidas cautelares ou ordes de protección; o número de menores vítimas medrou un 67,6% en relación ao ano anterior, pasando de 68 menores vítimas aos citados 114 no ano 2023.

• Violencia doméstica


O artigo 173.2 do Código Penal define violencia doméstica como todo acto de violencia física ou psicolóxica exercida tanto por homes como por mulleres, sobre calquera persoa enumerada no citado artigo, agás os casos específicos de violencia de xénero.

A diferencia de anos anteriores, en 2023 aumenta o número de vítimas en asuntos de violencia doméstica tanto en Galicia como en España. En 2023 rexistráronse en Galicia un total de 378 vítimas en asuntos de violencia doméstica, 46 máis que no ano anterior (13,8%), o que representa o 4,1% do total estatal. Este aumento rexístrase tanto no caso de vítimas masculinas (13 máis) como femininas (33 máis), situándose o número de mulleres vítimas de violencia doméstica en 250 (o 66% do total) e en 128 no caso dos homes (o 34% restante).

Atendendo ao tipo de infraccións penais imputadas á persoa denunciada, tanto en Galicia como en España as máis elevadas son as de lesións, seguidas das de torturas e integridade moral e en terceiro lugar, as de ameazas. En Galicia, das 367 infraccións penais imputadas un total de 183 corresponden a lesións (o 49,9%), seguidas en importancia numérica por 77 infraccións consideradas como torturas e integridade moral (21%), e por 51 infraccións por ameazas (o 14%).

Asociado ao incremento dos asuntos incoados, no ano 2023 rexistrouse un incremento do 30,7% no número

Evolución de procedementos incoados de menores 2015-2022



Fonte: Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, *Memoria 2023 (exercicio 2022)*

4.2.17.

de persoas condenadas con sentencia firme por delitos de violencia doméstica, respecto ao ano anterior (93 sentencias firmes máis), acadando as 396 sentencias, o 4,5% do total estatal.

Analizando as persoas condenadas por grupos de idades, todos os grupos de idade analizados, agás os menores de 18 ano e os maiores de 65 anos, incrementaron o número de persoas condenadas con sentencia firme. No grupo de idade de menores de 18 anos, en 2023 rexístranse, 5 sentencias firmes, 14 menos que no ano anterior. De 18 a 24 anos, hai 48 persoas condenadas no ano 2023, 11 menos que no ano anterior. O grupo de idade onde se concentra o 55,8% do total de persoas condenadas é o comprendido entre 25 e 44 anos, con 221 sentencias firmes, 75 sentencias firmes máis que no ano anterior. No grupo de 45 a 64 anos, en 2023 increméntanse o número de persoas condenadas acadando as 113 sentencias firmes, 22 máis que no ano anterior. Finalmente o grupo de 65 e máis anos rexistrou 9 sentencias, unha menos que no 2022.

No que respecta á distribución por xénero, en 2023 aumentan as sentenzas firmes entre homes e mantense o mesmo número entre as mulleres. No último ano rexistráronse 264 sentencias firmes entre os homes, 93 máis que no ano anterior (incremento do 54,4%), e 132 no caso das mulleres, a mesma cifra que en 2021 e que en 2022.

Atendendo á desagregación segundo xénero, cómpre mencionar que case sete de cada dez vítimas de violencia doméstica en Galicia son mulleres (en concreto, o 66,1%). Dentro do colectivo feminino vítima de violencia doméstica, o grupo de idade onde se rexistran un maior número de vítimas é de 65 e máis anos con 82 mulleres; no caso dos homes vítimas de violencia doméstica o colectivo cun maior número de vítimas é o comprendido entre 45 a 64 anos, con 44 homes con orde de protección ou medidas cautelares.

Atención a menores

Os datos da memoria de 2023 da Fiscalía da Comunidade Autónoma, correspondentes ao exercicio 2022 (último dato dispoñible), recollen unha cifra global de 3.193 procedementos de menores incoados por delito na nosa Comunidade autónoma, o que supón un leve aumento en relación ao ano anterior. Atendendo ao tipo de procedemento, no ano 2022 houbo 2.361 dilixencias preliminares, o que supón un aumento do 6,3% respecto ao ano precedente (140 máis), rexistrándose tamén un aumento no caso dos expedientes de reforma, que acadan os 832 expediente (26 máis).

Protección de menores en Galicia 2016-2022

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Expedientes de tutela automática incoados tras comunicación da entidade pública	314	363	1.478	945	539	324	370
Expediente de garda incoados tras comunicación da entidade pública	201	263	650	1.098	228	317	442
Expedientes de protección abertos a menores en situación de risco	1.321	1.475	2.571	1.640	1.547	1.558	1.983
Procedementos de impugnación de medidas acordadas polas entidades públicas	60	76	159	76	76	76	80
A instancia del fiscal	-	1	-	1	1	1	-
A instancia de particulares	60	75	159	75	75	75	80
Intervención em procesos xudiciais relativos a acollementos	46	57	249	466	41	482	-
Intervención en adopcións	79	109	81	122	84	121	135
Intervención en procesos de defensa dos dereitos fundamentais	25	8	79	52	1	42	398
Visitas de inspección a centros de protección de menores	74	63	107	143	79	93	81
Procesos sobre sustración internacional de menores	1	2	3	6	3	2	2
Expedientes sobre ensaios clínicos	3	-	-	-	-	-	-

Fonte: Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, *Memoria 2023 (exercicio 2022)*

4.2.18.

Segundo a estatística xudicial, o número de menores enxuizados (intervidos) diminúe no último ano analizado a 608, catorce menos que no ano anterior.
Segundo a estatística fiscal, os delitos e faltas máis importantes cuantitativamente son os delitos contra o patrimonio, con 864 delitos incoados, seguido dos delitos de lesións (519), e violencia familiar, tanto doméstica como de xénero (269).

Finalmente, no que respecta ás medidas de protección do menor, o **cadro 4.2.18.** mostra os datos sobre expedientes de protección de menores nos últimos anos. Salientan, polo seu número, os expedientes de protección abertos a menores en situación de risco, con 1.983 expedientes en 2022; os expedientes de garda incoados tras comunicación das entidades públicas, con 442, as intervención en procesos de defensa dos dereitos fundamentais con 398 e os expedientes de tutela automática incoados tras comunicación da entidade pública, con 370.

Comparado co ano anterior, cómpre resaltar as intervencións en procesos de defensa dos dereitos fundamentais que se multiplicaron case por 10, pasando de 42 no ano 2021 a 398 no 2022. De forma xeral en relación ao ano anterior, aumentan todas as medidas de protección agás as intervencións en procesos xudiciais relativos a acollementos e as visitas de inspección a centros de protección de menores. ❑

4.3. Cobertura social

O incremento de prezos dos bens e servizos básicos, fundamentalmente no prezo da vivenda, poñen de manifesto a cada vez maior importancia de afrontar os problemas derivados dunha cada vez maior desigualdade.

Neste senso, resulta fundamental afianzar o compoñente redistributivo do sistema público de pensións baseado nun mecanismo de equidade interxeneracional, un modelo que se basea en distintos instrumentos de garantía de rendas, dentro dos que as prestacións do sistema da Seguridade Social teñen un papel fundamental. A protección social que brinda o sistema é especialmente importante en territorios como Galicia, cunha estrutura económica e demográfica onde as prestacións e subsidios sociais son a única ou a principal fonte de rendas de moitos fogares.

No ano 2022, segundo os datos proporcionados pola Enquisa estrutural a fogares publicada polo IGE, o 35,4% dos ingresos dos fogares galegos proceden de prestacións, porcentaxe que acada o 43% na provincia de Ourense. Así mesmo, no 30,9% dos fogares galegos o 100% dos seus ingresos provén das prestación, acadando esta porcentaxe na provincia de Ourense o 40,6%. Ademais para o 41,3% dos fogares galegos as prestacións representan máis da metade dos seus ingresos, e no 32% dos fogares as prestacións representaban no ano 2022 máis do 75% dos ingresos totais do fogar.

Para a análise da cobertura social, abordaremos en primeiro lugar os datos dos beneficiarios e prestacións económicas das pensións contributivas. No ano 2023 o número de pensións contributivas aumenta lixeiramente (0,5%), e mantén o peso sobre o total estatal no 7,7%, acadando o seu importe medio só o 85,5% da media estatal, dúas décimas máis que no ano anterior.

Xunto a estas pensións contributivas analízanse as prestacións por desemprego que, seguindo a tendencia do ano anterior, reducen o seu número de beneficiarios, caída en paralelo á redución dos niveis de desemprego.

No ámbito das prestacións non contributivas destacan as pensións non contributivas, que continúan co descenso do número de beneficiarios, pola caída do número de beneficiarios de prestacións por invalidez xa que os beneficiarios de prestacións por xubilación au-

Prestacións 2022-23: distribución segundo tipo de cobertura

	Número		Importe medio	
	2023	2022	2023	2022
	(medias anuais, en miles)		*(en € / mes)*	
Pensións contributivas	772,0	768,3	1021,42	930,12
Incapacidade permanente	72,3	71,1	1017,70	939,79
Xubilación	485,3	482,3	1168,18	1062,23
Viúvez	184,3	184,7	720,76	657,76
Orfandade e favor familiar	30,1	30,1	505,71	462,35
Pensións non contributivas	36,9	37,1		
Invalidez	12,8	13,1	520,80	486,22
Xubilación	24,1	24,0	472,92	441,95
Prestaciones sociais e económcias para persoas con discapacidade (1)	0,1	0,2		
	(datos a 31-12 , en miles)		*(en € / mes)*	
Prestacións por desemprego *	82,5	84,2		
Contributivas	38,0	38,4	941,80	887,40
Subsidios	39,9	40,7	480,00	463,21
Renta activa de inserción	4,5	4,9	480,00	463,21
	(beneficiarios anuais)			
RISGA	5.508	6.247	506,79	456,37
AIS	3.944	3.283	1.209,33	1.136,75

(*) A contía media das prestacións asistenciais (subsidios, renda agraria, RAI e PAE), é do 80% do IPREM=451,92 euros (15,03 € x 30 días)

(1) RDL 1/2013 de 29 de noviembre que deroga a Lei 13/1982 de 7 de abril de Integración Social de Minusválidos (LISMI) pasando a denominarse: Prestaciones económicas para personas con discapacidad

RISGA: Renda de integración social de Galicia

AIS: Axudas de inclusión social. Pago único.

Fonte: Ministerio deTrabajo y Economía Social e Consellería de Política Social.

4.3.1.

mentan levemente o seu número, tamén se analizadan as prestacións sociais e económicas derivadas da Lei de Integración Social dos Minusválidos, as prestacións familiares, e o Ingreso Mínimo Vital.

Pensións contributivas

As pensións contributivas son a partida de gasto máis importante no orzamento da Seguridade Social, e están compostas por un conxunto de prestacións económicas, xeralmente de duración indefinida, cuxa concesión está supeditada normalmente a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social, e cuxa contía ven determinada polas aportacións efectuadas por persoas traballadoras e empresarios, se se trata de persoas traballadoras por conta allea, durante o período considerado aos efectos da base reguladora da pensión de que se trate.

A estrutura demográfica determina o aumento paulatino no número de pensións contributivas da Seguridade Social acadando en Galicia no último ano as 772.000 pensións, un 0,5% máis que no ano anterior, un incremento seis décimas inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (1,1%). No ano 2023 increméntase tamén nun 9,8% o importe medio das prestacións contributivas en Galicia, situándose en 1.021,42 euros de media ao mes, unha contía que segue sendo un 14,5% inferior á media estatal, polo tanto, o importe medio das pensións contributivas en Galicia é tan só un 85,5% do importe medio estatal, porcentaxe case idéntica á do ano anterior, xa que os incrementos do importe medio en Galicia e no conxunto do Estado son tamén semellantes (9,8% e 9,6% respectivamente).

Novamente en 2023, Galicia é a segunda Comunidade Autónoma co importe medio das pensións contributi-

Pensións contributivas en Galicia e España 2022-23: distribución segundo clase

	Galicia			España			G / E	
	2023	2022	23/22	2023	2022	23/22	2023	2022
Totais								
número	772,00	768,30	0,5	10.051,74	9.943,00	1,1	7,7	7,7
importe medio	1.021,42	930,12	9,8	1.194,73	1.089,80	9,6	85,5	85,3
Incapacidade permanente								
número	72,30	71,10	1,7	946,00	951,07	-0,5	7,6	7,5
importe medio	1.017,70	939,79	8,3	1.119,00	1.034,86	8,1	90,9	90,8
Xubilación								
número	485,30	482,30	0,6	6.367,70	6.253,80	1,8	7,6	7,7
importe medio	1.168,18	1.062,23	10,0	1.374,58	1.254,14	9,6	85,0	84,7
Viuvez								
número	184,30	184,70	-0,2	2.351,85	2.351,70	0,0	7,8	7,9
importe medio	720,76	657,76	9,6	851,64	778,48	9,4	84,6	84,5
Orfandade e favor familiar (2)								
número	30,10	30,10	0,0	386,14	386,40	-0,1	7,8	7,8
importe medio	505,71	462,35	9,4	589,90	537,77		-	-

(1) o número de pensións está en miles; os importes medios, en euros/mes
(2) a estadística non agrega estas pensións para España
Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Pensiones contributivas a la Seguridad Social.*

4.3.2.

vas máis baixo, só por diante de Estremadura (998,2 euros/mes).

Os efectos negativos, tanto dende un punto de vista económico como social, do baixo importe das pensións en Galicia son máis intensos na medida en que existe un alto número de fogares con ingresos exclusivamente procedentes de prestacións, xunto co elevado peso destas prestacións que acadan o 7,7% do total Estatal.


Dentro da acción protectora do Réxime Xeral e dos Réximes Especiais da Seguridade Social, nas pensións contributivas inclúense as pensións por xubilación, por incapacidade permanente, as pensións de viuvez, e orfandade e favor de familiar.

O 62,9% do total de pensións contributivas en Galicia son pensións de xubilación, sendo o importe medio de 1.168,2 euros ao mes, o máis elevado de todas as pensións contributivas en Galicia. O número de pensións contributivas por xubilación en Galicia (**cadro 4.3.2.**) foi en 2023 de 485.300, 3.000 máis que no ano anterior, o que supón o 7,6% do total estatal.

O importe medio das pensións por xubilación presenta un incremento interanual do 10%, catro décimas por riba do rexistrado no conxunto de España; un aumento en Galicia lixeiramente superior a media do Estado, que non evita que se siga ampliando o diferencial coa media estatal que se sitúa en 206,4 euros (191,9 euros no ano anterior), e que mantén a Galicia xunto con Estremadura (1.047,5 euros), como as Comunidades co importe medio máis reducido das pensións contributivas por xubilación de todo o Estado e cun maior diferencial coa media estatal.

Dentro das pensión contributivas, as pensións de incapacidade permanente son prestacións que tratan de cubrir a perda de ingresos que sofre unha persoa traballadora cando por enfermidade ou accidente se reduce ou anula a súa capacidade laboral; esta incapacidade permanente pode ser parcial, total, absoluta ou grande invalidez. No ano 2023 rexístranse en Galicia 72.300 pensións contributivas por incapacidade permanente, ascendendo o seu importe medio mensual a 1.017,7 euros, o que supón 101,3 euros menos que o importe medio en España. A pesar do incremento de máis do 8% no importe medio destas pensións, Galicia segue sendo a terceira Comunidade Autónoma cun menor importe medio, só por diante de

Pensións contributivas 2008-23(1): distribución segundo clase de pensión



(1) medias anuais, en miles
Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Pensiones contributivas a la Seguridad Social*

4.3.3.

Estremadura (951 euros) e Murcia (1.011 euros).

As prestacións por morte e supervivencia son as pensións que se conceden en caso de morte do traballador, calquera que fose a súa causa, e poden ser pensións por viuvez, orfandade e pensións vitalicia ou subsidios temporais en favor de familiares.


O número de pensións contributivas de viuvez en Galicia redúcese moi lixeiramente no ano 2023 acadando as 184.300 (o 7,8% do total estatal), aumentando o seu importe medio mensual ata os 720,76 euros, un 9,6% máis que no ano anterior, o que non evita que siga sendo o máis reducido do conxunto do Estado, con 130,9 euros menos ao mes que a media estatal. As pensións de orfandade e favor familiar, que presentan datos conxuntamente, rexistran 30.100 pensións en Galicia (o 7,8% do total de España) ascendendo o seu importe medio a 505,7 euros mensuais, un 9,4% máis que no ano anterior.

Dado que, tal como se sinalou anteriormente, as pensións contributivas están supeditadas, normalmente, a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social, e cuxa contía ven determinada polas aportacións, durante o período considerado aos efectos da base reguladora da pensión de que se trate, entendemos convinte analizar as pensión en función do Réxime de cotización.

Neste senso, aumentan as pensións procedentes do Réxime Xeral un 2,1% ata as 450.182, diminuíndo novamente as do Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA), que se sitúan 237.840 pensións. O 58,3% do total de pensións en 2023 pertencen ao Réxime Xeral, un 0,9% máis que no ano anterior, fronte ao descenso do 0,7% no número de pensións do RETA que representa o 30,8% do total de pensións. No conxunto do Estado, o Réxime xeral acolle ao 73,9% do total de pensións contributivas e o RETA só ao 19,7%.

A sinalada medra interanual do 0,5% no total de pensións contributivas en Galicia en 2023 ven motivada case exclusivamente polo incremento do 2,1% no número de pensións no réxime xeral (9.107 máis), que compensa a redución experimentada no Réxime Espe-

Importe medio das pensións contributivas 2008-23: distribución segundo clase de pensión



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones, *Pensiones contributivas a la Seguridad Social*

4.3.4.

cial de autónomos, con 4.284 pensións menos, o descenso de 722 pensións no caso do SOVI e de 522 no Réxime do mar.

No que respecta á análise do importe medio das pensións contributivas segundo o réxime de cotización, o importe medio das pensións contributivas no conxunto do Sistema no último ano ascende en Galicia a 1.021,42 euros mensuais, o que supón un aumento do 9,8%, dúas décimas superior á media española, un diferencial de crecemento que non permite pechar a fenda existente co importe medio Estatal, que no último ano segue medrando. Así mesmo, o reducido importe medio das pensións contributivas en Galicia afecta en maior medida ao colectivo de mulleres que representan o 54,1% do total de pensións contributivas rexistradas en Galicia no último ano cun importe medio de 827 euros, 424 euros mensuais menos que a pensión media para os homes, o 34% menos.

O importe medio das pensións contributivas no réxime xeral ascendeu a 1.071,6€/mes (1.306,9 €/mes no conxunto do Estado) e a 717 euros mensuais no caso do R.E. de Autónomos (822,4 €/mes en España). O importe medio das pensión do RETA en Galicia é un 12,8% inferior á media do Estado. O menor importe das pensións do R.E de traballadores autónomos en Galicia ten unha maior incidencia dado o elevado peso das afiliacións a este réxime en Galicia (30,8% en Galicia fronte ao 19,7% do total no Estado).

O peso relativo das pensións dentro do Réxime especial de traballadores do mar en Galicia é case seis veces superior que no conxunto do Estado; así en Galicia este réxime acolle ao 6,8% do total das pensións fronte ao 1,2% de media no Estado; a pesar do descenso no último ano, o 44,4% do total de pensións contributivas neste réxime no Estado, localízanse en Galicia. No ano 2023, o número de pensións descendeu levemente ata as 52.440 (1% menos que no ano anterior) e o seu importe medio, tras unha medra do 9,5%, acada os 1.128,5 euros mensuais, un 8,4% por baixo da media estatal.

Finalmente, no **cadro 4.3.5.** observamos como tanto en Galicia como no conxunto do Estado, o importe medio das pensións é maior nas pensións contributivas dos homes que nas das mulleres en todos os réximes

Pensións contributivas en Galicia e España 2022-23: distribución segundo réxime e sexo (1)

Número de pensións
2023

	Galicia			España			23/22	
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Galicia	España
							(%)	
Réxime xeral	450.181,7	218.699,4	231.482,3	7.430.041,9	3.565.422,3	3.864.602,8	2,1	1,7
R. E. de traballadores autónomos	237.839,6	90.762,8	147.075,4	1.982.284,0	941.656,4	1.040.610,7	-1,8	0,2
R. E. de traballadores do mar	52.439,8	29.453,6	22.986,2	118.190,9	67.293,7	50.896,3	-1,0	-1,4
R.E. da minería do carbón	1.371,3	744,7	626,7	59.481,1	37.616,9	21.863,2	-3,1	-2,0
Accidentes de traballo	18.443,1	11.002,5	7.439,6	202.404,9	124.696,9	77.706,0	0,6	-0,2
Enfermidades profesionais	3.386,1	2.111,9	1.274,2	32.623,2	17.309,6	15.313,6	2,1	-2,3
SOVI (2)	8.365,8	1.691,7	6.674,1	226.714,5	17.762,5	208.950,9	-7,9	-6,9

Importe medio
2023

	Galicia			España			23/22	
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Galicia	España
							(%)	
Réxime xeral	1.171,6	1.396,6	959,0	1.306,9	1.564,7	1.069,1	9,3	9,4
R. E. de traballadores autónomos	717,0	848,1	636,0	822,4	957,2	700,3	9,6	9,6
R. E. de traballadores do mar	1.128,5	1.415,9	760,3	1.223,0	1.514,8	837,2	9,5	9,5
R.E. da minería do carbón	1.704,7	2.247,6	1.059,6	2.100,0	2.583,5	1.268,1	9,7	9,9
Accidentes de traballo	1.115,5	1.224,8	953,8	1.225,6	1.339,9	1.042,3	9,0	8,6
Enfermidades profesionais	1.367,8	1.520,6	1.114,4	1.468,3	1.651,9	1.260,7	8,1	7,9
SOVI (2)	466,3	475,8	463,9	454,4	476,3	452,6	8,0	7,8

(1) datos anuais; os datos do importe medio están en euros/mes

(2) Seguro obligatorio de vellez e invalidez

Fonte: Seguridad Social, *Estadística de pensiones*

4.3.5.

de afiliación. Tendo en conta o volume de afiliación, son especialmente significativos os casos do réxime xeral e o R.E. de traballadores autónomos. No que respecta ao réxime xeral, o número de pensións recibidas por mulleres son 12.813 máis que por homes, e o seu importe medio ascende a 959 euros fronte aos 1.396,6 euros das homes, é dicir, 438 euros menos ao mes, ampliándose a diferenza respecto do ano anterior. No concernente aos traballadores autónomos, o número de pensións das mulleres é superior ao dos homes (147.075 mulleres fronte a 90.763 homes) o importe medio das pensións das mulleres é de 636 euros cando entre os homes ascende a 848,1 euros (212 euros de diferencia, medrando este diferencial a 21,1€ respecto do ano anterior).

Outras prestacións do sistema

Ademais das prestacións contributivas xa analizadas, o sistema de protección pública da Seguridade Social integra outras prestacións tanto de carácter contributivo como non contributivo.

Dentro das prestacións contributivas destacan as de incapacidade temporal e as asociadas ao nacemento e coidado de menores: maternidade, paternidade, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural, e coidado de menores afectados por cancro ou enfermidade grave. No que respecta ás prestacións económicas de carácter non contributivo, analízanse as pensións non contributivas de xubilación e viuvez, as prestacións sociais e económicas derivadas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e as prestacións familiares.

O subsidio por incapacidade temporal cubre a situación na que se atopa o traballador cando está imposibilitado temporalmente para traballar e precisa asistencia sanitaria da Seguridade Social, sendo beneficiarios os traballadores afiliados e en alta, que teñan cuberto un

Incapacidade temporal: continxencias comúns 2022-23

	2023					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Continxencias comúns (1)						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	31.569	8.605	6.459	25.046	71.679	1.029.862
Duración media dos procesos finalizados no período	69,6	89,9	63,8	70,9	71,5	39,0
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	23,4	19,5	24,5	23,6	23,1	31,3
Prevalencia por cada mil traballadores protexidos	66,0	67,2	58,4	64,9	65,0	47,4

	2022					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Continxencias comúns (1)						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	26.979	7.827	5.712	22.102	62.620	901.217
Duración media dos procesos finalizados no período	73,9	89,4	64,8	70,5	73,3	41,4
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	22,5	19,1	22,5	23,4	22,4	29,0
Prevalencia por cada mil traballadores protexidos	57,7	61,7	52,5	58,4	57,9	42,6

	23/22					
				(%)		
Continxencias comúns (1)	17,0	9,9	13,1	13,3	14,5	14,3

(1) Agás autónomos

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economia Social

4.3.6.

período mínimo de cotización de 180 días dentro dos 5 anos anteriores á data da baixa, cando esta se deba a enfermidade común. En caso de accidente ou enfermidade profesional, non se esixe período previo de cotización.

No conxunto do ano 2023 o número de procesos por incapacidade temporal en vigor por continxencias comúns aumenta un 14,5% respecto ao ano anterior, ascendendo a 71.679 procesos, 9.059 máis que en 2022. Como amosa o **cadro 4.3.6.**, este incremento é semellante no conxunto do Estado (14,3%) polo que o seu peso relativo mantense en torno ao 7%.

No último ano, tanto en Galicia como na media do Estado, se reduce lixeiramente a duración media dos procesos para as continxencias comúns que en Galicia acada os 71,5 días, 1,8 días menos que no ano anterior, tempo moi superior ao rexistrado no conxunto de España, con 39 días (41,4 días no ano precedente).

Do total de traballadores e traballadoras en alta protexidos por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns en Galicia, **cadro 4.3.7.**, un 70,1% está cuberto por mutuas, un 28,3% polo INSS e un 1,5% polo ISM. A nivel estatal o peso relativo das mutuas é lixeiramente superior ao galego, situándose no 71,8% fronte ao 28% no caso do INSS e o 0,2% do ISM.

No que respecta ás prestacións e axudas no ámbito da familia e a infancia (**cadro 4.3.8.**), destacamos as seguintes:

– *Prestacións de nacemento e coidado do menor:* Prestacións económicas que tratan de cubrir a perda de rendas do traballo ou de ingresos que sofren as persoas

Traballadores protexidos por incapacidade temporal 2022-23 (1)

	2023			
	Continxencias comúns		Continxencias profesionais	
	Galicia	España	Galicia	España
Total Sistema	1.102.848	21.712.707	1.050.988	20.135.723
INSS	312.361	6.075.221	66.471	764.201
ISM	16.811	39.923	9.485	12.673
Mutuas Colaboradoras	773.676	15.601.243	975.032	19.358.849

	2022			
	Continxencias comúns		Continxencias profesionais	
	Galicia	España	Galicia	España
Total Sistema	1.082.373	21.134.814	1.029.903	19.541.425
INSS	300.909	5.907.824	65.669	760.486
ISM	17.698	39.691	10.094	13.392
Mutuas Colaboradoras	772.790	15.203.350	954.140	18.536.631

(1) Finais do período considerado

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

4.3.7.

Prestacións relacionadas co nacemento e os cuidados da primeira infancia 2022-23 (1)

	2023			2022		
	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)
Prestación de nacemento e coidado do menor						
Total da prestación	21.118	467.678	4,5	21.518	473.720	4,5
Primeiro proxenitor	10.369	220.829	4,7	10.634	224.359	4,7
Segundo proxenitor	10.749	246.849	4,4	10.884	249.361	4,4
Risco durante o embarazo						
Nº de procesos iniciados no periodo	6.226	126.184	4,9	5.254	84.203	6,2
Número de procesos en vigor ao final do período	791	17.138	4,6	856	15.039	5,7
Risco durante a lactancia natural						
Nº de procesos iniciados no periodo	44	2.198	2,0	34	939	3,6
Número de procesos en vigor ao final do período	26	453	5,7	28	397	7,1
Coidado de menores afectados polo cancro ou enfermidade grave						
Nº de procesos iniciados no periodo	178	5.337	3,3	151	3.884	3,9
Número de procesos en vigor ao final do período	503	13.379	3,8	467	10.080	4,6

(1) acumulado a decembro

Fonte: Seguridad Social

4.3.8.

traballadoras, por conta allea ou por conta propia, cando se lles suspende o seu contrato ou se lles interrompe a súa actividade para gozar dos períodos de descanso e permisos que se desfruten por nacemento dun fillo ou filla, adopción e acollemento legalmente establecidos. Para esta estatística considérase primeiro proxenitor, nos supostos de maternidade biolóxica, á nai se esta ten dereito ao desfrute do permiso, e nos supostos de adopción, garda ou acollemento, segundo a opción dos interesados.

En 2023 en Galicia, o número total de prestacións de

Beneficiarios de prestacións non contributivas nas CC.AA. 2019-23 (1)

		2019	2020	2021	2022	2023
Total						
	Galicia	38.660	38.230	37.525	37.103	36.866
	España	452.692	449.995	446.556	445.798	447.980
Invalidez						
	Galicia	14.404	14.055	13.574	13.132	12.787
	España	193.122	188.670	184.378	179.967	175.792
Xubilación						
	Galicia	24.257	24.175	23.951	23.971	24.079
	España	259.570	261.325	262.177	265.830	272.188

(1) medias anuais

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Prestaciones no contributivas*

4.3.9.

nacemento e coidado do menor, ascendeu a 21.118, o que representa o 4,5% do total estatal, das que 10.369 corresponden ao primeiro proxenitor (4,7% do conxunto de España) e as restantes 10.749 prestacións ao segundo proxenitor (4,4% do total estatal). No concernente á duración media dos procesos para o primeiro proxenitor nos supostos de maternidade biolóxica, esta ascende a 107,8 días no caso de non compartiren o período de descanso (108,3 de media en España).

– *Prestacións por risco durante o embarazo:* O seu obxectivo é cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible co seu estado, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificados. No ano 2023 redúcese en Galicia, a diferenza do que acontece a nivel estatal, o número de procesos en vigor, rexistrándose 791 procesos ao final do período, o 4,6% do total estatal, sendo a duración media dos procesos finalizados de 88,7 días, fronte a 90,1 días de media no Estado.


– *Prestacións por risco durante a lactación natural:* Esta prestación económica trata de cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante a lactación natural dun menor de 9 meses, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible coa súa situación, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificados. O número de procesos en vigor a finais de 2023 foi en Galicia de 26 (dous menos que no ano anterior), cunha duración dos procesos finalizados de 157,5 días fronte aos 127,3 días de media no conxunto do Estado.

– *Prestacións por coidado de menores afectados polo cancro ou enfermidade grave:* A efectos da prestación por coidado de menores afectados por cancro u outra enfermidade grave, considérase situación protexida a redución da xornada de traballo que leven a cabo as persoas proxenitoras, adoptantes e acolledoras de carácter familiar preadoptivo ou permanente, cando ambas traballen, para o coidado do menor o seu cargo afectado por cancro u outra enfermidade grave. O número de procesos en vigor a finais de 2023 en Galicia ascende a 503, o que representa o 3,8% do total estatal, situándose a duración media dos procesos finalizados en 665,5 días, sendo de 588,8 días a duración media en España.

Pensións non contributivas

As pensións non contributivas son prestación periódicas vitalicias ou de duración determinada en favor de aquelas persoas que non cotizaron nunca ou de xeito

Promedio mensual das pensións non contributivas 2014-23: distribución segundo clase de pensión (1)



(1) medias anuais, en euros
Fonte: IMSERSO, *Pensiones no contributivas de jubilación e invalidez*

4.3.10.

insuficiente para ter dereito a unha pensión contributiva pola realización de actividades profesionais. Estas pensións non contributivas aseguran aos cidadáns unha prestación económica, asistencia médico-farmacéutica gratuíta e servizos sociais complementarios, sendo as clases de pensións as de Invalidez e Xubilación.

No último ano continúa a redución no número de persoas beneficiarias de prestacións non contributivas en Galicia. Tras unha caída do 0,6% respecto ao ano anterior , fronte ao incremento do 0,5% no conxunto do Estado. O número total de beneficiarias e beneficiarios destas prestacións foi de 36.866 persoas (o 8,2% do total en España), o que mantén a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma con máis pensións, por detrás de Andalucía, Cataluña, a C. Valenciana, Canarias e Madrid.


A evolución nos dous tipos de pensións non contributivas é dispar, por unha banda, o número de persoas beneficiarias nas pensións de invalidez redúcese un 2,6% en relación ao ano anterior, e, por outra banda, o número de beneficiarios e beneficiarias de pensións por xubilación non contributivas aumentan (0,5%).

En relación ao conxunto das pensións non contributivas, en Galicia o 65,3% das persoas teñen unha pensión de xubilación, en torno a cinco puntos porcentuais máis que o que representa no conxunto de España (60,8%) e o restante 34.7%, de invalidez. O importe medio mensual das pensións non contributivas de xubilación medra un 7% respecto ao ano anterior ascendendo a 472,92 euros, incremento porcentualmente semellante ao rexistrado polas pensións por invalidez que cun 7,1% máis, acadaron os 520,8 euros (**cadro 4.3.10.**).

No que respecta á distribución do número de pensións non contributivas en función do xénero e da densidade de poboación das zonas, o **cadro 4.3.11.** reflicte un leve descenso da rateo pensións non contributivas por cada mil habitantes, situándose en 2022, último dato dispoñible, en 17,2 pensións, catro décimas menos que no ano precedente.

En Galicia o valor máis alto do número de pensións non contributivas por 1.000 habitantes acádase na zona pouco poboada (ZPP). Os datos do indicador segundo o subgrao de urbanización permiten observar que as pensións non contributivas por 1.000 habitantes diminúen ata ó ano 2020, aumentando no 2021 e subindo lixeira-

Pensións non contributivas por 1.000 habitantes 2018-22 (1)



	2018	2019	2020	2021	2022
Total	**19,2**	**18,9**	**14,0**	**17,6**	**17,2**
ZDP	20,5	20,2	12,7	18,4	17,9
ZIP	17,3	17,0	13,0	15,9	15,7
ZPP	20,2	19,7	17,2	19,0	18,5
Homes	13,6	13,4	13,4	12,9	12,6
ZDP	16,2	15,8	15,8	14,8	14,4
ZIP	11,1	11,0	11,1	10,7	10,7
ZPP	13,8	13,6	13,7	13,4	13,1
Mulleres	24,4	24,1	23,0	22,0	21,5
ZDP	24,2	24,1	22,9	21,5	20,9
ZIP	23,2	22,7	21,8	20,8	20,5
ZPP	26,5	25,8	24,8	24,6	23,8

(1) Zonas densamente poboadas (ZDP), Zonas intermedias (ZIP), Zonas pouco poboadas (ZPP).
Fonte: IGE, *Panorama rural-urbano*

4.3.11.

mente no 2022. Por outra parte, cómpre resaltar que as zonas intermedias de poboación (ZIP) alta e baixa son as subzonas nas que se rexistraron os menores valores deste indicador na maioría dos anos considerados. O número de pensións non contributivas por 1.000 habitantes no ano 2022 nas mulleres galegas é un 70,6 % superior ao dos homes. A subzona na que se observa unha menor diferenza entre sexos é na zona densamente poboada (ZDP), na que o indicador para as mulleres no ano 2022 é 1,5 veces o valor rexistrado para os homes; pola contra, na ZPP alta, con pensións non contributivas por 1.000 habitantes das mulleres 2,1 veces superiores ás dos homes, rexístrase a maior diferenza.

No que respecta ás prestacións sociais e económicas para aquelas persoas con discapacidade que, por non desenvolver unha actividade laboral, non están incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social, o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, contempla os subsidios de garantía de ingresos mínimos (SGIM), subsidios por axuda de terceira persoa (SATP) e subsidios de mobilidade e compensación por gastos de transporte (SMGT).

Estas prestacións descenden de xeito continuado nos últimos anos, as causas da perda do dereito ás prestacións sociais e económicas se motivan fundamentalmente en dúas razóns, o falecemento do beneficiario ou o recoñecemento dun dereito a unha prestación incompatible, de análoga natureza e superior contía. En Galicia o descenso de beneficiarios continúa no ano 2023 cunha caída interanual do 27,6%, sendo o nú-

Beneficiarios de prestacións familiares por nacemento ou adopción de fillo 2022-23

2023

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total	**566**	**177**	**112**	**62**	**215**	**19.792**
Familias numerosas	382	106	89	43	144	15.585
Familias monoparentais	163	65	23	15	60	3.924
Familias con nais discapacitadas	21	6	-	4	11	283

2022

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total	**398**	**96**	**67**	**55**	**180**	**16.913**
Familias numerosas	256	57	49	37	113	13.669
Familias monoparentais	133	36	18	16	63	3.089
Familias con nais discapacitadas	9	3	-	2	4	155

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.3.12.

mero de prestacións económicas para persoas con discapacidade de 138, fronte ás 181 do ano anterior.

Finalmente, as prestacións familiares están destinadas a cubrir a situación de necesidade económica ou de exceso de gastos que produce, para determinadas persoas, a existencia de responsabilidades familiares e o nacemento ou adopción de fillos en determinados casos. Inclúen as asignacións de pago periódico por fillo ou menor acollido a cargo e as prestacións de pago único por nacemento ou adopción de fillo en caso de familias numerosas, monoparentais ou en casos de nais discapacitadas.

As prestacións de pago único por nacemento ou adopción de fillo, nos supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais con discapacidade igual ou superior ao 65%, esixen, na maioría dos casos, acreditar un límite de ingresos. Esta prestación abóase nun pago único, sempre que os ingresos do beneficiario non rebasen os límites establecidos para cada caso. O **cadro 4.3.12.** mostra que en Galicia hai 566 beneficiarios deste tipo de prestacións, o 2,8% do total estatal, dos que o 67,5% pertencen a familias numerosas (78,7% en España).

Outra modalidade, neste caso con carácter de pago periódico, son as prestacións non contributivas a familias con fillos con discapacidade. En decembro de 2023 en Galicia había un total de 15.223 causantes con discapacidade, maiores de 18 anos, dos que 4.866 tiñan unha discapacidade maior do 75%; e 20.104 causantes menores de 18 anos, dos que 8.375 tiñan unha discapacidade maior do 75%.

Prestacións por desemprego

As prestacións por desemprego protexen a continxencia na que se atopa quen podendo e querendo traballar perde o seu emprego de forma temporal ou definitiva, ou ve reducida, ao menos nunha terceira parte a súa xornada, coa correspondente perda ou redución de salario por algunha das causas establecidas como situacións legais de desemprego. A protección desta situación no nivel contributivo denomínase prestación por desemprego, e no nivel non contributivo subsidio por desemprego.

Asociado ao descenso do paro rexistrado, no último ano rexistrándose en Galicia un total de 82.515 persoas beneficiarias de prestacións por desemprego, o que re-

Prestacións por desemprego e paro rexistrado en Galicia e España 2022-23

	2023		2022	
	Galicia	España	Galicia	España
Beneficiarios	82.515	1.774.534	84.188	1.761.916
prestación contributiva	37.963	778.853	38.409	743.459
traballadores eventuais agrarios	101	22.239	160	29.768
subsidio	39.912	719.536	40.680	718.189
subisido de traballadores eventuais agrarios	-	82.016	-	87.566
renta agraria	-	74.417	-	76.830
renta activa de inserción	4.540	97.474	4.939	106.103
Paro rexistrado	134.468	2.766.894	146.167	2.962.791
Paro rexistrado sen emprego anterior	11.771	250.548	11.768	248.783
Taxas cobertura (1)	67,4	68,3	62,6	62,9

(1) indicador da taxa de cobertura se calcula a partir da seguinte fórmula:

beneficiarios prestacións / (paro rexistrado con experiencia laboral +beneficiarios subsidios agrarios)

(paro rexistrado con experiencia laboral = paro rexistrado-paro rexistrado sen emprego anterior)

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Trabajo y Economía Social

4.3.13.

presenta o 4,6% do total estatal, dúas décimas menos que no ano anterior (**cadro 4.3.13.**).

O descenso no número total de persoas beneficiarias prodúcese tanto no número de persoas beneficiarias de prestacións contributivas, como de subsidios por desemprego como de beneficiarios da renda activa de inserción.

No último ano os beneficiarios e beneficiarias de prestacións contributivas por desemprego diminúen un 1,2% para situarse nas 37.963 persoas, o que representa o 4,9% do total estatal; en tanto que a caída observada polos beneficiarios de subsidios situouse no 1,9%, acadando as 39.912 persoas beneficiarias (o 5,5% do total de España).

O número de persoas beneficiarias da renda activa de inserción presenta no ano 2023 unha taxa de variación interanual do -8,1%, acadando un total de 4.540 persoas beneficiarias en 2023, 400 menos que no ano anterior.

Tras esta evolución, o peso relativo dos beneficiarios e beneficiarias da prestación por desemprego que teñen dereito a prestación contributiva e dos subsidios sitúase no 46% e 48,4% respectivamente.


Se temos en conta ao total de persoas beneficiarias do conxunto das prestacións por desemprego, contributivas, asistenciais e a renda activa de inserción, as catro provincias galegas rexistran una diminución das persoas receptoras destas prestacións, sendo a provincia de Ourense a que rexistra un maior descenso tanto en termos relativos (-3,3%) e a provincia de Pontevedra a que lidera a redución de prestacións en termos absolutos (674 persoas beneficiarias menos). As provincias de Lugo e A Coruña perden un 2,1% e 1,5% das súas prestacións respectivamente, o que supón 190 e 490 prestacións por desemprego menos que en 2022.

Tras esta evolución, Pontevedra concentra o 39,2% do total, superando á Coruña, co 38,9% do total, e con porcentaxes por riba do dez por cento en Ourense e Lugo (11,3% e 10,6% respectivamente).

En relación ao ano anterior, no ano 2023 as prestacións por desemprego redúcense nas catro provincias galegas, tanto as de nivel contributivo, asistencial ou a renda activa de inserción.

As prestacións contributivas redúcense en termos interanuais un 1,3% no conxunto de Galicia; sendo a provincia de Pontevedra a única que rexistra unha

Taxa de cobertura en Galicia e España 2017-23 (1)



(1) indicador da taxa de cobertura se calcula a partir da seguinte fórmula:
beneficiarios prestacións / (paro rexistrado con experiencia laboral +beneficiarios subsidios agrarios)
(paro rexistrado con experiencia laboral = paro rexistrado-paro rexistrado sen emprego anterior)
Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Trabajo y Economía Social

4.3.14.

redución por riba da media galega (-1,5%).

Dentro das prestacións de nivel asistencial, o número de beneficiarios e beneficiarias do subsidio por desemprego tamén se reduce nas catro provincias galegas. A caída media do conxunto de Galicia acada o 1,9%, rexistrándose en Ourense unha redución do 4,2%, sendo a única das catro provincias onde o descenso das prestacións asistenciais por desemprego é superior é media galega.

Tamén se produce de xeito xeneralizado nas catro provincias, un descenso no número de beneficiarios da renda activa de inserción. O descenso medio en Galicia supera o 8% en relación ao ano anterior, sendo salientable o descenso do 14,7% do número de beneficiarios da renda activa de inserción na provincia de Ourense, así como os 150 beneficiarios e beneficiarias menos na provincia de Pontevedra no ano 2023 en relación aos rexistrados no ano anterior.

Para medir o alcance do sistema de protección podemos utilizar a taxa de cobertura, definida como a porcentaxe de parados con experiencia laboral e beneficiarios de subsidios agrarios eventuais que son beneficiarios dalgún tipo de prestación por desemprego. Como se observa no **gráfico 4.3.14.**, a taxa de cobertura en Galicia aumenta acadando de media no ano 2023 o 67,3%, 4,7 puntos porcentuais máis que a taxa rexistrada de media no ano anterior (62,6%). Esta mesma evolución prodúcese no conxunto do Estado, con incrementos de 5,4 puntos porcentuais na taxa de cobertura, acadando de media no ano 2023 o 68,3%.

O aumento da taxa de cobertura en Galicia ven motivado por un descenso no número total de persoas beneficiarias das prestación por desemprego do 2% fronte á caída do 8% no do paro rexistrado con experiencia laboral. Por contra, no conxunto do Estado as persoas beneficiarias de prestacións por desemprego aumentan un 0,7%, e descende o número de parados e paradas con experiencia laboral nun 6,6%.

Renda mínima de inserción e Ingreso mínimo vital

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, regula a renda de inclusión social de Galicia (Risga) como unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

O número total de persoas beneficiarias da Risga volve a descender no último ano, acadando a 31 de decembro de 2023 un total de 5.508 persoas beneficiarias, un 11,8% menos que na mesma data do ano anterior (739 persoas beneficiarias menos). A contía básica para un titular é do 75% del IPREM, cun límite máximo para 7 convivintes, do 120% do IPREM no caso de non existir menores e do 135% con menores. A duración da percepción desta renda é de 12 meses. No último ano o importe medio da axuda incrementouse 50,42 euros, acadando os 506,79 euros mensuais.

O descenso no número de persoas beneficiarias da Risga en Galicia prodúcese nas catro provincias galegas (**cadro 4.3.15.**). O descenso máis acusado en termos absolutos rexístrase en Pontevedra, con 355 persoas beneficiarias menos; a provincia de Ourense é a que rexistra unha maior caída en termos relativos, ao perder o 30,5% do total de beneficiarios da Risga en relación ao ano anterior.

Con 3.340 persoas beneficiarias, a provincia de Pontevedra concentra o 60,6% do total de beneficiarias e beneficiarios desta prestación en Galicia.

Xunto ao descenso no número de beneficiarios, no ano 2023 tamén cae o número de solicitudes a resolver (tal como se observa no **cadro 4.3.16.**), situándose en 5.732 solicitudes, 361 menos que no ano anterior; en concreto mantense o número de solicitudes presentadas no propio ano 2023, que se sitúa en 4.515 solicitudes (só catro menos que no ano anterior) en tanto que descende significativamente o número de solicitudes pendentes do ano anterior (1.217 solicitudes pendentes do ano 2022). Das sinaladas 5.732 solicitudes presentadas, resolvéronse 4.658 solicitudes, das que 2.664 foron estimadas, o que supón o 57,2% do total, sete décimas porcentuais máis que no ano precedente.

As axudas de inclusión social, tamén reguladas na citada Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, son prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas ou familias afectadas, así como atender as situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social. Estas axudas de inclusión social están destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes e, se é o caso, financiar actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medidas de apoio dos diferentes tramos da renda de inclusión social de Galicia.

Risga e Axudas de Inclusión Social 2022-23: beneficiarios e pagos

RISGA (1)

	Beneficiarios						Importes medios	
	2023			2022			2023	2022
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres		
Total	**5.508**	**2.063**	**3.445**	**6.247**	**2.421**	**3.826**	**506,79**	**456,37**
A Coruña	993	362	631	1.116	423	693	527,43	474,67
Lugo	728	252	476	793	294	499	506,71	443,38
Ourense	447	163	284	643	250	393	540,94	477,48
Pontevedra	3.340	1.286	2.054	3.695	1.454	2.241	496,10	449,95

AIS (2)

	Axudas concedidas						Importes medios	
	2023			2022			2023	2022
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres		
Total	**3.944**	**1.385**	**2.559**	**3.283**	**1.223**	**2.060**	**1.209,33**	**1.136,75**
A Coruña	1.013	372	641	787	303	484	1.270,45	1.174,91
Lugo	563	196	367	395	134	261	1.214,73	1.179,39
Ourense	738	249	489	824	305	519	1.235,38	1.178,96
Pontevedra	1.630	568	1.062	1.277	481	796	1.157,69	1.076,81

(1) beneficiarios a 31 de decembro de cada ano e importe dos pagos totais líquidos no mes de decembro de cada ano

(2) axudas anuais concedidas e media anual das coantías das axudas

Fonte: Consellería de Política Social

4.3.15.

Risga e Axudas de Inclusión Social 2022-23: solicitudes

2023

	Total			RISGA			AIS		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Solicitudes a resolver	13.732	4.784	8.948	5.732	2.026	3.706	8.000	2.758	5.242
presentadas no ano	10.530	3.723	6.807	4.515	1.614	2.901	6.015	2.109	3.906
pendentes do ano anterior	3.202	1.061	2.141	1.217	412	805	1.985	649	1.336
Solicitudes resoltas	10.954	3.885	7.069	4.658	1.675	2.983	6.296	2.210	4.086
estimadas	6.578	2.382	4.196	2.664	997	1.667	3.914	1.385	2.529
desestimadas e/ou arquivadas	4.376	1.503	2.873	1.994	678	1.316	2.382	825	1.557
Solicitudes present. / resoltas *(%)*	79,8	81,2	79,0	81,3	82,7	80,5	78,7	80,1	77,9

2022

	Total			RISGA			AIS		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Solicitudes a resolver	13.220	4.780	8.440	6.093	2.249	3.844	7.127	2.531	4.596
presentadas no ano	10.236	3.657	6.579	4.519	1.668	2.851	5.717	1.989	3.728
pendentes do ano anterior	2.984	1.123	1.861	1.574	581	993	1.410	542	868
Solicitudes resoltas	9.907	3.681	6.226	4.788	1.807	2.981	5.119	1.874	3.245
estimadas	5.990	2.273	3.717	2.707	1.051	1.656	3.283	1.222	2.061
desestimadas e/ou arquivadas	3.917	1.408	2.509	2.081	756	1.325	1.836	652	1.184
Solicitudes present. / resoltas *(%)*	74,9	77,0	73,8	78,6	80,3	77,5	71,8	74,0	70,6

Fonte: Consellería de Política Social

4.3.16.

Expedientes aprobados e persoas beneficiarias do Ingreso Mínimo Vital en Galicia e España: datos acumulados de xuño de 2020 a decembro de 2023

	Expedientes aprobados	Número de beneficiarios				
		Total	Adultos	Menores	Adultos	Menores
		(número de persoas)			*(% sobre o total)*	
Galicia	**35.835**	**94.737**	**56.260**	**38.477**	**59,4**	**40,6**
A Coruña	15.525	38.526	23.633	14.893	61,3	38,7
Lugo	4.554	12.747	7.179	5.568	56,3	43,7
Ourense	4.585	12.219	7.261	4.958	59,4	40,6
Pontevedra	11.171	31.245	18.187	13.058	58,2	41,8
España	747.394	2.195.952	1.242.050	953.902	56,6	43,4

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.3.17.

O número de persoas beneficiarias no ano 2023 medrou un 20% respecto ao ano anterior e se sitúa en 3.944 axudas, 661 máis que en 2022. O importe destas axudas (pago único) aumenta un 6,4% respecto á mesma data do ano anterior, acadando os 1.209,33 euros (72,58 euros menos que no ano precedente).

• Ingreso mínimo vital

O ingreso mínimo vital (IMV) aprobouse, no contexto da pandemia, polo Real Decreto-lei 20/2020, de 29 de maio, e en decembro de 2021 se consolida na Lei 19/2021, de 20 de decembro, pola que se establece o Ingreso Mínimo Vital.

O IMV é unha prestación non contributiva da Seguridade Social dirixida a previr o risco de pobreza e exclusión social das persoas que vivan soas ou integradas nunha unidade de convivencia e carezan de recursos económicos suficientes para a cobertura das súas necesidades básicas.

Os datos de beneficiarios do IMV proporcionados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, refírense a datos acumulados dende xuño de 2020, polo que resulta imposible facer unha análise comparativa da evolución temporal dos expedientes e dos beneficiarios desta prestación.

No **cadro 4.3.17.** observamos como dende xuño de 2020 a decembro de 2023, o Instituto Nacional da Seguridade Social recoñeceu a prestación en Galicia a un total de 25.028 fogares nos que viven 94.737 beneficiarios, o que supón o 4,6% do conxunto do Estado. Do total de persoas ás que chega a prestación, o 40,6% son menores, 2,8 puntos porcentuais menos que en España (43,4%). Atendendo á súa distribución provincial, a provincia da Coruña é a que concentra o maior número de persoas beneficiadas, con 38.526 persoas, por diante de Pontevedra con 31.245 persoas, presentando ambas as dúas provincias unha porcentaxe de menores inferiores á media estatal (38,2% e 41,8%, respectivamente), tan só Lugo presenta un peso relativo de menores superior á media española, co 43,7%.

O 25,7% do total de expedientes aprobados se corresponden con fogares compostos por un adulto, e o 17,4% con fogares compostos por un adulto e un menor, representando respectivamente o 5,5% e o 6,1% dos totais estatais. ❑

4.4. Medio ambiente e desenvolvemento sostible

A nivel nacional, no último informe presentado sobre cumprimento dos ODS, España ocupa o posto 22 dos 34 países europeos incluídos no Índice dos ODS, cunha puntuación de 69,6 sobre cen, cando a media da UE se sitúa en 72.

No presente apartado analízaremos a evolución dos indicadores da análise do medio ambiente e do desenvolvemento sostible, polo que o primeiro aspecto destacable a ter en conta é o estudo do grao de cumprimento en España dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) incluídos na Axenda 2030 da ONU. A continuación analízanse aspectos relacionados co cambio climático, en especial as emisións de gases efecto invernadoiro, e o investimento empresarial en protección medioambiental. En terceiro lugar, faise referencia a indicadores da natureza e biodiversidade, no que se presentan os espazos protexidos, para centrarse en cuarto lugar nos bosques e nos incendios forestais. Por último, analízanse tanto os residuos sólidos urbanos como os residuos industriais.

Partindo do índice global de calidade de vida elaborado de xeito experimental polo INE con datos para o ano 2022, Galicia é a terceira co peor rexistro no seu índice global, só por diante de Andalucía e Canarias, así mesmo, Galicia é a Comunidade Autónoma que presenta unha menor satisfacción co entorno no que vive e coas zonas verdes e áreas recreativas, tan só por diante de Andalucía, Canarias e Murcia. Segundo os datos do INE recollidos no Indicador multidimensional de calidade de vida (dimensión 8: entorno e medio ambiente), tan só o 46% dos galegos presentan en 2021 (último dato dispoñible) un grao de satisfacción alta ou moi alta coas zonas verdes e áreas recreativas, porcentaxe tan só superior ao de Ceuta (60% no conxunto do Estado), en tanto que un 55,4% di ter un grao de satisfacción alta ou moi alta co entorno no que vive, superando tan só a Ceuta (70,8% en España).

Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento sostible aprobada pola ONU en 2015, e os seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), establecen propósitos no ámbito do desenvolvemento económico, da inclusión social e da sostenibilidade ambiental que están presentes en todos os obxectivos a acadar ben de xeito

Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) 2023. Situación actual e tendencia

Obxectivos		Situación actual (1)	Tendencia (2)
1	Sen pobreza	Quedan retos importantes	Estancado
2	Fame cero	Persisten os desafíos máis importantes	Estancado
3	Boa saúde e benestar	Os obxectivos persisten	Mellora moderadamente
4	Educación de calidade	Quedan retos importantes	Mellora moderadamente
5	Igualdade de xénero	Os obxectivos persisten	Mellora moderadamente
6	Auga limpa e saneamento	Os obxectivos persisten	Mellora moderadamente
7	Enerxía asequible e limpa	Quedan retos importantes	Mellora moderadamente
8	Traballo decente e crecemento económico	Quedan retos importantes	Mellora moderadamente
9	Industria, innovación e infraestrutura	Quedan retos importantes	Mellora moderadamente
10	Redución da desigualdade	Os obxectivos persisten	Encamiñado ou mantendo o logro dos ODS
11	Cidades e comunidades sostibles	Os obxectivos persisten	Estancado
12	Consumo e produción responsables	Quedan retos importantes	Estancado
13	Acción climática	Persisten os desafíos máis importantes	Estancado
14	Vida submarina	Persisten os desafíos máis importantes	Estancado
15	Vida na terra	Persisten os desafíos máis importantes	Estancado
16	Paz, xustiza e institucións sólidas	Os obxectivos persisten	Estancado
17	Alianzas para lograr os obxectivos	Quedan retos importantes	Mellora moderadamente

(1) De mellor a peor grado de cumprimento dos obxectivos a situación actual clasifícase en: Obxectivos logrados; Permanecen os obxectivos; Quedan retos importantes ou significativos por acadar; e por último, o nivel máis baixo "Persisten os desafíos máis importantes".

(2) De mellor a peor, a tendencia ou evolución clasifícase: En camiño ou mantendo o logro; mellora moderadamente; estancado; empeora

Fonte: Red Española para el Desarrollo sostenible, *Informe para el Desarrollo Sostenible en Europa 2022*

4.4.1.

prioritario ben acompañando a outro obxectivo. No prólogo do último informe presentado sobre a evolución dos ODS a nivel mundial, exponse que os avances para máis do 50% das metas dos ODS son insuficientes e no 30% están estancados ou en retroceso.

A pandemia da covid-19, e a tripla crise do cambio climático, a perda de biodiversidade e a contaminación, están tendo repercusións devastadoras e duradeiras. Todo isto, se está vendo amplificado pola invasión rusa da Ucraína que provoca un incremento do prezo dos alimentos e da enerxía, así como dos custos de financiamento, o que crea unha crise mundial do custo da vida.

O informe de desenvolvemento sostible en Europa 2023, mostra como a UE avanzou na consecución da maioría de obxectivos nos últimos cinco anos. Os datos poñen de manifesto que a UE progresou de xeito moi notable cara á consecución dos obxectivos socioeconómicos, mestres que os avances no ámbito medioambiental serán maiores a medida que os Estados membros apliquen o Pacto Verde Europeo.

Como se sinalou anteriormente, España ocupa o posto 22 entre os 34 países europeos analizados, cun índice de 69,6 sobre 100, dous puntos por baixo da media europea (72 sobre cen). No informe anterior as puntuacións acadadas por España e a Unión ,Europa ascendían a 70,13 e 72,03 sobre cen, respectivamente.

O **cadro 4.4.1.** reflicte o grao de cumprimento dos obxectivos no conxunto do Estado e a súa tendencia. Dunha banda, o informe do desenvolvemento sostible en Europa sinala que en España seguen sen cumprirse ningún dos 17 ODS, acadando valores comparativamente elevados (Os obxectivos persisten) no caso dos ODS 3 (Saúde e benestar), ODS 5 (Igualdade de xénero), ODS 6 (Auga limpa e saneamento), ODS 10 (Redución da desigualdade), ODS 11 (Cidades e comunidades sostibles) e ODS 16 (Paz, xustiza e institucións sólidas). Quedan por cumprir retos importantes nos ODS 1 (Sen pobreza), ODS 4 (Educación de Calidade), ODS 7 (Enerxía asequible e limpa), ODS 8 (Traballo decente e crecemento económico), ODS 9 (Industria, innovación e infraestrutura) , ODS 12 (Consumo e produción responsables) e ODS 17 (Alianzas para lograr os obxectivos). Finalmente o nivel máis baixo de cumprimento, onde

Emisións de CO_2 equivalente 2022 netas: distribución segundo actividade e principais tipos de gases

	CO_2	CH_4	N_2O	HFCs	PFCs	SF_6	Total	
			CO2 equivalente (miles de toneladas)					*(%)*
Total Emisións	**4.464,28**	**3.659,89**	**1.120,27**	**293,56**	**1,73**	**16,56**	**9.556,28**	**100**
Procesado da enerxía	13.857,55	166,90	132,31	-	-	-	14.156,76	148,14
Actividades de combustión	13.590,20	159,55	132,31	-	-	-	13.882,06	145,27
Industrias do sector enerxético	3.761,31	3,78	43,21	-	-	-	3.808,30	39,85
Industrias manufactureiras e da construcción	1.900,22	46,55	11,20	-	-	-	1.957,97	20,49
Transporte	5.231,00	4,97	49,62	-	-	-	5.285,59	55,31
Outros sectores	2.688,65	104,24	28,20	-	-	-	2.821,09	29,52
Outros	9,02	0,00	0,08	-	-	-	9,10	0,10
Emisións fuxitivas dos combustibles	267,34	7,35	0,00	-	-	-	274,70	2,87
Combustibles sólidos	-	-	-	-	-	-	-	-
Petróleo e gas natural	267,34	7,35	0,00	-	-	-	274,70	2,87
Procesos Industriais	582,31	1,50	29,80	293,56	1,73	16,56	925,45	9,68
Produtos minerais	126,20	-	-	-	-	-	126,20	1,32
Industria química	195,19	-	-	-	-	-	195,19	2,04
Produción metalúrxica	236,53	1,50	-		0,97	-	239,00	2,50
Produtos non enerxéticos e uso de disolventes	24,39	-	-	-	-	-	24,39	0,26
Industria electrónica	-	-	-	-	-	-	-	-
Uso de sustitutivos dos GEIs	-	-	-	293,56	0,76	-	294,32	3,08
Produción e uso doutros produtos	-	-	29,80	-	-	16,56	46,35	0,49
Outros	-	-	-	-	-	-	-	-
Agricultura	9,73	3.018,24	862,08	-	-	-	3.890,05	40,71
Fermentación entérica	-	2.185,56		-	-	-	2.185,56	22,87
Xestión do esterco	-	822,25	239,78	-	-	-	1.062,03	11,11
Cultivo de arroz	-	10,43		-	-	-	10,43	0,11
Chans agrícolas	-	-	622,30	-	-	-	622,30	6,51
Queimas planificadas de sabanas	-	-	-	-	-	-	-	-
Queima no campo de residuos agrícolas	-	-	-	-	-	-	-	-
Enmendas calizas	-	-	-	-	-	-	-	-
Fertilización con urea	8,47	-	-	-	-	-	8,47	0,09
Aplicación de fertilizantes con carbono	1,26	-	-	-	-	-	1,26	0,01
Cambio de uso do chan e silvicultura	- 9.985,31	31,63	48,82	-	-	-	- 9.904,86	- 103,65
Emisións indirectas de chans xestionados	-	-	3,80	-	-	-	3,80	0,04
Terras forestais	- 9.748,42	15,31	19,81	-	-	-	- 9.713,30	- 101,64
Terras de cultivo	39,71	0,08	3,59	-	-	-	43,38	0,45
Pastizais	- 286,24	16,24	14,99	-	-	-	- 255,01	- 2,67
Humedais	- 3,46	0,00	0,01	-	-	-	- 3,45	- 0,04
Asentamentos	125,42	-	6,58	-	-	-	132,00	1,38
Outras terras	0,76	-	0,04	-	-	-	0,80	0,01
Produtos madereiros	- 113,09	-	-	-	-	-	- 113,09	- 1,18
Outros	-	-	-	-	-	-	-	-
Tratamento e eliminación de residuos	-	441,63	47,25	-	-	-	488,88	5,12
Depósito en vertedeiros	-	330,65	-	-	-	-	330,65	3,46
Tratamento biolóxico de residuos sólidos	-	2,83	0,69	-	-	-	3,53	0,04
Incineración de residuos	-	1,08	2,56	-	-	-	3,64	0,04
Tratamento de augas residuais	-	107,02	44,00	-	-	-	151,02	1,58
Outros	-	0,04	-	-	-	-	0,04	0,00
Outros	-	-	-	-	-	-	-	-

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda


4.4.2.

persisten os desafíos máis importantes correspóndense co ODS 2 (Fame cero), ODS 13 (Acción climática), ODS 14 (Vida submarina) e ODS 15 (Vida na terra).

Un ano máis, tan só o obxectivo correspondente á redución da desigualdade (ODS 10) está en camiño de acadar ou mantén o seu cumprimento, non rexistrándose ningún obxectivo con tendencia decrecente, pero si estancado, como o caso dos ODS 1, 2, 11, 12, 13, 14, 15, e 16.

No que respecta aos obxectivos que nos ocupan neste apartado, os obxectivos medioambientais, que se corresponden cos ODS 12 a 15, tal como se sinalou anteriormente, o informe destaca que para o caso español aínda quedan pendentes importantes desafíos nos

Índice de emisións de CO2 equivalentes en Galicia e España 1990-2022 (1)



(1) 1990 = 100
Fonte: Ministerio Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, *Inventario Nacional de Emisiones de Contaminantes a la Atmósfera*

4.4.3.

catro ODS, en especial no 13, 14 e 15.

Cambio climático

Un dos obxectivos de sostenibilidade principais dentro da Estratexia Europa 2020 é o de acadar unha redución das emisións de gases efecto invernadoiro do 20% en comparación cos niveis de 1990, incrementar a porcentaxe de enerxías renovables sobre o consumo final de enerxía e aumentar nun 20% a eficiencia enerxética.

De acordo cos datos facilitados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, nos últimos dous anos analizados, 2021 e 2022, aumenta o volume de emisións de gases considerados de efecto invernadoiro. Ao longo do ano 2022, último dato dispoñible, emitíronse en Galicia 9.556 miles de toneladas de CO_2eq o que representa o 3,9% do total estatal. En relación ao ano anterior as emisións se incrementan en 467 miles de toneladas de CO_2eq en termos absolutos, o que significa un aumento do 5,3% (2,4% de aumento no conxunto do Estado).


Segundo tipo de gas emitido, o **cadro 4.4.2.** reflicte que o CO_2 (dióxido de carbono) representa no ano 2022 o 46,7% dos GEI netos emitidos en Galicia (emisións-absorcións), situándose o peso relativo do metano (CH_4) no 38,3% e no 11,7% no caso do óxido nitroso (N_2O). En 2022 en Galicia increméntanse as emisións netas nun 5,1% respecto ao ano precedente, aínda que seguen sendo un 19,5% inferiores ás emisións netas rexistradas no ano 2019.

En 2022 emitíronse un total de 4.464,3 miles de toneladas netas de CO_2eq de dióxido de carbono, sendo as emisións netas de metano de 3.659,9 miles de toneladas de CO_2eq, e acadando as emisións de óxido nitroso, as 1.120,3 miles de toneladas netas.

En relación ao obxectivo fixado pola Estratexia 2020, **cadro 4.4.3.**, tras a significativa redución rexistrada en 2020, as emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia situáronse en 2022 un 60% por baixo do rexistrado en 1990, cumprindo folgadamente o obxectivo fixado. O nivel de emisións en España está un 2,5% por baixo do acadado en 1990.

No ano 2022 emitíronse en Galicia 19,5 Mt CO_2eq, o cal representa un aumento dun 2,5% (0,5 Mt CO_2eq) respecto do ano anterior.

Variacións das emisións GEI en 2022: distribución segundo sectores



Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

4.4.4.

O principal impulsor deste aumento foi o comportamento das emisións GEI asociadas ás industrias enerxéticas que creceron un 38,5% (1,1 Mt CO_2eq) respecto do ano anterior. Tamén incrementáronse, aínda que en menor medida, as emisións asociadas ao transporte (5,5%), o tratamento de residuos (2,45%) e a agricultura (1,45%). Estes incrementos víronse en parte compensados polo descensos experimentados pola industria non enerxética que minguou as súas emisións nun 24,7% respecto do ano anterior (0,9 Mt CO_2eq) e pola categoría "outros sectores" (que engloba, entre outros, ao sector residencial e comercial) que recortou as súas emisións de GEI nun 2,7% (**gráfico 4.4.4.**).

No tocante á evolución respecto do ano 1990, as emisións de GEI en Galicia no 2022 situáronse un 33,0% por debaixo do nivel de emisións dese ano 1990 (gráfico 5). En comparación co resto das CC.AA., Galicia é a segunda Comunidade Autónoma que máis diminuíu as súas emisións respecto do nivel de 1990, existindo máis de 35 puntos porcentuais de diferenza co nivel de emisións do conxunto do Estado.

A evolución dos distintos sectores neste período de tempo en Galicia mostra un comportamento desigual. Así, mentres que as emisións das indústrias do sector enerxético, do sector do tratamento e eliminación de residuos e as emisións asociadas á industria non incluída no sector enerxético diminuíron as súas emisións nun 73,1%, 33,8% e 30,2% respectivamente, sectores coma o transporte, a agricultura, e a categoría "outros sectores", aumentaron as súas emisións nun 62,7%, 20,6% e nun 13,2% respectivamente.

Emisións de CO2 asignadas e declaradas 2023

	Instalacións	Emisións asignadas	Emisións declaradas 2023		23/22
		(t CO_2 eq)	(t CO_2 eq)	(%)	(t CO_2 eq)
Produción enerxía eléctrica	3	-	2.223.999	48,6	-631.367
Coxeración-combustión	20	534.196	405.595	8,9	-299.277
Refino e produción de H2	2	726.853	1.105.026	24,1	-85.789
Produción de aceiro e ferroaleacións	5	321.323	167.527	3,7	-110.143
Produción de aluminio	2	646.442	398.036	8,7	-213.354
Produción de cemento, cal ou magnesita	2	193.636	128.590	2,8	-52.302
Fabricación cerámica	0	-	-	-	0
Produción papel	1	30.511	77.663	1,7	30.083
Fabricación produtos químicos orgánicos	2	42.243	72.820	1,6	-42.391
Total	**37**	**2.495.204**	**4.579.256**	**100**	**-1.404.540**

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

4.4.5.

Emisións contaminantes nas CC.AA. 2021-22: actividades e complexos contaminantes (1)

	actividades industriais		complexos industriais	
	2022	2021	2022	2021
Andalucía	50	50	561	563
Aragón	47	47	1.271	1.197
Asturias	33	34	76	77
Baleares	12	12	27	25
Canarias	16	17	48	49
Cantabria	26	4	49	6
Castela e León	48	46	840	843
Castela-A Mancha	39	39	455	441
Cataluña	67	67	1.491	1.452
C. Valenciana	46	40	408	297
Estremadura	26	26	91	89
Galicia	**47**	**46**	**232**	**227**
Madrid	38	38	184	183
Murcia	39	40	234	230
Navarra	41	40	236	227
País Vasco	45	46	230	229
A Rioxa	19	19	70	70
Cidade Autónoma de Ceuta	1	-	1	-
Cidade Autónoma de Melilla	2	2	2	2
Total	**642**	**613**	**6.506**	**6.207**

(1) complexos que teñen datos de información pública

Fonte: Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes (PRTR España)

4.4.6.

De acordo cos datos facilitados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, durante o 2022 emitíronse en Galicia 19,5 millóns de toneladas de CO_2 equivalente (Mt CO_2eq) dos gases considerados de efecto invernadoiro (CO_2, CH_4, N_2O, PFCs, HFCs, SF_6 e NF_3) (gráfico 1).

Dos 19,5 Mt CO_2eq emitidos en Galicia durante o ano 2022, 6,0 Mt CO_2eq (30,7%) proveñen das instalacións sometidas ao comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro en Galicia (o denominado sector directiva), correspondendo as restantes 13,5 Mt CO_2eq (69,3%) aos definidos como sectores difusos (gráfico 2). Tanto o sector directiva coma o sector difuso experimentaron un crecemento nas súas emisións con respecto ao ano anterior, aínda que o aumento do sector difuso foi máis reducido (un 1,3% respecto ano anterior) que o experimentado polo sector directiva (5,1%).

No concernente ás inscricións das emisións e entrega de dereitos de emisións das instalacións suxeitas á aplicación da Lei 1/2005, o **cadro 4.4.5.** amosa que no período de notificación de 2023, o volume total de emisións declaradas polas 37 instalacións afectadas pola devandita lei (dúas menos que no ano anterior) reduciuse ata as 4.579 miles de toneladas de CO2, o que un descenso de 1.404 miles de toneladas de CO2eq en relación ao ano anterior (23,5% menos). O sector da produción de enerxía eléctrica, cun descenso no último ano de 631 miles de toneladas, segue xerando o 48,6% das emisións totais declaradas no último ano en Galicia, por diante das actividades da produción de refino e produción de hidróxeno e das actividades de coxeneración-combustión, co 24,1% e o 8,8% das emisións, respectivamente.

Os datos do Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes sinalan que no ano 2022, último dispoñible, as actividades industriais contaminantes existentes en Galicia ascendían a 47, e os complexos industriais clasificados tamén como contaminantes a 232. Galicia mantense como a cuarta Comunidade, xunto con Aragón, por número de actividades industriais contaminantes e continúa no noveno posto, en canto ao número de complexos industriais (**cadro 4.4.6.**).

• Gasto das empresas en protección medioambiental

O gasto que realizan as empresas para reducir as emisións contaminantes é un dos datos principais que serve de indicar de medición da efectividade das políticas medioambientais, tanto no contexto nacional como internacional. Este importante indicador está afectado pola falta de actualización nos datos, xa que o último dispoñible no momento de elaboración desta memoria data de 2021, podendo observarse os efectos da pandemia sobre o gasto medioambiental das empresa; neste senso, o gasto da industria galega en protección ambiental en 2021 redúcese en máis dun 70% en relación ao ano anterior. Tras esta evolución, as empresas galegas destinaron a protección ambiental un total de 43,4 millóns de euros, fronte aos 151,5 millóns do ano 2020. Atendendo ao seu peso no conxunto do Estado, no último ano a importancia relativa de Galicia no gasto total, representa o 4,6% do total estatal, 1,2 puntos porcentuais menos que no ano anterior, consecuencia da menor caída do gasto na media do Estado (-63,8%).

A forte caída do gasto en protección ambiental ven motivado pola caída de máis do 95% no gasto corrente, fronte ao leve aumento do 6% no investimento total, variable que rexistrou un importante descenso no ano anterior. Por tanto a caída do gasto das empresas protección medioambiental, afectou de xeito moi importante ao investimento no ano 2020, trasladándose este descenso aos gastos correntes no ano 2021. Tal como reflicte o **cadro 4.4.7.**, o investimento medra un 6,4% respecto ao ano anterior (2,3 millóns de euros máis) e os gastos correntes redúcense un 95,6% (110,4 millóns de euros). Tras esta evolución, o investimento total ascende a 38,3 millóns de euros e os gastos correntes a 5,1 millóns.

O 76% do total investido pola industria en protección ambiental destínase a equipos e instalacións integradas no propio proceso produtivo, fronte ao 24% restante dedicado a equipos e instalacións independentes. A

Gastos das empresas en protección ambiental en Galicia e España 2018-21 (1)

	España				Galicia			
	2018	2019	2020	2021	2018	2019	2020	2021
	(en millóns de euros)							
Total CNAE B, C e D	**2.626,2**	**2.792,0**	**2.625,5**	**950,2**	**193,3**	**260,8**	**151,5**	**43,4**
Investimento total	619,6	736,7	613,8	905,5	80,5	148,8	36,0	38,3
Equipos e instalacións independentes	181,4	232,0	207,1	314,8	9,7	21,4	5,0	9,2
Protección do aire e o clima	54,9	66,3	46,4	57,4	4,0	7,1	2,4	2,7
Xestión de augas residuais	39,1	48,6	37,0	41,0	3,0	10,3	0,8	3,9
Xestión de residuos	13,8	22,7	14,0	10,3	0,4	0,7	0,1	0,3
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	14,6	20,1	4,8	15,1	1,4	0,8	0,1	0,1
Reducción de ruídos e vibracións	4,8	8,9	3,6	2,2	0,3	0,1	0,0	0,4
Protección da biodiversidade e a paisaxe	38,2	47,0	82,9	2,0	0,4	1,2	0,8	0,2
Outras actividades de protección ambiental	16,0	18,4	18,4	186,7	0,2	1,2	0,7	1,7
Equipos e instalacións integrados	438,2	504,7	406,7	590,7	70,8	127,4	31,0	29,1
Protección do aire e o clima	326,5	391,9	279,3	365,0	61,8	112,5	24,3	17,6
Xestión de augas residuais	38,9	41,8	36,6	78,7	2,9	1,7	0,7	3,3
Xestión de residuos	48,0	44,8	58,9	87,1	4,5	10,2	4,0	2,3
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	14,7	13,6	10,4	9,5	1,1	0,7	1,0	0,6
Reducción de ruídos e vibracións	4,6	3,9	5,6	5,6	0,3	0,4	0,2	0,3
Outras actividades de protección ambiental	5,5	8,7	15,8	-	0,2	1,9	0,8	-
Gastos correntes	2.006,7	2.055,3	2.011,7	44,8	112,9	112,0	115,5	5,1
C. Industria manufactureira	**2.348,1**	**2.437,9**	**2.342,9**	**704,3**	**136,5**	**159,4**	**135,4**	**34,8**
Investimento total	498,8	540,9	482,3	663,2	31,6	56,5	33,4	33,7
Equipos e instalacións independentes	116,3	148,3	109,7	144,4	7,3	18,5	3,7	8,4
Protección do aire e o clima	42,5	57,4	44,8	53,9	3,6	7,0	2,4	2,7
Xestión de augas residuais	38,7	47,6	35,4	40,5	3,0	10,2	0,8	3,9
Xestión de residuos	11,2	18,3	14,0	9,9	0,2	0,4	0,1	0,3
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	10,1	6,3	4,1	12,0	0,1	0,5	0,1	0,1
Reducción de ruídos e vibracións	4,8	3,9	3,6	1,9	0,3	0,1	0,0	0,4
Protección da biodiversidade e a paisaxe	1,1	0,7	1,8	1,5	0,0	0,0	0,0	0,0
Outras actividades de protección ambiental	8,0	13,9	6,0	24,5	0,1	0,3	0,3	1,1
Equipos e instalacións integrados	382,4	392,6	372,6	518,8	24,3	37,9	29,7	8,4
Protección do aire e o clima	278,8	289,9	250,0	312,5	17,6	24,7	23,6	2,7
Xestión de augas residuais	36,3	38,6	36,4	73,9	0,8	1,6	0,7	3,9
Xestión de residuos	47,5	44,0	58,7	76,5	4,4	10,1	3,9	0,3
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	10,5	8,9	8,7	9,3	1,0	0,6	1,0	0,1
Reducción de ruídos e vibracións	4,3	3,8	5,6	5,5	0,2	0,4	0,2	0,4
Outras actividades de protección ambiental	5,0	7,3	13,2	-	0,2	0,5	0,4	0,0
Gastos correntes	1.849,3	1.897,0	1.860,6	41,1	104,9	102,9	102,0	1,1

(1) datos referidos ás empresas das seccións B, C e D da CNAE-2009

Fonte: INE, Estadísticas sobre las actividades de protección medioambiental

4.4.7.

nivel estatal estas porcentaxes sitúanse no 65% e 35%, respectivamente.

O investimento en equipos integrados de protección do aire e o clima volve a acadar o valor máis elevado, con 17,6 millóns de euros no ano 2021, fronte aos 24,3 millóns investidos no ano 2020, e fronte aos 112,5 millóns de gasto no ano 2019. Séguelle en importancia os investimentos tanto en equipos e instalacións independentes de xestión de augas residuais como en equipos e instalacións integrados de xestión de residuos, con 3,9 e 3,3 millóns de euros respectivamente.

O 80% do gasto das empresas galegas en protección ambiental corresponde ás industrias manufactureiras (74% no conxunto do Estado), ao dedicar un total de 34,8 millóns de euros, o que supón unha caída de máis do 74% do gasto realizado no ano anterior (100,6 millóns de euros menos). Estas empresas manufactureiras dedican ao investimento en protección ambiental 33,7

Rede Galega de Espazos Protexidos: distribución segundo categoría e provincia (1)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
			(en hectáreas)		
Superficie	795.771	985.245	727.004	448.977	2.956.998
Red Galega de Espazos Protexidos	46.340	153.296	133.347	26.000	358.984
Parques	10.271	-	38.185	1.709	50.165
Monumentos naturais	259	104	1.000	5	1.368
Humidais protexidos	2.925	500	-	976	4.400
Paisaxes protexidos	212	-	691	-	903
Espazos protexisdos Red Natura 2000	46.035	153.293	129.258	25.943	354.529
			(% sobre superficie total)		
Red Galega de Espazos Protexidos	5,82	15,56	18,34	5,79	12,14
Parques	1,29	0,00	5,25	0,38	1,70
Monumentos naturais	0,03	0,01	0,14	0,00	0,05
Humidais protexidos	0,37	0,05	0,00	0,22	0,15
Paisaxes protexidos	0,03	0,00	0,10	0,00	0,03
Espazos protexisdos Red Natura 2000	5,78	15,56	17,78	5,78	11,99

(1) datos actualizados a 31-12-2023

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

4.4.8.

millóns de euros, o que representa o 88% do total investido no tecido produtivo (73% no conxunto de España). No caso do conxunto da industria manufactureira no último ano considerado increméntase o investimento en equipos independentes (126%; 4,7 millóns de euros máis) e redúcese o investimento en equipos como integrados (-71,7%; 21,3 millóns de euros menos). Doutra banda, os gastos correntes descenden en Galicia a 1,1 millóns de euros, o que supón unha caída do 99% en relación ao ano anterior, pasando de 102 millóns de euros aos sinalados 1,1 millóns en 2021.

Natureza e biodiversidade

A clasificación dos espazos naturais protexidos realízase segundo o previsto na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, nas seguintes categorías: reserva natural; parque; monumento natural; zona húmida protexida; paisaxe protexida; espazo protexido Rede Natura 2000; espazo natural de interese local; e espazo privado de interese natural.

A Rede galega de espazos protexidos (RGEP) está constituída por todos eles agás os espazos naturais de interese local e os espazos privados de interese natural. En concreto, seis parques naturais declarados; o parque nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas; oito zonas declaradas como monumentos naturais por ter un valor natural, paisaxístico, xeolóxico ou histórico singular; cinco zonas húmidas protexidas; dúas paisaxes protexidas; e máis de setenta zonas de especial protección dos valores naturais.

Por outra banda, en base á Directiva 92/43 CEE, de 21 de maio, relativa á Conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, no ano 2014 aprobouse o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación (ZEC) os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. Na actualidade Galicia conta como espazos protexidos da Rede Natura 2000 con 59 ZEC e 16 zonas de especial protección das aves (ZEPA).

Segundo os datos da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a superficie terrestre total protexida pola RGEP ascende a 358.984 hectáreas, o que representa o 12,14% da superficie galega. Atendendo á súa distribu-

ción provincial, Lugo e Ourense son as provincias con maior superficie de espazos protexidos, con 153.296 hectáreas e 133.347 hectáreas, o que supón o 15,56% e 18,34% da súa superficie. Como reflicte o **cadro 4.4.8.**, estas porcentaxes sitúanse en torno ao 5,8% no caso da provincia da Coruña e Pontevedra, ascendendo a superficie protexida pola RGEP a 46.340 e 26.000 hectáreas, respectivamente.

Fóra da Rede Galega de Espazos Protexidos, cómpre mencionar dous tipos de espazos naturais protexidos:

- Os espazos naturais de interese local, entendidos como espazos integrados nun termo municipal que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais. Dentro desta categorían estarían os espazos naturais de interese local de Xunqueira de Alba, Loio-Ruxidoira, Puzo do Lago, Voutureira, Illas de San Pedro, Río Gafos, Ecosistema dunar praia América-Panxón e as Ribeiras do Mero-Barcés.

- Os espazos privados de interese natural, entendidos como terreos pertencentes a institucións ou propietarios particulares, nos que existan formacións naturais, especies ou hábitats de flora e fauna silvestre dos que se considere de interese a súa protección. Dentro desta categoría actualmente están incluídas as Sobreiras do Faro, no concello Oia.

Ademais dos espazos protexidos pola Rede Galega, hai determinadas áreas que están protexidas por instrumentos internacionais, que son todos aqueles espazos naturais formalmente designados de conformidade co disposto nos convenios e acordos internacionais correspondentes. Dentro desta terceira categoría Galicia conta con tres figuras:

• Cinco Humidais de Importancia Internacional (Convenio Ramsar): o Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira; as Rías de Ortigueira e Ladrido; o Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo; a Lagoa e areal de Valdoviño; e a Ría do Eo.

• Galicia conta con seis áreas declaradas como reservas da biosfera, elemento fundamental do Programa MaB da UNESCO, uha delas interautoómica (con Asturias) e outra internacional (con Portugal):
I. Reserva da Biosfera dos Ancares lucenses e Montes Navia, Cervantes e Becerreá. (Lugo)
II. Reserva da Biosfera do Río Eo, Oscos e Terras de Bourón. (Lugo)
III. Reserva da Biosfera Terras do Miño. (Lugo)
IV. Reserva da Biosfera da Área de Allariz.(Ourense)
V. Reserva da Biosfera Transfronteriza-Gerês-Xurés. (Ourense e Portugal).
VI. Reserva da Biosfera dass Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo. (A Coruña)

• A rede OSPAR, relativa a áreas de protección do medio ambiente mariño do Atlántico nordeste. España conta con 13 áreas protexidas OSPAR, das que 6 están en Galicia: parque nacional das Illas Atlánticas, Banco de Galicia, Espazo marítimo da costa da morte, Espazo marítimo da costa de Ferrolterra-Valdoviño, Espazo marítimo das Rías Baixas de Galicia e Espazo marítimo de Punta Candelaria-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares.

• Fauna salvaxe

A cada vez maior interacción entre humanos e fauna salvaxe provoca un aumento dos danos á fauna e tamén incidentes en colleitas agrícolas, aproveitamentos forestais, produción gandeira e mesmo ocasionan accidentes de tráfico. Pola súa importancia, en Galicia cómpre salientar a incidencia dos ataques dos lobos e dos xabarís.

No que atinxe á incidencia dos ataques do lobo na cabana gandeira galega, os datos reflectidos no **cadro 4.4.9.** amosan que nos últimos anos o número de reses mortas por ataques nas explotacións gandeiras galegas supera as 2.000 anuais.

No ano 2023 rexistráronse un total de 2.804 reses mortas, 553 máis que no ano anterior, das que o 42% (1.191 reses mortas) corresponde ao gando ovino e un 34% ao vacún (953 reses).

Danos provocados no sector agrícola e gandeiro polo lobo e xabarín 2016-23

Danos provocados polo lobo

	Avisos	Reses afectadas				
		Equino	Ovino	Caprún	Vacún	Total
2016	820	170	801	185	417	1.573
2017	1.203	256	1.288	242	593	2.379
2018	1.328	335	924	174	786	2.219
2019	1.396	441	957	216	707	2.321
2020	1.303	290	1.044	298	667	2.299
2021	1.204	311	944	191	604	2.050
2022	1.332	331	1.042	214	664	2.251
2023	1.644	436	1.191	224	953	2.804

Danos provocados polo xabarín (1)

	(superficie de cultivos afectada)				
	2019	2020	2021	2022	2023
	(hectáreas)				
A Coruña	275,1	718,4	782,3	674,9	1.021,9
Lugo	676,0	733,8	569,8	572,0	765,7
Ourense	264,1	243,8	310,3	306,4	341,2
Pontevedra	78,1	50,6	77,4	52,7	96,2
Galicia	1.293,2	1.746,6	1.739,7	1.606,0	2.225,0

(1) Dende o ano 2021 inclúense o novo concepto dos frutais

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

4.4.9.

Doutra banda, a partir dos datos das solicitudes de pago de indemnización presentadas por agricultores e gandeiros galegos afectados por danos de xabarís nos seus predios, a superficie de cultivos afectada no ano 2023 ascende a 2.225 hectáreas, o que supón un aumento respecto ao ano anterior de 619 hectáreas máis (38,5% de incremento en relación a 2022). O intenso aumento de superficie afectada prodúcese nas catro provincias, destacando a provincia da Coruña, con 347 hectáreas danadas máis (51,4%), seguida de Lugo con 193,7 hectáreas danadas máis (33,9% máis), Pontevedra con 43,5 hectáreas máis (82,5% máis) e Ourense con 34,8 hectáreas máis (11,3%).

Tras esta evolución a provincia coa superficie de cultivo máis afectada foi A Coruña, con 1.021,9 hectáreas, o 46% da superficie total afectada, seguida de Lugo, con 765,7 hectáreas afectadas, o 34,4%.

Bosques e incendios forestais

Os datos recollidos no Anuario de Estatística Forestal 2021, último publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación no ano 2023, reflicten que a superficie forestal arborada en Galicia ascende a 1.467.943 hectáreas, o que representa o 72,4% da superficie forestal galega e o 68% da superficie total, ambas as dúas porcentaxes superiores ás rexistradas en España, onde a superficie forestal arborada representa o 68% da súa superficie forestal e un 56% da súa superficie total.

Estrutura e ordenación da propiedade forestal 2019-23

	2019	2020	2021	2022	2023
Montes públicos					
Nº de montes	237	234	235	234	237
Superficie	55.366,50	53.636,16	53.636,16	53.215,56	53.666,39
Montes veciñais en man común (MVMC)					
Nº de montes	3.345	3.349	3.353	3.371	3.376
Superficie	663.106,83	667.997,98	662.512,45	661.832,34	660.709,25
Superficie media	198,24	199,46	197,59	196,33	195,71
Comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC)					
Nº de CMVMC	-	3.013	3.016	3.029	3.030
% de CMVC que cumpren obrigas	-	0,10	0,03	0,48	0,47
Nº de comuneiros	-	119.529	119.309	117.801	116.939
Nº medio de comuneiros	-	39,67	39,56	38,89	38,59
Ingresos medios	39.721,26	35.779,16	43.539,40	51.999,91	50.899,32
Investimentos medios	23.821,67	19.610,26	23.832,52	23.338,61	20.608,17
Mancomunidades de montes veciñais en man común					
Nº de mancomunidades	36	36	36	36	36
Montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo					
Nº de montes	40	42	43	49	52
Superficie	9.404,95	9.568,12	9.568,12	10.321,02	11.254,74
Agrupacións forestais inscritas					
Nº de agrupacións	13	19	19	19	19
Superficie	2.093,84	3.145,00	3.145,00	3.145,00	3.145,00
Superficie xestionada	1.730,78	2.491,70	2.491,70	2.491,70	2.491,70
Socios	602	925	925	925	925
Parcelas	4.490	9.656	9.656	9.656	9.656
Rexistro de montes ordenados					
Nº de instrumentos de ordenación e xestión forestal	5.298	6.696	43.296	84.986	117.881
Nº de proxectos de ordenación (PO)	723	863	987	1.335	1.502
Nº de documentos simples de xestión	12	15	25	57	72
Nº de documentos compartidos de xestión	-	1	1	2	2
Nº de adhesións boas prácticas e modelos silvícolas/xestión forestal	4.563	5.817	42.283	83.592	116.305
Superficie instrumentos de ordenación e xestión forestal	215.260,28	305.771,72	385.033,24	479.544,93	550.919,23
Superficie proxectos de ordenación (PO)	206.829,99	295.156,01	349.632,18	416.328,90	465.594,28
Superficie documentos simples de xestión	175,10	217,76	401,63	974,48	1.301,59
Superficie documentos compartidos de xestión	-	14,13	14,13	31,84	31,84
Superficie adhesión boas prácticas e modelos silvícolas/xestión forestal	8.255,19	10.383,82	34.985,30	62.209,71	83.991,52
Nº referencias catastrais en montes con adhesión boas prácticas e modelos silvícolas e de xestión forestal	12.599	15.775	69.263	134.832	188.197
Nº medio de referencias catastrais por adhesión	2,88	2,53	1,56	1,58	1,63
Superficie media por adhesión	1,96	1,70	0,68	0,66	0,67

Fonte: Consellería do Medio Rural, *Estatísticas forestais*

4.4.10.

Segundo o sistema de indicadores para 2023 da Consellería de Medio Rural, o número de montes ou parcelas forestais con instrumentos de ordenación e xestión forestal (IOXF) ascendeu a 117.881, elevándose a superficie total a 550.919 hectáreas, o que supón o 24,8% da superficie forestal galega (34,2% da superficie forestal arborada). En relación ao ano anterior o número de instrumentos de ordenación e xestión forestal aumenta un 38,7% motivado en gran medida, pola continuidade nas política de axudas existentes e na obrigatoriedade de realizar certas actuacións na propiedade forestal.

Atendendo á súa distribución segundo provincia, Ourense concentra o 37,4% da superficie ordenada con tan só o 7,1% dos montes ou parcelas, por diante de Lugo que concentra o 28,8% da superficie e o 30,2% dos montes con IOXF.

No rexistro de montes ordenados da Xunta de Galicia están aprobados e rexistrados 1.502 proxectos de ordenación (PO), o que supón unha medra do 12,5% respecto ao ano anterior, ascendendo a superficie total a

Incendios forestais 2022-23: número de sinistros (1)

	Conatos		Incendios		Queimas		Total	
	2023	2022	2023	2022	2023	2022	2023	2022
A Coruña	158	279	26	57	9	13	193	349
Lugo	108	192	42	60	18	25	168	277
Ourense	236	454	40	112	24	70	300	636
Pontevedra	201	376	41	71	5	4	247	451
Total	**703**	**1.301**	**149**	**300**	**56**	**112**	**908**	**1.713**

(1) datos son provisionais

Fonte: Consellería do Medio Rural

4.4.11.

465.594 hectáreas (11,8% superior ao rexistrado no ano precedente). A provincia co maior número de proxectos de ordenación e xestión forestal é Lugo con 493, seguida de Ourense con 440.

No ano 2023 hai en Galicia 3.376 montes veciñais en man común (MVMC), cunha superficie de 661 mil hectáreas, polo tanto cunha superficie media de case 196 hectáreas.

A importancia dos montes veciñais de man común (MVMC) queda reflectida tamén no feito de que estes representan o 87,9% dos proxectos de ordenación (1.320 proxectos,) e o 91% da superficie total (423.886 hectáreas). Cómpre mencionar que a provincia con maior superficie de MVMC suxeita a proxectos de ordenación é Ourense, con 212.874 hectáreas, o que supón o 43,6% do total galego, seguida de Lugo, con 136.563 hectáreas (28% do total).

• Incendios forestais

Despois do preocupante incremento no número de sinistros forestais no ano 2022, o ano 2023 caracterízase por un descenso moi significativo tanto do número de sinistros como da superficie afectada, en relación ao ano anterior.

Os datos da Consellería de Medio Rural amosan que ao longo do último ano declaráronse un total de 908 sinistros, 805 menos que no ano anterior (47% menos), que afectaron a 6.749 hectáreas, case oito veces menos que no ano precedente, cando se queimaron 51.643 has., un descenso do 87%.

Segundo os datos provisionais a 31 de decembro de 2023, proporcionados polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, en España o número total dos sinistros foi de 7.748, un 26,3% menos que no ano anterior, e a superficie queimada afectou a 89.068 has., unha redución do 67% en relación ao ano 2022. Tendo en conta que os datos nacionais son provisionais, o peso relativo dos incendios en Galicia no total estatal ascende ata o 11,7% (16,3% no ano anterior), e ao 7,6% no caso da superficie queimada (19,3% no ano 2022).

No que respecta ao tipo de sinistros rexistrados, das 6.749 has., queimadas no ano 2023 en Galicia, 854 hectáreas correspóndense con conatos ou queimas, e as restantes 5.895 has., son superficie queimada en incendios.

No ano 2023 en Galicia prodúcense 703 conatos de incendio, un 46% menos que no ano anterior, sendo o seu peso no total estatal do 12,9%. Así mesmo, no ano 2023 en Galicia prodúcense 149 incendios, un 50% menos que no ano anterior, sendo o seu peso no total estatal do 6,5%.

No que respecta ao tipo de superficie afectada polos sinistros forestais, a superficie arborada queimada en 2023 en Galicia ascende ata as 3.953 hectáreas, 12.813 hectáreas menos que no ano anterior (-76%), catro

Incendios forestais 2022-23: superficie afectada (1)

2023

	Superficie arborada				Superficie rasa				Superficie Total			
	Conatos	Incendios	Queimas	Total	Conatos	Incendios	Queimas	Total	Conatos	Incendios	Queimas	Total
							(en Has.)					
A Coruña	8,8	80,0	-	88,8	12,0	173,7	25,3	211,1	20,9	253,7	25,3	299,9
Lugo	4,5	3.513,8	-	3.518,3	13,0	1.296,1	63,2	1.372,3	17,5	4.809,9	63,2	4.890,6
Ourense	7,8	166,5	-	174,3	29,3	390,2	646,8	1.066,3	37,1	556,7	646,8	1.240,6
Pontevedra	16,5	155,5	-	172,0	8,6	119,6	17,6	145,9	25,1	275,1	17,6	317,9
Total	**37,6**	**3.915,7**	**-**	**3.953,3**	**63,0**	**1.979,6**	**753,0**	**2.795,6**	**100,6**	**5.895,3**	**753,0**	**6.748,9**

2022

	Superficie arborada				Superficie rasa				Superficie Total			
	Conatos	Incendios	Queimas	Total	Conatos	Incendios	Queimas	Total	Conatos	Incendios	Queimas	Total
							(en Has.)					
A Coruña	22,6	945,5	-	968,0	17,2	1.636,0	73,0	1.726,1	39,7	2.581,4	73,0	2.694,1
Lugo	8,7	5.953,4	-	5.962,1	24,7	8.228,2	286,3	8.539,2	33,4	14.181,6	286,3	14.501,3
Ourense	14,0	8.096,7	-	8.110,6	57,7	23.343,0	568,2	23.968,9	71,7	31.439,6	568,2	32.079,5
Pontevedra	30,0	1.695,4	-	1.725,4	18,0	601,9	22,3	642,3	48,1	2.297,3	22,3	2.367,6
Total	**75,2**	**16.690,9**	**-**	**16.766,1**	**117,6**	**33.809,0**	**949,8**	**34.876,4**	**192,9**	**50.499,9**	**949,8**	**51.642,6**

(1) datos son provisionais

Fonte: Consellería do Medio Rural

4.4.12.

veces menos que a superficie arborada queimada no ano anterior. A superficie rasa afectada foi de 2.796 hectáreas, 12 veces inferior á do ano anterior (32.081 has. menos ; -92%).

A nivel provincial, o descenso no número de sinistros e na extensión de superficie queimada prodúcese nas catro provincias galegas, no en tanto, é a provincia de Ourense a que reduce os seus rexistros de xeito máis notable. Do mesmo que xeito que o incremento na extensión da superficie queimada foi especialmente preocupante na provincia de Ourense no ano 2022, en 2023 redúcese nun 96% a superficie queimada en relación ao ano anterior (30.839 ha. menos). A superficie queimada tamén se reduce nas tres provincias restantes, sendo este descenso de 9.611 has. en Lugo, de 2.394 has. na Coruña e de 2.050 has. menos na provincia de Pontevedra.

Tras esta evolución, no ano 2023 Lugo pasa a ser a provincia máis afectada polos sinistros forestais, cunha superficie arrasada de 4.891 hectáreas, o 72% da superficie total queimada en Galicia, por diante de Ourense, con 1.241 hectáreas afectadas (18% do total de Galicia). A provincia de Pontevedra rexistra 318 has. queimadas, o 4,7% do total galego e a Coruña con 300 has. queimadas, o 4,4% da superficie total queimada en Galicia no ano 2023.

Considerando tan só a superficie arborada queimada, a provincia de Lugo concentra o 89% da superficie arborada queimada en Galicia no último ano.

Residuos sólidos urbanos e residuos industriais

No ano 2022 aprobouse a Lei 7/2022, de 8 de abril, de Residuos e solos contaminados para unha economía circular, que suma os seus esforzos aos obxectivos cuantitativos pretendidos pola lei autonómica 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, entre os que se poden mencionar a redución progresiva do peso dos residuos producidos, ata alcanzar en 2020 un 10% de redución respecto dos xerados en 2010, y no ano 2025 un 15%; o incremento da cantidade de residuos municipais destinados á preparación para a reutilización e a reciclaxe de papel, metais, vidro,

Residuos urbanos recollidos nas CC.AA. 2020-21: distribución segundo tipo

	2021		2020		21/20	
	mezclados	recollidos selectivamente	mezclados	recollidos selectivamente	mezclados	recollidos selectivamente
	(en Tm.)				(%)	
Andalucía	3.991.563	627.003	3.847.688	597.209	3,7	5,0
Aragón	462.285	137.788	457.751	141.847	1,0	-2,9
Asturias	387.187	128.261	360.808	117.580	7,3	9,1
Baleares	511.495	203.190	494.254	176.075	3,5	15,4
Canarias	982.864	213.186	886.249	243.848	10,9	-12,6
Cantabria	244.288	57.972	240.252	53.531	1,7	8,3
Castela e León	902.125	177.522	890.062	171.681	1,4	3,4
Castela - A Mancha	784.150	123.434	819.391	88.485	-4,3	39,5
Cataluña	2.073.783	1.483.120	2.126.109	1.452.344	-2,5	2,1
Comunidade Valenciana	1.980.028	700.944	1.952.729	440.224	1,4	59,2
Estremadura	427.842	50.136	427.468	54.955	0,1	-8,8
Galicia	**930.223**	**199.144**	**926.743**	**180.751**	**0,4**	**10,2**
Madrid	1.791.059	850.880	1.808.135	748.563	-0,9	13,7
Murcia	735.522	101.044	683.971	80.756	7,5	25,1
Navarra	164.038	115.236	152.882	120.845	7,3	-4,6
País Vasco	544.555	386.636	425.720	350.597	27,9	10,3
A Rioxa	101.992	26.262	104.630	24.704	-2,5	6,3
Total	**17.088.874**	**5.588.063**	**16.677.773**	**5.051.457**	**2,5**	**10,6**

Fonte: INE, *Estadística sobre recogida y tratamiento de residuos*

4.4.13.

plástico, bioresiduos e outras susceptibles de ser preparadas para a reutilización (no seu conxunto, como mínimo, o 50% en peso no ano 2020, correspondendo un 2% á preparación para a reutilización principalmente de residuos téxtiles, residuos de aparatos eléctricos e electrónicos e mobles, o 55 % en 2025 e o 60 % en 2030); a eliminación en vertedoiro no ano 2035 dun máximo do 10% dos residuos domésticos xerados; incremento progresivo da cantidade de residuos non perigosos de construción e demolición destinados á preparación para a reutilización, a reciclaxe e outros tipos de valorización material, ata alcanzar antes de 2020 o 70 % no peso dos residuos producidos e o 75% en 2025; acadar antes de 2025 o obxectivo do 30% da preparación para a reutilización do total de residuos domésticos xestionados, e un 5 % en 2030.

Todos estes esforzos están na liña de acadar o cumprimento dos ODS, e en particular os obxectivos 12 –produción e consumo sostibles–, 13 –acción polo clima- e 14 –vida submarina.

Centrándonos na análise dos residuos sólidos urbanos (RSU), os datos da Enquisa sobre recollida e tratamento de residuos do INE reflicten que no ano 2021, último dispoñible, en relación ao ano anterior Galicia rexistra, ao igual que o conxunto do Estado, un aumento do volume total de RSU recollidos. Como se desprende do **cadro 4.4.13.,** en 2021 recolléronse en Galicia un total de 1.129 miles de toneladas, o 5% do total estatal, o que supón un aumento do 2% respecto ao ano anterior (4,4% en España).

No ano 2021 o volume de residuos urbanos recollidos selectivamente aumentou un 10,2% ata acadar as 199.144 Tm. incremento semellante á media estatal que foi do 10,6%. A recollida de residuos urbanos mezclados aumentou un 0,4% en Galicia, moi por debaixo do incremento da media do Estado que foi do 2,5%.

A peso da recollida de residuos mezclados sobre o total de residuos urbanos é en Galicia do 82,4%, a sexta máis elevada de todas as CCAA, fronte á media estatal que é do 75,3%. En termos per cápita, en España no ano 2021 recolléronse 478,7 quilogramos de residuos por persoa e ano, Galicia recolleu 419,6 kg. persoa/ano, o

Residuos urbanos recollidos selectivamente 2020-21: distribución segundo tipo de residuo

	Galicia		España	
	2021	2020	2021	2020
	(en Tm)			
07.1 Vidro	48.154	46.717	878.014	828.865
09. Animais e vexetais	46.434	45.739	1.433.950	1.253.212
07.2 Papel y cartón	40.022	40.933	1.491.158	1.340.017
10.21 Envases mixtos embalaxes misturados	32.781	32.327	889.116	887.731
07.5 Madeira	12.025	3.081	168.901	137.532
12 Minerais (inclúe construción e demolición)	8.269	3.806	537.330	451.652
08.2 e 08.43 Equipamento eléctrico e eléctrónicos	6.096	5.581	84.052	81.547
10.1.2 Residuos domésticos voluminosos mezclados (enseres domésticos)	3.665	1.852	234.512	224.995
07.4 Plásticos	3.055	1.081	20.871	8.713
06 Metálicos	1.555	933	26.812	22.964
07.6 Téxtiles	573	430	52.496	35.823
08.41 Pilas e acumuladores	108	107	2.328	2.110
18 Outros	72	16	3.035	1.291
TOTAL RESIDUOS DE RECOLLIDA SEPARADA	**199.144**	**180.751**	**5.588.063**	**5.051.457**

Fonte: INE, *Estadística sobre recogida y tratamiento de residuos*

4.4.14.

terceiro rexistro máis reducido das 15 CCAA, só por diante de Madrid (393,5 Kg.) e da Rioxa (401,4 Kg.).

Por tipo de residuo de recollida selectiva, no **cadro 4.4.14.** móstrase a evolución da recollida dos distintos tipos de residuos urbanos recollidos de xeito separado. Das case 200 mil toneladas de residuos recollidas selectivamente en Galicia en 2021, 48.154 Tm. son de vidro, o 24,2% do total da recollida selectiva, aproximadamente a mesma cantidade (46.434 Tm.), son residuos de animais e vexetais (23,3% do total), 40.022 Tm corresponden a papel e cartón (20,1% do total) e 32.781 Tm. a envases mixtos e embalaxes, o 16,5% do total de residuos recollidos selectivamente.

En relación aos residuos selectivos recollidos no ano anterior, todos os tipos de residuos aumentaron as cantidades recollidas, agás o papel e cartón que se reduciu nun 2,2%.

Segundo datos da Sociedade Galega de Medio Ambiente correspondentes á xestión que esta realiza, durante o ano 2023 tivo lugar unha parada programada das instalacións, polo que o volume de residuos directos a vertedoiro é maior que no ano anterior e a enerxía eléctrica xerada menor, en concreto o volume de residuos urbanos tratados foi de 776.666,05 t. A valorización enerxética acadou as 319.568,05 MWh; os residuos destinados a vertedoiro foron 17.747 t e o volume de residuos en bolsa amarela foi de 31.869,77 t.

- **Residuos industriais**

O volume de residuos industriais xerados en Galicia no ano 2021 (último dato dispoñible) supera os niveis prepandémicos e ascende a 3,5 millóns de toneladas, o que supón un incremento interanual do 36,2%, que contrasta co descenso do 20,3% experimentado no ano anterior.

Entre as distintas ramas de actividade (**cadro 4.4.15.**), os residuos de construción e demolición son os de maior volume con 1,7 millóns de toneladas, e tamén os que máis aumentan en termos absolutos en relación ao ano anterior con 581 mil toneladas xeradas máis (53% máis en relación ao ano 2020). O segundo tipo de residuos en importancia en tanto ao seu volume de xeración, son os procedentes do tratamento de residuos e auga que xeran 517 mil toneladas, un 34% máis que o ano anterior; en terceiro lugar están os residuos procedentes da minería e extracción con 310 mil toneladas, un 104% máis que no ano anterior.

Xeración de residuos en Galicia: 2018-21

	2018	2019	2020	2021
		(en Tm.)		
Minería e extracción	320.889	324.063	151.934	310.467
Sector primario e alimentario	155.248	177.058	186.476	189.753
Sector madeira e papel	41.463	62.878	42.846	39.216
Coiro e téxtil	2.072	3.049	1.989	2.351
Petróleo, gas natural e carbón	272	1.258	245	312
Procesos químicos inorgánicos	4.724	5.380	4.880	5.461
Procesos químicos orgánicos	2.796	1.931	2.024	1.619
Pinturas, adhesivos e tintas	13.617	14.701	13.415	11.651
Industria fotográfica	218	300	496	508
Procesos térmicos	474.383	331.220	211.995	222.645
Tratamento químico superficies	12.247	12.378	8.320	6.432
Tratamento físico superficies	109.526	172.021	147.606	157.845
Residuos aceitosos	53.174	57.250	41.748	43.147
Disolventes	897	1.109	1.078	713
Envases e absorbentes	134.146	136.774	115.424	125.945
Outros	130.801	128.147	116.624	141.133
Construción e demolición	878.502	1.333.312	1.093.364	1.674.687
Servizos médicos	14.041	13.870	12.461	11.190
Tratamento de residuos e auga	445.193	413.887	385.282	516.804
Residuos domésticos asimilables	8.292	7.134	8.840	7.555
Total	**2.802.501**	**3.197.720**	**2.547.049**	**3.469.435**

Fonte: *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda*

4.4.15.

Instalacións autorizadas para o tratamento de residuos industriais en Galicia 2018-21

	Instalacións				Capacidade máxima			
	2018	2019	2020	2021	2018	2019	2020	2021
		(nº)				*(en Tm.)*		
Almacenamento (1)	214	252	268	271	184.567	308.520	212.855	278.362
Clasificación	251	280	293	301	1.393.813	1.773.485	1.629.137	1.695.188
Valorización	244	347	385	431	10.775.376	12.005.679	14.989.090	17.021.792
Eliminación (2)	35	30	30	31	334.889	323.989	243.889	263.514
Total	744	909	976	1.034	12.688.645	14.411.673	17.074.972	19.258.855

(1) Capacidade en toneladas máximas de residuos que se poden almacenar nas instalacións

(2) Non computada a capacidade de eliminación en vertedoiros

Fonte: *Cª de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.*

4.4.16.

HASTA JULIO 24 NO ESTARÁN ESTOS DATOS DE 2022 (tabla 4.4.16)

No que atinxe ao número de instalacións autorizadas para o tratamento de residuos, tanto perigosos coma non perigosos, o ano 2021 (último dato dispoñible) caracterízase por un significativo incremento. O cadro 4.4.16. reflicte que Galicia conta con 1.034 instalacións autorizadas, 58 máis que no ano anterior, rexistrándose este comportamento tanto no caso das instalacións de almacenamento como de clasificación de residuos, valorización e eliminación.

No que respecta á evolución das distintas instalacións, en Galicia hai 271 instalacións de almacenamento que

presentan unha capacidade máxima de 278,4 miles de toneladas, o que supón 3 instalacións máis que no ano precedente, e un incremento interanual da súa capacidade de almacenamento do 30,8%. Doutra banda, o número de instalacións de clasificación ascende a 301, o que supón 8 instalacións máis respecto ao ano anterior, aumentando a súa capacidade máxima a 1.695,2 miles de toneladas/ano (1.629,1 miles de toneladas no ano precedente). No que atinxe ás instalacións de valorización, Galicia conta con 431 instalacións autorizadas, 46 máis que no ano anterior, cunha capacidade máxima de 17 millóns de toneladas fronte aos 15 millóns no ano anterior, un 13,6% máis. Finalmente, o número de instalacións autorizadas de eliminación de residuos tamén se incrementa ata as 31, unha máis que no ano anterior, e a súa capacidade máxima ascende ata as 263,5 miles de toneladas, un 8% máis que no ano 2020.

❑

4.5. Ocio e cultura

Este capítulo trata de plasmar a situación da cultura e ocio en Galicia a través do estudo das denominadas magnitudes transversais e dos dominios culturais. As magnitudes transversais son todas aquelas operacións estatísticas que afectan a diferentes sectores culturais; e, os dominios culturais ou magnitudes sectoriais son aquelas que representan un conxunto común de actividades económicas e sociais que tradicionalmente son consideradas de natureza cultural, tales coma os bens culturais, libros e publicacións periódicas ou artes musicais, entre outras.

Indicadores transversais

Estes indicadores informan sobre as características básicas transversais aos diferentes sectores ou actividades culturais: emprego, sector empresarial, financiamento e gasto público en cultura, gasto e consumo cultural nos fogares, propiedade intelectual e turismo cultural.

- **Emprego e empresas culturais**

Os indicadores harmonizados europeos de emprego vinculado á cultura por país, sitúan a España cunha porcentaxe de emprego cultura sobre o total de emprego do 3,6%, porcentaxe inferior que a rexistrada de media na UE-27 (3,8%) para o ano 2022, último dato dispoñible. Segundo os datos do Ministerio de Cultura y Deporte o número de persoas ocupadas en actividades cunha dimensión cultural en Galicia ascendeu no último ano a 37.400 persoas, o que representa o 3,3 % do emprego total e o 5,2% do emprego cultural do conxunto do Estad (**cadro 4.5.1.**).

No ano 2023, en relación ao ano anterior, aumenta o emprego cultural en Galicia, nun 2,5% (900 persoas máis), un crecemento notablemente inferior ao rexistrado de media no Estado que acadou un incremento interanual do 4%.

Ademais do emprego cultural hai que ter en conta tamén a evolución no número de empresas recoñecidas co Directorio Central de Empresas (DIRCE), cuxa principal actividade económica atópase relacionada co ámbito da cultura, en concreto: actividades vinculadas a bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais, actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión así como as artísticas e de espectá-

Emprego cultural 2019-23 (1)

	Galicia		España		Galicia / España
	(miles)	*(% sobre total emprego)*	*(miles)*	*(% sobre total emprego)*	*(%)*
2019	34,1	3,1	710,2	3,6	4,8
2020	34,8	3,2	668,1	3,5	5,2
2021	34,7	3,2	690,8	3,5	5,0
2022	36,5	3,3	695,3	3,4	5,2
2023	37,4	3,3	723,3	3,4	5,2

(1) ocupados de máis de 16 anos que desenvolven ocupacións culturais, considerando estas como aquelas actividades profesionais cunha dimensión cultural como por exemplo escritores, artistas, arquiveiros, bibliotecarios, actividades de edición, cinematográficas, de video, radio, tv, actividades artísticas e de espectáculos e outras, con independencia da actividade principal do empregador

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte e INE, *EPA*

4.5.1.

Empresas culturais nas CC.AA. 2019-2022: distribución segundo actividade económica principal (1) (2)

	2022		2021		2020		2019	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Total empresas	**7.184**	**133.083**	**7.075**	**128.741**	**7.158**	**132.203**	**7.033**	**127.581**
En determinadas actividades da industria e dos servizos	6.045	115.591	5.900	111.018	5.934	113.617	5.770	108.440
Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras	239	5.025	238	4.927	237	4.950	223	4.772
Edición de libros, xornais e outras activ. edit.	296	6.960	303	6.990	314	7.260	329	7.459
Cinematografía, video, radio, tv, e outras activ. de edic. musical	420	10.755	394	9.928	377	9.695	375	9.606
Axencias de novas	2	65	3	65	3	75	3	75
Actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos	2.858	50.232	2.800	47.760	2.826	49.122	2.631	44.862
Fotografía	830	14.221	814	13.595	790	13.961	808	13.320
Actividades de traducción e interpretación	468	10.193	448	10.007	453	10.466	448	10.158
Artes gráficas e reprod. de soportes grabados	714	14.024	701	13.806	719	14.071	752	14.285
Edición de videoxogos	3	180	4	172	3	151	-	111
Fabricac. de soportes, aparatos de imaxe e son e instr. musicais	39	438	33	413	33	412	31	405
Fabricación de artigos de xoiería e artigos similares	92	1.702	85	1.688	94	1.744	96	1.786
Educación cultural	84	1.796	77	1.667	85	1.710	74	1.601
En determinadas actividades do comercio e aluguer	1.139	17.492	1.175	17.723	1.224	18.586	1.263	19.141

(1) A partir de 2016 inclúense a Fabricación de artigos de xoiaría e artigos similares e a Edición de videoxogos (códigos 3212 e 5821 da CNAE 2009).

(2) O concepto de empresa utilizado no DIRCE foi reformulado polo INE, polo que a comparación de resultados de 2019 en adiante con periodos anteriores se restrinxe parcialmente.

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

4.5.2.

culos, entre outras. O Anuario de Estadísticas Culturales 2023 do Ministerio de Educación reflicte que o número de empresas culturais rexistradas a principios de 2022, último dato dispoñible, aumenta en relación á mesma data do ano anterior, acadando as 7.184 empresas, 109 máis que no ano anterior. O aumento no número e empresas culturais en Galicia foi do 1,5%, fronte a un crecemento medio estatal do 3,4%, o que determina o descenso nunha décima porcentual do peso das empresas galegas sobre o total acadando o 5,4% en 2022.

Atendendo á súa distribución segundo actividade económica principal, o **cadro 4.5.2.** amosa un descenso no número de empresas con actividades de comercio e aluguer (36 empresas menos) fronte ao incremento nas actividades da industria e dos servizos (145 empresas máis); dentro destas últimas salienta o incremento de 58 empresas dedicadas a actividades de deseño, crea-

Gasto público liquidado en cultura en Galicia e España 2020-21

		2021		2020	
		Galicia	España	Galicia	España
Total	*(en miles de euros)*	**113.637**	**1.536.431**	**91.858**	**1.355.075**
Gasto / gasto liquidado total	*(%)*	0,88	0,61	0,66	0,55
Gasto / PIB		0,18	0,13	0,16	0,12
Gasto / habitante	*(en euros)*	42,20	32,40	34,00	28,60
Actividades					
Bens e servizos culturais	*(en miles de euros)*	36.507	604.592	35.693	500.216
Artes plásticas e escénicas		9.864	246.600	5.985	231.118
Libro e audiovisual		3.333	53.574	592	43.840
Interdisciplinar e non distribuído		63.933	631.666	49.587	579.902

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales.*

4.5.3.

ción artísticas e de espectáculos, e de 26 empresas máis con actividades de cinematografía, vídeo, radio, TV, e outras actividades de edición musical.

En termos de variación interanual, o número de empresas culturais das actividades da industria e dos servizos culturais medra en Galicia un 2,5% (4,1% no conxunto do Estado) e as empresas centradas nas actividades de comercio e aluguer de bens culturais redúcense en Galicia un 3,1% respecto ao ano anterior fronte á caída do 1,3% en España.

As actividades da industria e dos servizos culturais abranguen o 84% das empresas culturais en Galicia (87% en España), destacando por número de empresas as dedicadas ás actividades de "deseño, creación, artísticas e de espectáculos", con 2.857 empresas (o 39,8% das empresas culturais galegas), así como as actividades de "fotografía", con 830 empresas (11,5%), e "artes gráficas e reprodución de soportes gravados", con 714 empresas (o 9,9% das empresas culturais).

• Financiamento e gasto público en cultura

Os datos para coñecer o financiamento da cultura en Galicia no ano 2021, último dispoñible, son proporcionados tendo en conta o punto de vista do financiador e non a do receptor, para o que distinguimos entre gasto público e gasto privado; así, considérase gasto público en cultura o gasto consolidado liquidado destinado á cultura, na súa fase de obrigas recoñecidas.

Os datos do Anuario de Estadísticas Culturales 2022 do Ministerio de Cultura y Deporte, recollen o gasto liquidado en cultura realizado pola Administración autonómica galega en 2021 (último dato dispoñible) que aumentou ata os 113,6 millóns de euros, o que supón o 7,4% do gasto no conxunto do Estado. En relación ao ano anterior, este gasto público en cultura aumentou en Galicia un 23,7% (21,8 millóns de euros) porcentaxe que representa un incremento máis intenso que o rexistrado de media en España no mesmo período (13,4%).

A porcentaxe do PIB do gasto liquidado en cultura e a porcentaxe sobre o gasto liquidado total do gasto liquidado en cultura, seguen a ser superiores en Galicia que no conxunto do Estado. Como reflicte o **cadro 4.5.3**., o gasto liquidado en cultura representa o 0,18% do PIB galego (0,13% no Estado) e o 0,88% do gasto liquidado total (0,61% en España). Por outra banda, cómpre mencionar que o gasto per cápita en Galicia aumenta ata os 42,2 euros, (8,2 euros máis que no ano anterior) importe novamente superior ao do conxunto do Estado, que acada os 32,4 euros (3,8 euros máis que no ano anterior).

Atendendo á desagregación do gasto segundo a activi-

Consumo cultural nos fogares en Galicia e España 2021-22

		2022		2021	
		Galicia	España	Galicia	España
Total		**662,8**	**11.356,2**	**616,3**	**10.773,5**
libros e publicacións periódicas	*(en millóns de euros)*	143,6	2.251,0	166,9	2.124,1
servizos culturais		96,6	1.968,2	49,9	1.362,4
equipos e accesorios audiovisuais e de tratamento de información		201,9	3.469,1	203,9	3.707,1
telefonía móbil e servizos relacionados coa Internet		220,7	3.667,8	195,6	3.579,9
gasto / habitante	*(en euros)*	248,40	241,50	230,80	230,00
gasto / fogar		594,10	596,60	555,90	571,00

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, A*nuario de Estadísticas Culturales*

4.5.4.

dade principal á que vai dirixido, o sinalado incremento do gasto total ven explicado tanto pola evolución das actividades de "artes plásticas e escénicas", cun aumento do 64,8% (3,9 millóns de euros máis), como polo gasto nas actividades de " libro e audiovisual " cun aumento do de máis do 400% (2,7 millóns de euros), como polas actividades incluídas dentro do apartado "interdisciplinar e non distribuído", que presenta unha taxa de variación interanual do 28,9% (14,3 millóns de euros máis.

Tras esta evolución, o orzamento liquidado nas actividades de bens e servizos culturais ascende a 36.507 miles de euros, o 32,1% do total, sendo de 69.933 miles o gasto liquidado nas actividades interdisciplinares e non distribuídos (56,3%).

• Gasto e consumo cultural nos fogares

No ano 2022, a diferenza do que acontecía no ano anterior, aumenta en Galicia o gasto destinado a consumo de bens e servizos culturais por parte das familias, o que segue a mesma tendencia de incremento rexistrada no conxunto de España. Como se observa no **cadro 4.5.4.**, o gasto en consumo dos fogares galegos en cultura en Galicia aumenta un 7,5% en relación ao ano 2021, fronte ao incremento no conxunto do Estado do 5,4%, Tras esta evolución, o gasto en Galicia ascende a 662,8 millóns de euros, o que representa o 5,8% do consumo total en cultura nos fogares españois. As fortes tensións inflacionistas experimentadas no ano 2022 inciden tamén nun alza de prezos en ocio e cultura, cunha medra en Galicia do 3,1% fronte ao 3,8% en España.

No que respecta ao o gasto medio por fogar en cultura, este descende en 2022 ata os 594,1 euros en Galicia, 2,5 euros menos que a media estatal, o que a sitúa como a sétima Comunidade Autónoma con maior gasto tras Murcia, Illas Baleares, Madrid, Cataluña, A Rioxa e Aragón. En termos de gasto por habitante, o gasto medio ascende ata os 248,4 euros (241,5 euros en España), o que a coloca como a oitava C.A. con maior gasto per cápita, ascendendo dous postos en relación ao ano anterior.

No que respecta ao destino do gasto en consumo culturais dos fogares galegos, a partida máis importante é a destinada a "Telefonía móbil e servizos relacionados coa internet" que tras un incremento do 12,8% no ano 2022 acada en Galicia 220.7 millóns de euros, o 33,3% do consumo cultural total nos fogares en Galicia; o segundo destino de gasto en importancia son os "equipos e accesorios audiovisuais e de tratamento da información" con 201,9 millóns de euros de gasto no ano 2022, o 30,5% do gasto en consumo cultural nos fogares galegos.

O gasto en libros e publicacións periódicas, con 143,6 millóns de euros de gasto en 2022, ten un peso relativo no total de gasto cultural do 21,7%, superior ao peso medio no Estado que é do 19,8%; tan só o gasto en li-

Dereitos de propiedade intelectual 2021-22 (1)

	2022	2021
Obras literarias e científicas		
Galicia	600	1.072
España	20.285	23.070
Obras musicais, cinematograficas e audiovisuais		
Galicia	152	271
España	4.482	5.705
Obras artísticas e técnicas		
Galicia	96	120
España	1.404	1.811
Outras		
Galicia	59	89
España	872	814
Total		
Galicia	907	1.552
España	27.043	31.400

(1) primeiras inscricións realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual; o dato total de España recolle a suma das inscricións no rexistro central e nos rexistros territoriais

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.5.

bros e publicación periódicas presenta un peso relativo en Galicia superior á do conxunto de España.

Analizando a evolución dos diferentes gastos respecto ao ano anterior, cómpre mencionar o incremento do 12,8% no caso do gasto en telefonía móbil, e os descensos do 14% (fronte ao incremento do 6% en España), nos gastos en libros, o gasto en equipos e accesorios audiovisuais e de tratamento de información -1% (-6,4% en España); e, finalmente, o aumento do 93% no gasto en servizos culturais fronte ao incremento do 44% de media en España.

• Propiedade intelectual

A efectos deste análise a propiedade intelectual defínese como o conxunto de dereitos que corresponden aos autores e outros titulares respecto ás obras e prestacións froito da súa creación. A información sobre os dereitos de propiedade intelectual deriva dos datos proporcionados polas Entidades de Xestión así como da explotación estatística do Rexistro xeral da propiedade intelectual.

O número de primeiras inscricións de dereitos de propiedade intelectual redúcese de xeito importante no ano 2022, último ano dispoñible, tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Os datos do **cadro 4.5.5.**, mostra que na Comunidade Autónoma rexistráronse un total de 907 inscricións, 645 menos que no ano anterior, unha caída do 41,5% moito máis intensa que a rexistrada no conxunto do Estado, que foi do -14%. Esta evolución reduce a importancia relativa do número de inscricións realizadas no rexistro da propiedade intelectual en Galicia que pasan do 4,9% no ano 2021, ao 3,3% en 2022.

Desagregando por tipo de rexistro, a dita caída no número de rexistros esténdese a todos os dereitos de propiedade analizados. As obras literarias e artísticas reducen os seu número de rexistros nun 44% (-12% de caída media no conxunto do Estado); as obras musicais, cinematográficas e audiovisuais reducen os seus rexistros nun 43,9% (21,4% de caída media en España); as obras artísticas e técnicas caen un 20% en Galicia (-22,5% en España),e finalmente o apartado de “outros” tamén reduce o seu número de rexistros nun 33,7% en

Viaxes por motivos culturais de residentes 2020-23

	2020		2021		2022		2023	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Viaxes totais	4.824.312	101.523.862	7.447.102	142.893.461	8.728.595	171.388.138	9.214.253	185.895.163
Ocio, recreo e vacacións	1.709.501	47.748.862	2.795.183	69.090.482	3.445.179	88.420.215	4.029.273	96.590.985
Turismo cultural	139.047	4.751.908	358.577	8.575.274	755.964	16.429.491	717.219	17.729.025
Pernoctacións totais	20.883.629	493.409.224	25.405.699	626.172.389	31.687.158	745.821.861	32.381.201	802.083.174
Ocio, recreo e vacacións	8.940.399	255.916.934	10.263.496	331.156.019	12.191.449	401.088.806	14.628.245	438.137.137
Turismo cultural	549.477	18.284.446	1.323.082	32.958.720	2.482.546	67.241.210	2.933.904	75.796.877
Duración media das viaxes (días)	4,33	4,86	3,41	4,38	3,63	4,35	3,51	4,31
Ocio, recreo e vacacións	5,23	5,36	3,67	4,79	3,54	4,54	3,63	4,54
Turismo cultural	3,95	3,85	3,69	3,84	3,28	4,09	4,09	4,28

Fonte: INE, *Encuesta de turismo de residentes*

4.5.6.

Galicia, fronte ao incremento do 7,1% de media no Estado. Tras esta evolución, o 66,1% do total das inscricións rexistradas en Galicia corresponderon a obras literarias e científicas, seguidas das obras musicais, cinematográficas e audiovisuais, co 16,8%, e as obras artísticas e técnicas, cun 10,6%.

• Turismo cultural

A estatística utilizada para levar a cabo a análise do turismo cultural en Galicia é a *"Encuesta de turismo de residentes"* elaborada polo INE e que, como o seu título di, está exclusivamente limitada a residentes nacionais; polo que non temos información sobre o número de visitantes non residentes nacionais que visitan Galicia por motivos culturais, un segmento cada vez máis importante, tanto dende o punto de vista cuantitativo como cualitativo.

No concernente ao número de viaxes rexistrados como turismo por motivo cultural, realizados por residentes en Galicia en 2023, ascenderon a un total de 717.219 viaxes, un 5,1% menos que no ano anterior, establecéndose unha evolución diverxente coa media estatal, onde no último ano os viaxes con motivación cultural realizados por residentes medran nun 8%.

O 7,8% do total de viaxes realizadas polos galegos nese ano son por motivos culturais fronte ao 8,7% do ano anterior. No conxunto do Estado este peso relativo sitúase en 2023 no 9,5%, mesma porcentaxe que no ano anterior.

Xunto á redución no número de viaxes por motivos culturais por parte de residentes en España, prodúcese, un leve aumento da súa duración media en Galicia que se sitúa en 4,09 días fronte a duración media de 4,28 días no conxunto de España (**cadro 4.5.6.**).

O gasto medio por persoa dos residentes en Galicia cando realizan viaxes por motivos culturais aumenta en 2023 situándose nos 548 euros por persoa, o que supón 120,3 euros máis que no ano anterior, na mesma liña, tamén se incrementa o gasto diario dos residentes galegos en 3,7 euros, acadando os 134 euros.

No ano 2023, o gasto medio por persoa en turismo cultural dos residentes no conxunto do Estado foi superior ao realizado polos galegos. Dunha banda, o gasto medio en viaxes culturais foi de 607,9 euros por persoa, o que supón 70,3 euros máis que no ano anterior, aumentando así mesmo o seu gasto diario ata os 142,2 euros (131,4 euros no ano 2022). Se se considera tan só o seu gasto na C.A. galega, o gasto medio diario sitúase en 99,3 euros, 7,8 euros máis que no ano anterior.

Dominios culturais

Entendemos como magnitudes sectoriais concretas dos dominios culturais os bens de interese cultural, a acti-

Gasto nas viaxes por motivos culturais 2020-23

Residentes en Galicia

		Viaxes por destino			Turismo cultural		
		Total	Estranxeiro	Galicia	Total	Estranxeiro	Galicia
Gasto total							
2020	*(en miles de euros)*	813.237,1	154.665,3	375.730,6	64.267,6		
2021		1.391.688,9	281.323,2	595.914,6	146.661,2	64.736,1	17.973,1
2022		2.272.438,4	578.498,8	638.465,7	323.356,5	149.111,6	32.746,1
2023		2.557.124,9	800.974,6	716.329,4	393.070,1	224.970,9	27.226,9
Gasto medio por persoa							
2020	*(en euros)*	168,60	564,80	98,60	462,20		
2021		186,90	678,80	103,20	409,00	599,90	192,90
2022		260,30	753,30	110,80	427,70	556,50	174,00
2023		277,50	862,80	120,50	548,00	784,40	187,80
Gasto medio diario por persoa							
2020	*(en euros)*	38,90	105,80	24,50	117,00		
2021		54,80	89,10	37,40	110,80	119,50	85,40
2022		71,70	127,40	39,70	130,30	144,30	81,90
2023		79,00	144,90	43,40	134,00	168,90	69,40

Residentes nacionais

		Viaxes por destino			Turismo cultural		
		Total	Estranxeiro	Galicia	Total	Estranxeiro	Galicia
Gasto total							
2020	*(en miles de euros)*	21.135.056,8	3.576.611,4	1.091.586,3	1.921.801,0	790.193,3	110.081,3
2021		32.520.685,2	5.411.731,3	1.714.724,6	3.551.499,0	1.195.432,6	228.733,1
2022		50.292.009,7	14.860.148,6	2.337.966,9	8.832.443,8	4.962.392,2	334.910,8
2023		58.750.025,7	19.051.663,1	2.545.717,7	10.777.107,2	6.357.329,1	331.090,0
Gasto medio por persona							
2020	*(en euros)*	208,20	704,80	203,70	404,40	707,20	446,90
2021		227,60	751,00	206,00	414,20	736,50	484,30
2022		293,40	921,00	247,40	537,60	923,20	447,00
2023		316,00	987,60	258,90	607,90	1.029,00	463,40
Gasto medio diario por persoa							
2020	*(en euros)*	42,80	83,70	34,50	105,10	145,90	71,10
2021		51,90	78,60	48,80	107,80	137,10	89,70
2022		67,40	108,00	56,30	131,40	157,40	91,50
2023		73,20	120,20	58,40	142,20	172,40	99,30

Fonte: INE, *Encuesta de turismo de residentes*

4.5.7.

vidade da edición de libros e publicacións periódicas, as artes escénicas e musicais e, finalmente, os medios audiovisuais e interactivos.

- **Bens de interese cultural**

A Lei de patrimonio cultural de Galicia integra como parte do patrimonio cultural de Galicia a todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Os máis sobranceiros son recoñecidos como Bens de Interese Cultural (BIC), que se clasifican en bens mobles ou bens inmobles. Os bens inmobles poderán selo de forma individual ou ben como colección, e a súa declaración atenderá ás seguintes clases: monumento, conxunto e sitio histórico, xardín histórico e zona arqueolóxica.

Segundo a base de datos de patrimonio do Ministerio de Cultura y Deporte, que presenta información sobre os bens mobles e inmobles inscritos como Bens de In-

Bens mobles e inmobles inscritos como Bens de Interese Cultural (BIC) en Galicia e España 2021-22

	2022		2021	
	Galicia	España	Galicia	España
Bens Interese Cultural (BIC)	4.906	40.173	4.900	39.177
Bens inmobles	772	17.819	791	17.693
Monumento	674	13.980	643	13.842
Xardín Histórico	6	86	7	85
Conxunto histórico	50	984	50	985
Sitio histórico	20	451	71	484
Zona arqueolóxica	22	2.318	20	2.297
Bens mobles	4.134	22.354	4.109	21.484

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *CULTURABase*

4.5.8.

terese Cultural (BIC), no ano 2022, último dato dispoñible, o conxunto de bens inmobles inscritos ascendeu en Galicia a 772, 19 menos que no ano anterior. Como se amosa no **cadro 4.5.8.**, a súa meirande parte corresponden coa categoría de monumentos, con 674, o 87,3% do total, seguidos dos conxuntos históricos, que representan o 6,5% (50); as zonas arqueolóxicas, con 22 (2,8%); os sitios históricos con 20 (2,6%); e os xardíns históricos, cos 6 restantes (0,8%).

O número de bens mobles inscritos en Galicia no ano 2022 aumenta ata os 4.134 bens, (0,6% máis que no ano anterior), o que representa o 18,5% do total estatal.

• Artes escénicas e musicais

Os **cadros 4.5.9.** e **4.5.10.** mostran os principais indicadores das artes escénicas e musicais en Galicia e España. No ano 2022 mantense o mesmo número de editores en Galicia (3), fronte á perda de case o 30% do total de editores no conxunto do Estado. O número de obras musicais inscritas no *International Standar Music Number* (ISMN), redúcese de xeito moi notable, tanto en Galicia como a nivel estatal, aínda que aumentan o número de obras musicais inscritas en galego, que pasa das catro obras en 2021 a seis en 2022.

A pesar do forte descenso rexistrado no número de obras musicais, en 2022 aumenta o numero de espazos escénicos e o número de salas de concerto, pasando de 96 a 97 os espazos escénicos e de 62 a 64 as salas de concertos. Asemade, rexístrase un festival de teatro máis que no ano anterior, e mantense o número de festivais de danza, contando Galicia con 255 compañías de teatro (tres máis que no ano anterior) e con 81 compañías de danza, unha menos que en 2021.

No ano 2022 continúa a recuperación no número de representacións (**cadro 4.5.10.**), no número de espectadores e por tanto da recadación. En termos globais, as representacións aumentaron 20,7 %, o número de espectadores medrou nun 38,2%, incrementándose por riba do 37% a recadación.

En termos absolutos, en 2022 representáronse 6.342

Artes escénicas e musicais en Galicia e España 2021-22

	2022		2021	
	Galicia	España	Galicia	España
Obras musicais				
Editores	3	55	3	78
Obras inscritas (1)	12	415	22	2.554
en galego	6		4	
Espazos escénicos				
Número	97	1.756	96	1.748
Espazos/100.000 habitantes	3,6	3,7	3,6	3,7
Salas concertos				
Salas	64	1.300	62	1.290
Salas/100.000 habitantes	2,4	2,7	2,3	2,7
Compañías				
Teatro	255	4.590	252	4.500
Danza	81	943	82	932
Festivais				
Teatro	56	823	55	810
Danza	21	388	21	390

(1) Inscritas no ISMN

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.9.

Espectadores e recadación nas artes escénicas en Galicia e España 2021-22

		2022		2021	
		Galicia	España	Galicia	España
Representacións		6.342	154.005	5.252	111.661
obras teatrais		1.481	40.906	1.198	34.548
xénero lírico		13	722	9	527
danza		51	1.815	42	1.534
concertos música clásica		958	12.614	804	10.370
concertos música popular		3.839	97.948	3.199	64.682
Espectadores					
obras teatrais		174	6.679	126	5.143
xénero lírico	*(en miles)*	5	248	3	177
danza		16	509	13	410
concertos música clásica		147	2.731	89	1.587
concertos música popular		779	19.081	580	10.595
Recadación					
obras teatrais		2.330	130.638	1.520	95.202
xénero lírico	*(en miles de euros)*	66	10.291	42	6.816
danza		120	6.616	92	4.977
concertos música clásica		884	30.065	538	16.807
concertos música popular		9.355	228.327	7.071	116.641
Gasto medio espectador					
obras teatrais		13,4	19,6	12,1	18,5
xénero lírico	*(euros)*	13,2	41,5	12,3	38,6
danza		7,4	13,0	7,0	12,1
concertos música clásica		6,0	11,0	6,1	10,6
concertos música popular		12,0	12,0	12,2	11,0

(1) inclúe concertos de música clásica e concertos de música popular

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.10.

obras (1.090 máis que no ano anterior) ás que asistiron 1.121.000 persoas (310.000 máis que en 2021), o que supón o 4,1% e 3,8% do total estatal, respectivamente. A recadación aumenta ata os 12,7 millóns de euros, 3,5 millóns de euros máis que no ano precedente, o que supón o 3,1% do total en España. ❑